



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura  
Serie Pleno  
Número 128

**Sesión plenaria**  
**13 de xuño de 2023**

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



# ORDE DO DÍA

---

## Punto 1. Texto lexislativo

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral (doc. núm. 52026, 11/PPLC-000007)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

## Punto 2. Comparecencia

### 2.1 54105 (11/CPP-000129)

Da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre a campaña de verán 2023 *O verán que sempre vas lembrar*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

## Punto 3. Mocións

### 3.1 54001 (11/MOC-000160)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Otero Lago, Noelia**

Sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 50311, publicada no BOPG núm. 461, do 1 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

### 3.2 54008 (11/MOC-000161)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio**

Sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 51154, publicada no BOPG núm. 467, do 15 de marzo de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

### 3.3 54014 (11/MOC-000162)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Ortega Otero, Marina**

Sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 33049, publicada no BOPG núm. 303, do 5 de abril de 2022, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023



**3.4 54015 (11/MOC-000163)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís**

Sobre o abandono de explotacións agrarias. (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 49972, publicada no BOPG núm. 458, do 22 de febreiro de 2023, e debatida na sesión plenaria do 30 de maio de 2023)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

**Punto 4. Proposicións non de lei****4.1 50866 (11/PNP-004204)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Caballero Miguez, Gonzalo**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia recibidos do Estado

Publicación da iniciativa, BOPG nº 465, do 08.03.2023

**4.2 53040 (11/PNP-004393)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta

Publicación da iniciativa, BOPG nº 489, do 03.05.2023

**4.3 53348 (11/PNP-004423)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fragilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen

Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

**4 5 3363 (11/PNP-004425)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de loita contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 492, do 10.05.2023

**4.5 53572 (11/PNP-004446)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Freire Vázquez, María Begoña e seis deputados/as máis**

Sobre a demanda que debe realizar a Xunta de Galicia ao Goberno de España para que desenvolva as negociacións oportunas dirixidas a acadar un pacto nacional pola vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023



**4.6 53591 (11/PNP-004448)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaoto deputados/as máis**

Sobre a resolución que debe adoptar o Parlamento de Galicia en relación co uso de vehículos oficiais na Deputación de Ourense

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 494, do 16.05.2023

**Punto 5. Interpelacións****5.1 37443 (11/INT-001929)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en materia de prevención de incendios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 353, do 01.08.2022

**5.2 46669 (11/INT-002259)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e dous deputados/as máis**

Sobre o Servizo de Axuda no Fogar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 438, do 19.01.2023

**5.3 53530 (11/INT-002579)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Seco García, Martín e Rodríguez Dacosta, María del Carmen**

Sobre as axudas para os investimentos en transformación e comercialización de produtos agrarios

Publicación da iniciativa, BOPG nº 494, do 16.05.2023

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****6.1 54079 (11/POPX-000109)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a valoración que fai do impacto das políticas do Goberno central en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

**6.2 54088 (11/POPX-000110)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana**

Sobre a valoración da utilidade do seu goberno á hora de defender os intereses de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023



## Punto 7.Preguntas ao Goberno

### 7.1 54062 (11/PUP-000340)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña**

Sobre os compromisos adquiridos pola Xunta de Galicia con cada unha das empresas interesadas nos fondos Next Generation-EU

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

### 7.2 54089 (11/PUP-000341)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da convocatoria de eleccións xerais o próximo 23 de xullo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

### 7.3 52958 (11/POP-008157)

**Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

**Balseiro Orol, José Manuel e seis deputados/as máis**

Sobre a negativa do Goberno de España a tramitar a obra de reconstrución dos viadutos do Castro, na A-6, pola vía de emerxencia e de xeito simultáneo en ambos os sentidos de circulación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 486, do 26.04.2023

### 7.4 51766 (11/POP-008006)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para protexer o conxunto muralístico de Urbano Lugrís do edificio en ruínas da rúa Olmos, da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 474, do 29.03.2023

### 7.5 53676 (11/POP-008240)

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Fernández Alfonso, Ramón e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para restaurar e poñer en valor o conxunto patrimonial formado polo cruceiro, a fonte e a ermida de Santa Margarida do Val, no concello de Narón

Publicación da iniciativa, BOPG nº 496, do 24.05.2023

### 7.6 51398 (11/POP-007948)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Díaz Varela, Noa Susana e tres deputados/as máis**

Sobre a creación de centros 24 horas de atención integral a vítimas de violencia sexual en toda Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 471, do 22.03.2023



**7.7 54059 (11/PUP-000339)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla**

Sobre as consideracións da Xunta de Galicia respecto do impulso dunha mellora na protección das mulleres en situación de violencia machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 502, do 07.06.2023

**7.8 49690 (11/POP-007657)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e seis deputados/as máis**

Sobre as iniciativas que está a impulsar a Xunta de Galicia co obxecto de facer fronte ao déficit de médicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 22.02.2023

**7.9 52295 (11/POP-008078)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e dous deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para dotar dun servizo de pediatría de calidade os centros sanitarios de Verín e da comarca de Monterrei

Publicación da iniciativa, BOPG nº 480, do 12.04.2023



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

*Antes de entrar na orde do día, o señor presidente informa das inasistencias xustificadas á sesión e das delegacións de voto. (Páx. 11.)*

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Presentación da proposición de lei: Sr. Bará Torres. (Páx. 11.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sra. Otero Rodríguez (S) (Páx. 15.) e Sr. Pazos Couñago (P) (Páx. 18.)*

*Rolda de réplica: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 21.)*

### ***Votación da toma en consideración da proposición de lei***

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso das funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral: rexeitada por 31 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención. (Páx. 24.)*

**Comparecencia da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre a campaña de verán 2023 *O verán que sempre vas lembrar*. (Punto segundo da orde do día.)**

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 24.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sra. Otero Lago (S) (Páx. 30.), Sr. Ríos Santomé (BNG) (Páx. 33.) e Sra. Arias Rodríguez (P) (Páx. 36.)*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez). (Páx. 39.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 41.) Nesta rolda interveñen a señora Otero Lago (S) (Páx. 41.), o señor Ríos Santomé (BNG) (Páx. 43.), a señora Arias Rodríguez (P) (Páx. 45.) e a señora conselleira de Política Social e Xuventude (García Martínez) (Páx. 47.)*



**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 49.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Otero Lago (S).* (Páx. 50.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lourenzo Sobral (BNG)* (Páx. 53.) e *Sra. Díaz Moureira (P).* (Páx. 56.)

*Nova intervención da señora Otero Lago (S).* (Páx. 59.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 60.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado quintela (S).* (Páx. 61.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pérez Fernández (BNG)* (Páx. 64.) e *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 67.)

*O señor Torrado quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 71.)

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 73.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 77.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *e Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 81.)

*A señora Ortega Otero (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 83.)

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotacións agrarias.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 86.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 87.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 90.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Armada Pérez (P)* (Páx. 91.)

*O señor Rivas Cruz (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 96.)





### ***Votación das mocións***

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ninguhna abstención.* (Páx. 97.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ninguhna abstención.* (Páx. 98.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ninguhna abstención.* (Páx. 98.)

Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotación agrarias: *aprobado por 58 votos a favor, ningún en contra e 13 abstencións.* (Páx. 99.)

Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotación agrarias: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ninguhna abstención.* (Páx. 99.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 100.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 100.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 103.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Sanz Arias (P).* (Páx. 106.)

*A señora Rodríguez Rumbo (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 110.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta.** (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 113.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rey (S)* (Páx. 117.) *e Sr. Pazos Couñago (P)* (Páx. 120.)

*Nova intervención do señor Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG).* (Páx. 123.)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fragilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 125.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 126.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 129.)

Intervención do grupo parlamentario non emendante: *Sra. Carreira Pazos (BNG).* (Páx. 133.)

*A señora Amigo Díaz (P) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 135.)*

*Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno don Pablo Arangüena, deputado do Grupo Parlamentario Socialista.

Sen máis, entramos na orde do día. Punto 1, texto lexislativo.

**Debate de toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral**

**O señor PRESIDENTE:** Para a presentación da proposición de lei ten a palabra o señor Bará, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

Esta proposición de lei, que é unha lei orgánica de traspaso das competencias en materia de ordenación e xestión do litoral —dos servizos e das funcións do litoral— xustifícase, entendemos, por moitas razóns, que se poden resumir en tres.

A primeira é tal vez a máis evidente. É a importancia de que Galiza conte coas máximas competencias en materia de ordenación e xestión do litoral e da costa e do mar en xeral, moito máis alá mesmo das competencias do litoral. Unhas competencias que, por certo, xa teñen outras comunidades como Andalucía, como Cataluña, como Canarias e como Baleares e que Galiza non ten. E isto é así. Galiza debe ter estas competencias, porque o noso mar e a nosa costa non se poden gobernar desde un despacho de Madrid a seiscentos quilómetros de distancia e ademais cunha visión centralista, cunha visión e cun enfoque mesetario e predominantemente mediterráneo.

A segunda razón pola que presentamos esta proposición é pola incapacidade da Xunta para acadar esta competencia despois de catorce anos gobernando este país. O que facemos, no fin de contas, o BNG é o que debería facer e non fixo o Goberno ao longo destes catorce anos. (*Aplausos.*)

A terceira razón é que, máis alá destas competencias, debemos desenvolver unha auténtica axenda de impulso e desenvolvemento do autogoberno para facerlle fronte a unha situación de emerxencia social, económica e ambiental, para desenvolver todas as capacidades e todo o potencial que ten Galiza e para facerlles fronte aos grandes retos de futuro que ten o noso país.



En definitiva, fronte a un territorio en pequeno, fronte a esa rexión bonsai que quere este Partido Popular liliputiano; que vostedes son un partido, con todos os respectos, liliputiano en materia de autogoberno. Noutros ámbitos xa sabemos que son vostedes un auténtico Goliat, un auténtico *tyrannosaurus rex* ou *regina*. Fronte a iso, no BNG imaxinamos e imos construír unha Galiza en grande; unha Galiza viva, forte, xusta e de futuro.

Vaiamos por partes. Sobre a primeira cuestión, a importancia de que Galiza conte coas competencias en materia de ordenación e xestión do litoral... Penso que está fóra de dúbida a relevancia económica, social, cultural e ambiental que ten a nosa costa. Voulle dar algúns datos que eu creo que son indiscutibles.

O primeiro é que Galiza ten máis de dous mil quiñentos quilómetros de costa; é a nación do Estado que ten máis territorio, máis quilómetros de costa. Nesa zona costeira, que é o quince por cento do territorio, viven ao redor dun millón e medio de persoas. Galiza é unha grande potencia pesqueira non só no Estado e non só en Europa, senón no mundo.

Fíxense, a pesca e as actividades de transformación da cadea mar-industria alimentaria mobilizan arredor de oito mil oitocentos millóns de euros. En termos do emprego, este sector xera máis de corenta mil empregos directos, que é o cincuenta por cento do emprego marítimo-costeiro en todo o Estado e nada máis e nada menos que o dez por cento —o dez por cento— de todo o emprego neste ámbito en toda a Unión Europea.

É dicir, que somos unha auténtica potencia mundial en materia pesqueira e de toda a cadea de valor. Galiza é a décima exportadora mundial de produtos pesqueiros, por diante de países como Xapón ou como Islandia. ¡Nada máis e nada menos!

A realidade é que o noso litoral e a nosa costa teñen unhas características absolutamente diferentes do resto da costa da Península Ibérica, sobre todo da do Estado español, e fundamentalmente da costa mediterránea. Temos unha costa e un mar diferente e resulta que temos unha normativa absolutamente uniforme, que trata igual realidades que son diferentes.

É un absoluto contrasentido. É indubidábel que non se poden resolver desta maneira os nosos problemas; que necesitamos instrumentos lexislativos e capacidade de xestión e de goberno en todos estes ámbitos, para romper con ese deseño centralista, Madrid-centrista e eurocéntrico.

É certo que non imos resolver todos os problemas con una transferencia coma esta, pero podemos comezar a resolver algúns problemas cunha norma que teña en conta a realidade galega e que nos permita asumir todas as competencias que teñen relación co mar. Xa digo, non só as que teñen que ver coa ordenación e xestión do litoral; tamén as que teñen que ver con salvamento marítimo e loita contra a contaminación, con inspección pesqueira, con seguridade a bordo das embarcacións, co Instituto Social da Mariña, cos portos de interese xeral ou cos centros de investigación. Materias por certo, sobre as que xa adoptamos aquí numerosos acordos.

Para que o noso mar non se governe nun despacho de Madrid, o BNG presenta esta proposición de lei orgánica de transferencia de traspaso das competencias.



Ademais do propio valor que ten, das competencias que supón traspasar, é un instrumento imprescindible para que a Lei de ordenación e xestión integrada do litoral, á que vostedes lle queren dar unha tramitación absolutamente fugaz e exprés, non fiquen en papel mollado. A realidade é que esa lei do litoral será unha declaración de intencións e unha casca baleira sen as competencias das que pedimos o traspaso; é dicir, sen os medios humanos e materiais, sen os expedientes para poder tramitar e sen a capacidade de levar a cabo plans de ordenación, proxectos e infraestruturas.

¿E que pasa aquí? Que o Goberno do Partido Popular é como os malos estudantes: quere estudar nas últimas horas e nos últimos minutos todo o que non estudou ao longo de todo o curso ou, mellor dito, o que non fixo ao longo de catorce anos. ¡Catorce anos son moitos anos! Tiveron tempo dabondo para poder levar a cabo todas estas cuestións.

Está claro que vostedes están nas últimas, están en descomposición, están en desbandada, con mostras evidentes de cansazo, de nerviosismo e de improvisación. Entráronlles as présas a última hora. ¡Pero, ollo, é importante! Non foi por defender o litoral; entráronlles as présas por puro oportunismo, por puro interese electoralista e por pura confrontación co Goberno central. E tamén é certo que a estas alturas non sabemos quen son máis centralistas, se os da banda de Laíño ou os da banda de Lestrove.

Miren, se fixesen a tramitación desta norma por defender o litoral e por defender os intereses económicos e sociais en xogo, por exemplo pedirían vostedes o ditame do Consello Económico e Social na tramitación desta lei, que non pediron. Fágolles unha pregunta: ¿por que ningunean e desprezan desta maneira o Consello Económico e Social?

A proposición de lei que traemos hoxe ao debate contempla a asunción por parte da Administración galega das competencias en materia de ordenación e xestión do litoral. Prevé a transferencia dos servizos e dos medios humanos, materiais e financeiros necesarios, que deberán ser acordados —loxicamente— na Comisión Mixta de Transferencias. Remítome ao texto que teñen vostedes, que detalla todas estas materias.

Mais, ollo, a transferencia non significa facer trampas ao solitario. Non significa tampouco crear falsas expectativas. Porque vostedes parece que están dicindo que unha vez que Galiza teña as competencias en materia de autorizacións e concesións, van legalizar a oito catro mil construcións —fala vostede de catro mil construcións— e que van autorizar concesións vulnerando a lei; como fixeron con Ence, vulnerando o que di o Plan de ordenación do litoral.

Por suposto, consideramos que esta transferencia é perfectamente legal e viable, porque Galiza xa ten estas competencias, as de ordenación do territorio e do litoral, no Estatuto de autonomía e contamos ademais cun informe do Consultivo que avala que poida exercer estas competencias.

O BNG teno absolutamente claro. Queremos que Galiza conte coas máximas competencias en todo o relacionado co mar e co litoral e agardamos, por suposto, que os demais grupos tamén voten a favor da admisión a trámite. É do que se trata aquí; admitir a trámite esta



proposición de lei para que, en todo caso, sexa obxecto de debates, de melloras, da ampliación e dos cambios que se consideren oportunos no trámite parlamentario.

Mais recomendámoslles que, antes de votar aquí supostamente a favor da admisión a trámite, pregunten ás súas xefaturas en Madrid para non volver pasar a vergoña e o bochorno que tiveron que pasar na tramitación doutras normas coma estas, como foi o caso da AP-9 ou o traspaso das competencias en materia de tráfico. Neses casos vostedes, o Partido Popular de Galicia e o Partido Socialista de Galicia, votaron unha cousa aquí e vostedes, o Partido Popular e PSOE, votaron en contra en Madrid. ¡É que non ten nome o que fixeron vostedes!

E aí está a diferenza, tamén. Nisto está a diferenza. O BNG non ten donos en Madrid. O BNG non obedece a Madrid; o BNG obedece aos intereses de Galiza e do pobo galego. ¡Nada máis e nada menos! (*Aplausos.*)

O segundo obxectivo desta iniciativa é poñer fin á parálise, como dixemos, do autogoberno e quitarlle a máscara ao Partido Popular de Feixóo e de Rueda, que estiveron catorce anos sen dar pau á auga. ¡Catorce anos de absoluta parálise, de desidia, de desleixo, de desgana e de non defensa dos intereses do noso país!

E convén lembrar algúns antecedentes, porque vostedes teñen antecedentes; non antecedentes penais, de momento, senón antecedentes políticos, tranquilos. Aínda que, tal e como andan as cousas e co que está pasando na CRTVG e coa sentenza sobre o espolio eólico, non lles arrendo a ganancia. ¡Non lles arrendo a ganancia! ¡Paren xa coa manipulación, co abuso do poder e co maltrato e persecución do persoal da CRTVG! (*Aplausos.*) ¡Paren a desfeita eólica, logo desa avalancha de sentenzas que pon en cuestión o boom eólico depredador, pragado de irregularidades e de vulneración da lei; que llelo están dicindo os tribunais de xustiza, que llelo está dicindo o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza!

Xa sei que a vostedes non lles gusta facer memoria, son uns auténticos *derrogators* da memoria, mais precisamente por iso é importante facelo. A memoria dinos que o señor Rueda e o señor Feixóo foron e son os máximos inimigos públicos do autogoberno galego; que non conseguiron ningunha competencia en catorce anos e que teñen o récord de ser os únicos presidentes da historia de Galiza que non conseguiron nin un só traspaso de competencias. ¡Vaia balance e vaia legado do señor Rueda e do señor Feijóo! (*Aplausos.*)

En catorce anos non conseguiron ningunha nova competencia e isto chámase cunha palabra: «incompetencia». Incompetencia dos gobernos do Partido Popular, que estiveron ses-teando, que baixaron os brazos e que se puxeron de xeonllos diante do que ordenaban os seus xefes en Madrid.

Terceira e última razón e cuestión, a axenda de impulso e a ampliación do autogoberno. Miren, o Partido Popular está absolutamente incapacitado para levar a cabo calquera axenda de impulso do autogoberno; por estas razóns históricas que dixen e porque estamos asistindo ao final dun goberno zombi, dun goberno desnortado, dun goberno descabezado, dun goberno desorientado, sen pulso e sen impulso.





Falando do mar, son un barco á deriva ao que abandona a tripulación, en fuga para Madrid en desbandada. O último exemplo: a operación que podemos chamar «Salvar o soldado Conde», que parece que ese superman emigra, deixa o Goberno e marcha para Madrid non se sabe moi ben a que.

Cada vez é máis evidente que son vostedes o pasado, que o seu tempo xa pasou. Cada vez está máis claro que o noso país precisa un cambio de rumbo, que precisamos... (*Murmurios.*) Reláxense, señorías do Partido Popular; sei que están nerviosos e nerviosas pero escoiten, que escoitar é bo para a saúde, sobre todo para vostedes. Cada vez está máis claro que precisamos deixar atrás a resignación e idear novas metas colectivas trazadas con ilusión —que vemos que a vostedes lles falta ilusión— e con ambición de país.

Remato. Hoxe teñen unha oportunidade de dicirlle si ao autogoberno votando a favor da admisión a trámite desta proposición. Ollo, votando a favor aquí e tamén despois cando chegue ao Congreso. Será un paso adiante para defender que Galiza ordene e xestione o seu litoral e para negociar co apoio de todo o arco parlamentario o traspaso desta competencia.

O BNG, non teñan ningunha dúbida, vai poñer todo da súa parte para facelo realidade. Galiza vai ter máis forza propia a partir do 23 de xullo para defender os seus intereses e para que o noso país e o seu litoral se fagan respectar en Madrid. Para que, dunha vez por todas, gobernemos nós o noso mar e para que gobernemos nós a nosa terra. Farémolo a toda custa.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Bos días.

Vaia por diante que nós imos votar a favor da toma en consideración desta proposición de lei orgánica que hoxe presenta o BNG para presentar perante o Congreso dos Deputados para o traspaso de funcións e servizos da Administración xeral do Estado cara á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.

Facémolo porque cremos que este é o procedemento dotado da maior das seguridades xurídicas para este traspaso de funcións e servizos en materia de ordenación e de xestión do litoral. E porque cremos tamén —como dicía o señor Bará— que complementará e mellorará esa lei —non ese proxecto de lei— de ordenación do litoral que está agora mesmo en trámite nesta Cámara. Que presentou o Goberno galego, pero que as señorías do Partido Popular saben que tampouco con esa lei se sae adiante. Con esa lei só non se conseguirá ter as plenas competencias sobre a ordenación e xestión do litoral.

Dicía o señor Bará que antes de votar —referíndose tamén ao grupo do PSdG— tiñamos que consultar cos nosos compañeiros de Madrid... Nós non temos que consultar nada, por-



que o posicionamento do PSdG é moi claro; neste sentido non mudou nunca. Incluso cando tivemos responsabilidades de goberno na Xunta de Galicia, cando era presidente o señor Touriño, intentamos por todos os medios poder conseguir a transferencia destas competencias. Pero houbo outro partido, señorías do Partido Popular, que bloqueou a posibilidade de que Galicia, xa no ano 2007, contase con estas competencias das que hoxe estamos a falar.

Como dicía, nós imos votar a favor desta toma en consideración, porque —como dicía o señor Bará— con iso pódese abrir a posibilidade de melloralala, de estudala e de compartila entre todos os grupos parlamentarios.

Pero tamén o que queremos ver hoxe con esta proposición de lei orgánica é o que vota o Grupo Parlamentario Popular. Queremos ver se realmente teñen intención dende o Goberno galego e tamén dende o Grupo Parlamentario Popular de traballar a prol de conseguir esta transferencia de competencias ou se a única intencionalidade coa que levan traballando xa moitos meses dende o Goberno galego con ese proxecto de lei de ordenación e xestión integrada do litoral é buscar a confrontación co Goberno central. Polo tanto, hoxe tamén teñen unha posibilidade de demostrar se o único que buscan é esa confrontación co Goberno central ou se realmente buscan traballar entre todos para conseguir esa transferencia das competencias plenas sobre a ordenación do litoral votando a favor da toma en consideración desta proposición de lei orgánica que hoxe presenta o Bloque Nacionalista Galego.

Porque —como dicía— ese proxecto de lei que agora estamos a tramitar aquí no Parlamento de Galicia e que está na fase de presentar emendas ao articulado realmente, de chegar a aprobarse, non consegue que as competencias plenas estean aquí en Galicia. Vostedes, señorías do Partido Popular, ben o saben. Porque, miren, na propia valoración dalgunhas das alegacións presentadas a ese proxecto de Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia —nomeadamente esta alegación da que vou falar é dun concello do litoral— a Xunta de Galicia contesta: «Finalmente, en canto á afirmación relativa a que sen traspaso de competencias pouco se pode facer no litoral, esta Administración agarda que o traspaso poida ser efectivo trala aprobación da lei en virtude do principio de lealdade constitucional». Polo tanto, coa aprobación desa lei de ordenación do litoral que presentou o Goberno galego nesta Cámara non se conseguen as competencias en ordenación do litoral.

Nesta liña vai tamén o informe do Consello Consultivo, que di que para que as funcións de xestión poidan ser efectivamente exercidas pola Comunidade Autónoma resulta necesario o traspaso de medios e servizos por parte do Estado, algo que vai na liña da proposición de lei que presenta hoxe o Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, nós imos apoiar este debate de toma en consideración. Pero, claro, vendo como está a comportase a Xunta de Galicia e o Partido Popular hai que recordarlles que eles —como dicía o señor Bará— teñen antecedentes. Chegan moi tarde con esta petición de traspaso de competencias do litoral; chegan máis de catorce anos tarde. Agora todo son présas para sacar adiante este documento; pretenden que se saque adiante por un trámite exprés, limitando as reunións da ponencia para elaborar este documento.





Cómpre recordar que xa empezaron dunha forma moi rápida e moi exprés, sen intentar conseguir a participación da sociedade civil. Só cómpre recordar que a fase de exposición pública deste anteproxecto de lei foi en pleno mes de Nadal; empezou esa fase de exposición pública o 20 de decembro do ano pasado. Eu creo que iso non é darlle a oportunidade para que participe neste documento á sociedade civil.

É certo que a propia Xunta de Galicia é moi dada a enviar documentos e a poñer en fase de exposición pública determinados documentos de suma importancia para os galegos e galegas no mes de Nadal. Tamén cómpre recordar como actuou a propia conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, que remitiu en pleno mes de Nadal ese nefasto plan de transporte público de Galicia, dando só tres días hábiles aos concellos para que fixesen aportacións. En pleno mes de decembro mándalles aos concellos ese documento para que fagan suxestións e alegacións en pleno mes de Nadal, dando só tres días hábiles, co cal así despois tiñan a oportunidade de botarlles as culpas aos concellos de que non fixeron os deberes. Pois o mesmo fixeron con este anteproxecto de lei de ordenación do litoral.

Os gobernos de Núñez Feijóo, e tamén agora o actual Goberno de Rueda, nunca se preocuparon nin intentaron que o Goberno galego tivese máis competencias. Como dicía, en case catorce anos de gobernos do Partido Popular, cero competencias transferidas a Galicia. E agora éntranlles as présas negándose incluso a explorar outras posibilidades para conseguir as competencias plenas en materia de xestión e ordenación do litoral.

Dígoo porque cando se falaba da posibilidade da reformar o Estatuto de autonomía de Galicia para conseguir o mesmo teito competencial que teñen outras comunidades autónomas, o Partido Popular e a Xunta de Galicia nin falar da reforma do Estatuto. Cando se propoñía unha reforma puntual do Estatuto para este traspaso de competencias das que hoxe estamos a falar, a Xunta de Galicia e o Grupo Parlamentario Popular nin querían falar desa reforma do Estatuto. ¡É que lle teñen alerxia a falar de reformar o noso Estatuto de autonomía! Desbotan esas posibilidades de reformar o Estatuto e optan por presentar ese proxecto de lei de ordenación e xestión do litoral.

Pero aí tamén é coñecido o posicionamento do PSdG. Non entorpecemos en ningún momento este proxecto de lei, pero si que intentaremos melloralo —como non cabe dúbida— no trámite de emendas ao articulado no que nos atopamos.

Pero nós —como dicía— non mudamos nunca de posicionamento. Levamos anos reclamando esta transferencia de competencias e entendemos que a reclamación destas competencias por parte do Goberno galego debeu producirse hai xa moitos anos.

Eu lánzolle unha serie de preguntas ao Grupo Parlamentario Popular: ¿por que non aprobaron...? Máis ben dito, ¿por que non colaboraron co presidente Touriño, que tratou de incluír esta modificación na intentada reforma do Estatuto de autonomía do ano 2007? Estamos a falar de hai dezaseis anos. Mirade todo o que teríamos xa percorrido nesta transferencia de competencias se houbera vontade política por parte do Partido Popular. Bloquearon, señores do Partido Popular, esa reforma estatutaria. E tamén bloquearon unha proposición non de lei do ano 2009 deste grupo parlamentario que pedía dar os pasos necesarios para acadar



trinta novas competencias para Galicia, entre elas a xestión do dominio público marítimo terrestre e a ordenación de usos e actividades do litoral e o outorgamento de concesións e autorizacións para a utilización do dominio público marítimo-terrestre.

Ademais, sempre que outros grupos trouxeron a debate iniciativas a esta Cámara, nomeadamente o Bloque Nacionalista Galego, contaron co voto afirmativo do noso grupo parlamentario para sacar adiante esas iniciativas.

Polo tanto, o Partido Popular durante anos bloqueou a reforma do Estatuto. Opoñíase ás propostas deste grupo e tamén do grupo do Bloque Nacionalista Galego para dar os pasos para conseguir estas competencias.

Como repito, nós non mudamos de posicionamento. ¿Que fixo mudar o Partido Popular? ¿Por que mudaron de posicionamento? ¿Por que agora entran esas présas de sacar ese texto lexislativo dunha forma exprés?

Nós —como dicía— imos apoiar esta toma en consideración, porque nos parece que este procedemento está dotado de toda a seguridade xurídica. Ademais, abriría o debate para poder melloralo. É necesario para conseguir que esas competencias veñan para Galicia, porque con ese proxecto de lei de ordenación do litoral do Goberno galego non se conseguen esas competencias. Polo tanto, nós mantémonos sempre no mesmo lugar.

Eu tamén quero deixar aquí unhas pinceladas, porque despois dese legado do Partido Popular, dese legado do señor Núñez Feijóo, e despois de trece anos de goberno ininterrompido xa non é que non se conseguisen, senón que nin sequera se solicitou ningún traspaso de competencias. Poñámonos no suposto —que non se vai dar— de que Núñez Feijóo sexa o presidente do Goberno de España. Con eses antecedentes e con ese legado de non ser capaz de solicitar ningún traspaso de competencias, ¿cren realmente que vai a traspasar esas competencias a Galicia?

Polo tanto, nós non mudamos de posicionamento. Seguimos pedindo ese traspaso de competencias e veremos tamén co voto do Partido Popular se realmente o único que queren é seguir con esa confrontación co Goberno de Pedro Sánchez ou realmente queren conseguir o traspaso efectivo das competencias plenas de ordenación do noso litoral.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra o señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidente.

Permítame que comece sumándome ás felicitacións da oposición ao conselleiro Francisco Conde por incorporarse ao equipo do próximo presidente de España. *(Aplausos.)* Que o sabemos case todos, por moito que diga o contrario vostede —teño que dicirlllo, señora Otero— con moi pouca convicción. Ten que practicar un pouco máis de cara a tal.



E aclárolle ao señor Bará.... Señor Bará, ten vostede que distinguir entre cambiar de destino e fuxir. Cambiar de destino para mellorar España é o que vai facer o señor Conde. Fuxir é o que están facendo os seus socios; a señora Silva, o señor Besteiro e demais, buscando acubillo ante a debacle que se lles vén enriba e que a coñecemos absolutamente todos. *(Aplausos.)*

Vaime permitir que aclare este debate. Porque hoxe debatemos aquí sobre unha pirueta lexislativa que o que pretende é lavar a cara do BNG, aínda que sexa á custa de minusvalorar o autogoberno de Galicia.

Debatemos unha iniciativa que afirma unha cousa e a contraria. Afirma que a ordenación e xestión do litoral é unha competencia exclusiva de Galicia e ao mesmo tempo afirma que esa competencia é exclusiva do Goberno do Estado e que debe ser cedida a Galicia. Porque o novo nacionalismo galego, coa colaboración sempre do PSdeG, pretende convencer os galegos de que para exercer plenamente unha competencia que xa é autonómica, porque así está contemplada no noso Estatuto, temos que aprobar unha lei orgánica prevista no artigo 150 da Constitución española para —cito literalmente— «transferir y delegar en las comunidades autónomas facultades correspondientes a materias de titularidad estatal».

O que pretenden a señora Pontón e o señor Formoso é que Galicia pida permiso ao Estado para exercer as competencias que xa nos atribúe plenamente o Estatuto de Galicia. E eu preguntome, señor Bará, ¿quen é o que quere unha Galicia liliputiana?

E todo isto ademais preténdeno no contexto dunha lexislatura finiquitada e cun Goberno central de saída. Porque as présas por aprobar a nova lei, señor Bará, non son nosas; as présas veñen motivadas polas présas do señor Sánchez, que tivo que convocar a toda marcha unhas eleccións despois do fracaso das eleccións municipais e autonómicas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señorías, voulles dar unha noticia que parece que descoñecen. A lei que vai desenvolver plenamente as competencias sobre o litoral galego que contempla o noso Estatuto xa foi aprobada polo Consello da Xunta e xa está a ser tramitada polo Parlamento de Galicia. E todo isto cunha maioría e cun Goberno do Partido Popular de Galicia. ¡Do Partido Popular de Galicia, señorías! *(Aplausos.)* Unha lei que foi amplisimamente consensuada coa sociedade civil.

Temos aquí unha lista das consultas que se fixeron: aos consellos litorais galegos, á Asociación para a Defensa do Patrimonio Cultural Galego, representantes da cadea mar-industria, Consello Galego de Pesca, Consello Galego de Medio Ambiente, órganos da Administración xeral afectados, concellos costeiros, confrarías de pescadores, entidades medioambientais e deportivas afectadas, organizacións empresariais e multitude de expertos nacionais e internacionais, que fixeron xa as súas achegas ao texto que se está a tramitar nesta Cámara.

Unha lei que non foi obxecto de emendas á totalidade. E aquí aproveito para agradecérllelo explicitamente, porque é unha boa lei e vostedes sábeno. Por iso non fixeron emendas á totalidade.



Unha lei que pode ser enriquecida no trámite parlamentario e nós tendemos a man para isto. Dinme que queremos un trámite exprés. Levo uns cuantos días ofrecéndolles unha xuntanza e desde aquí ofrézollas as que queiran desde xa. E aínda non conseguín xuntarme con vostedes, señorías. Eu pídolles que se queren falar con nós, fágano xa. Os nosos despachos están abertos, os nosos teléfonos están abertos, a nosa man está tendida. Veñan vostedes plantexar o que consideren cando queiran.

E, por último, unha lei que vai fixar as exixencias de Galicia fronte ao novo Goberno, sen confrontación. Non é unha lei que busque confrontación; o que busca é fixar o posicionamento de Galicia fronte ao novo goberno, sexa da cor que sexa. E por iso debe ser aprobada antes de que se constituía ese novo Goberno, porque é a posición de Galicia fronte a calquera goberno que saia das próximas eleccións.

Certo que esa lei necesita de medios para desprezar plenamente a súa eficacia. Galicia vai reclamar o traspaso deses medios exactamente nos mesmos termos en que foron cedidas a outras comunidades autónomas. Porque, señorías, Galicia non pide privilexios, pero tam pouco acepta discriminacións.

A proposta do BNG, a lei quen hoxe nos traen, é inxusta, é innecesaria e é ilegal. É inxusta porque propón un trámite que non necesitaron outras comunidades autónomas. ¿Que pasaría se existise un bloqueo parlamentario ou se se adiaase o debate desa lei?

En segundo lugar, é innecesaria porque para os efectos que persegue bastaría a aprobación dun real decreto de transferencia. Por certo, como acaban de facer con Canarias dende o Goberno central. ¿Por que Galicia é de peor condición que Canarias, señor Bará? Nós pódolle asegurar que exixiremos esa cesión material de todos os medios asociados a esta lei ao próximo goberno, sexa cal sexa. Non sei se os membros dos partidos aquí representados poden dicir exactamente o mesmo. Eu garántolle que este partido vaino facer.

E, en último lugar, é ilegal, porque a lei orgánica que prevé o 152 da Constitución non pode utilizarse para o traspaso de medios para o exercicio dunha competencia autonómica. Non pode. Contempla só o traspaso de medios asociados a materias de titularidade estatal. Señor Bará, vostede mesmo o recoñece na súa iniciativa. Xa temos a competencia. O que fai a lei que trae o Partido Popular a esta Cámara é desenvolver lexislativamente esa competencia. Pero xa está recoñecida no propio Estatuto de Galicia. Polo tanto, non se pode utilizar un instrumento que está previsto só para a cesión de competencias de exclusiva titularidade estatal, que non é o caso.

A única razón para esta iniciativa é tentar enganar os galegos, facéndolles crer que o BNG é a locomotora desta reivindicación, cando o certo é que subiu a este tren cando xa partira da estación. E fíxoo en primeiro lugar co seu apoio incondicional a un Goberno abertamente hostil co litoral galego, como demostrou coa tramitación do Regulamento de costas, coa Lei de cambio climático que vostedes puntualmente criticaron, ás veces coa boca pequena, a maioría delas coa boca pechada. Porque hoxe veu aquí dicirnos o señor Bará que o BNG non ten dono. Home, dono non terá, ¡pero levan vostedes moito tempo exercendo de pagafantas oficial do Goberno do señor Sánchez, para desgraza de Galicia e para o único beneficio do BNG! (Aplausos.)



O certo é que toda esa lexislación que aprobaron vostedes en Madrid puxo en risco toda pegada humana no litoral galego. Teño que dicilo. No caso do BNG, pola súa obsesiva persecución a Ence. Que dixo vostede aquí que se cumpría a lei. ¿Vostede non leu as sentenzas? ¡Que foi rexeitado o seu posicionamento polos tribunais, señor Bará! É que non pode ser que a xustiza faga xustiza cando lle dá a razón a vostede e, cando non, sexa unha especie de institución vendida ao mellor postor. É unha falla de respecto institucional absoluta que non lle podemos tolerar.

En segundo lugar, utilizaron como panca a ameaza do Goberno á cadea mar-industria, para tentar forzar a reforma do Estatuto de Galicia. Unha imposición, unha reforma que nos quería imponer o señor Sánchez como condición para obter o que xa nos correspondía co actual Estatuto. Pero, como sempre, PSOE e BNG puxeron os seus intereses por riba do interese de Galicia. Esta competencia, señora Otero, vaina desenvolver Galicia e vaina desenvolver con este Estatuto.

Por certo, creo que vostede ten que repasar un pouco a historia deste Parlamento. A proposta de novo estatuto do señor Touriño non a bloqueou este partido; ¡bloqueárona os seus socios! Porque vostedes e vostedes foron incapaces de presentar aquí un texto consensuado que fose bo para Galicia. E por iso... ¡Se non se puxeron de acordo entre vostedes e veñen pedirlle aquiescencia ao Partido Popular! Nós dixemos que este estatuto debe ser desenvolvido plenamente e que calquera que o substitúa ten que ter igual consenso ou maior que o anterior. E vostedes non son capaces de falarse nesa reforma que levan pedindo dende hai quince anos e non son capaces de poñerse de acordo entre vostedes. Non veña vostede botarlle a culpa a un partido do que é a incapacidade absoluta para acordar cousas serias entre BNG e PSdeG, que iso é o que aconteceu en Galicia.

E, por último, a última destas humillacións foi a de agora. Plantexando unha especie de espantallo lexislativo que humilla novamente a Galicia. Eu fágome unha pregunta, que é sinxela: ¿por que temos os galegos que mendigar en Madrid unha nova lei para facer que en Galicia se cumpra a vixente lei? ¿Pódemo explicar, señor Bará? Porque iso non o explicaron vostedes aínda.

Eu o que insto a nacionalistas e a socialistas é a deixar de enredar e a sumarse á Lei do litoral de Galicia que xa conta co aval da Galicia costeira, da cadea mar-industria e dos expertos, que conta con todos os informes necesarios e que é un exemplo de como apartar as siglas para facer unha auténtica lei de país.

O que teñen que facer para este fin é o BNG asumir que chega tarde e rectificar, sumarse ao traballo feito en lugar de apuntarse tantos que, sinceramente, non lle corresponden. E o PSdeG, se non é moito pedir, abandonar esa calculada ambigüidade que lle permite dicir unha cousa e a contraria sobre este tema. ¿De que PSdeG temos que fiarnos, do que afirma que vai apoiar a lei ou do que aseguraba que é ilegal? Non sei de cal dos dous nos temos que fiar.

Vostedes presentan por Lugo un novo cabeza de lista como deputado, o señor Besteiro. Ese que promete defender Galicia, agora que é candidato, pero que hai uns días dicía que el es-





taba para defender o que dicía o Goberno. ¿Vostedes a que Besteiro presentan, o suposto defensor de Galicia ou o efectivo paladín do Goberno de Sánchez que veu aquí abusar totalmente das súas prerrogativas para ameazar Galicia dicindo que a nosa lei era ilegal sen tan sequera lela? ¿A cal deses dous Besteiro presentan ás eleccións? Sería bo que todos o coñecemos, porque os galegos teñen dereito a saber a quen votan.

Afortunadamente tamén saben os galegos que teñen outra alternativa...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...unha que sempre defendeu, defende e defenderá o seu litoral. Chámase Partido Popular de Galicia e, por certo, en Lugo presenta un excelente candidato a deputado. Sei que vai contar co seu apoio, como contou ao longo de todo este tempo cada vez que foi necesario o seu apoio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

Grupo parlamentario autor da proposición de lei, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** O portavoz do Partido Popular dinos que é unha mellora deixar de ser vicepresidente primeiro da Xunta de Galiza para ser deputado no Congreso polo Partido Popular. (*Aplausos.*) Manda truco, ¡que mellora! Están claras as prioridades para vostedes; están claras as prioridades e son «Madrid, Madrid, Madrid». Esas son as súas prioridades, señor Pazos. (*Aplausos.*)

Vostede non entendeu absolutamente nada. Veu aquí soltar unha colección de disparates un tras outro. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E voullo explicar. Como vostede non o entendeu, voullo explicar.

Mire, para que lle quede claro. Unha cousa son as competencias en materia de ordenación do territorio e do litoral, que están recollidas no artigo 27 do Estatuto —diso non hai ningunha discusión—. E outra cousa son as competencias en materia de xestión, é dicir: os servizos e as funcións —a ver, para que lle quede claro—, os expedientes, o persoal, os edificios, os medios materiais, autorizacións e concesións no dominio público marítimo terrestre... Todo iso non é competencia recollida no Estatuto; esa competencia ten que transferirse e a esta competencia se refire esta proposición de lei da que vostedes van votar en contra, que van vetar. Vostedes opóñense a que teñamos estas competencias. (*Aplausos.*) A vostedes o que lles interesa exclusivamente é a confrontación.

Pero ademais é que o propio texto da Lei do litoral, que era de ordenación e agora é de xestión integrada tamén, precisamente para recoller isto, di que é necesaria esa transferencia. Di que non vale con ter só polo Estatuto as competencias en ordenación do territorio litoral; que necesitamos estas competencias. Entón o que nós pretendemos aquí é chegar a un grande acordo político neste Parlamento de todas as forzas políticas para dicirlle ao Goberno



central, sexa quen sexa a partir do 23 de xullo, que todos os grupos deste Parlamento apoian a transferencia desta cuestión, dos medios e das xestións. E vostedes van votar en contra deste acordo de país, porque están claras as súas prioridades.

Miren, ningunha sorpresa na súa intervención. Son vostedes absolutamente transparentes. Vostedes non poden impulsar ningunha axenda de transferencias, porque aos feitos nos remitimos. Vostedes foron persistentes na oposición ao autogoberno, no veto á transferencia de competencias durante catorce anos.

O señor Rueda, que está aquí en primeira fila, dixo no ano 2009: «Por culpa do Bipartito Galicia non ten nin policía autonómica nin competencias en materia de tráfico. Galicia non conta con competencias policiais propias, a diferenza do que acontece en Cataluña, País Vasco e mesmo Navarra. O Bipartito só conseguiu catorce traspasos en asuntos menores».

Señor Rueda, catorce traspasos e ¿sabe cantos conseguiron vostedes? ¡Cero, cero patatero! (*Aplausos.*) Ese é o balance do señor Feixóo e do señor Rueda, os principais inimigos letais para o autogoberno galego. Vostedes teñen un balance absolutamente patético e desastroso nesta materia. Non poden presumir de nada. Vostedes foron o obstáculo, precisamente.

Díxoo vostede claro, ademais. Vostede no ano 2017 foi á televisión galega, entrevistárono en directo e entón non puideron manipular o que dixo; non puideron recortalo. E dixo vostede literalmente: «O Goberno do PP decidiu que non se podían facer novas transferencias a Galicia.» Así de claro. O Goberno do Partido Popular do señor Rajoy decidiu que non se podían facer transferencias a Galiza.

Entón, ¿que podemos esperar de vostedes? Nada, vostedes non teñen ningunha credibilidade para falar de transferencias, porque vostedes foron os que vetaron as transferencias a este país durante catorce anos. (*Aplausos.*) Dise pronto, un tras outro: 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021, 2022 e 2023. Vostedes son os máximos responsables nesta materia, así que de vostedes non se pode agardar absolutamente nada. Credibilidade: cero. Credibilidade cero do Partido Popular en materia de transferencias.

Quen si pode falar disto, porque o impulsamos en numerosas ocasións aquí, aínda que despois vostedes votaron en Madrid no caso da AP-9 e no caso da transferencia de tráfico, é o BNG. (*Murmurios.*) (*Protestas.*) ¡É que é así!

A última vez xa vetaron aquí a transferencia de tráfico; o Partido Popular, neste Parlamento. Porque veu aquí a Garda Civil tocarlles o churrubío e dicirlles que «ollo coa Garda Civil», que non se podían meter coa Garda Civil. Entón, vostedes vetaron aquí a transferencia de tráfico, como vetaron tamén na Mesa do Congreso, non unha vez senón dúas, a transferencia da AP-9. Ou ¿que pensan, que olvidamos o que pasou? (*Aplauso*) A señora Pastor e o señor Rajoy vetárona.

Entón, de vostedes non imos esperar nada. Ninguén pode esperar nada neste país dun goberno do Partido Popular en Madrid, porque van facer o que xa fixeron aquí e o que xa fixeron en Madrid: vetar as transferencias.



Remato dicíndolles unha cousa: vostedes son un goberno desorientado, desnortado, paralizado, que está en fuxida para Madrid. Señor Rueda, xa mandou vostede para alá o seu vicepresidente... Fronte a esa desidia, fronte ao desnorte, fronte á parálise o BNG propón un cambio de rumbo. O BNG propón... Si, señora Prado, estea caladiña; escoite, que é bo para a saúde política e democrática deste Parlamento que escoiten o BNG, aínda que non lles guste.

Unha nova Galiza. O desenvolvemento de toda a capacidade, de todo o potencial de Galiza, que é inmenso. Somos un gran país e podemos chegar a onde nos propoñamos. Para iso precisamos poder político, capacidade de decisión sobre o mar e sobre a costa para coidar o territorio, para xerar riqueza e para mellorar, en definitiva, a vida das galegas e dos galegos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Gazas, señor Bará.

Rematado o debate deste texto lexislativo, procedemos á súa votación.

#### ***Votación do texto lexislativo***

*Votación da toma en consideración da Proposición de lei, para presentar perante o Congreso dos Deputados, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, orgánica de traspaso das funcións e servizos da Administración xeral do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de ordenación e xestión do litoral.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 40.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a toma en consideración desta proposición de lei.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos agora coa comparecencia, pero antes vou saudar os alumnos e alumnas de 4<sup>o</sup> da ESO do centro de Poio en Pontevedra, que creo que é o primeiro grupo que está agora aquí; despois virá o segundo grupo. Benvidos ao Parlamento e tamén os seus profesores.

#### **Comparecencia da conselleira de Política Social e Xuventude, por petición propia, para informar sobre a campaña de verán 2023 *O verán que sempre vas lembrar***

**O señor PRESIDENTE:** Ten a palabra a conselleira de Política Social e Xuventude, dona Fabiola García Martínez.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Deputados e deputadas, alumnos e profes do instituto de Poio, moi bos días a todos.





O próximo 21 de xuño milleiros de nenos de educación primaria e educación secundaria finalizarán as clases e comezarán as tan soñadas e ansiadas vacacións de verán. Por diante teñen oitenta e dous días, ata o 11 de setembro, nos que desfrutar da súa familia, desconectar dos libros de texto e tamén divertirse cos seus amigos.

O que é, sen dúbida, un motivo de alegría para todos eles representa tamén un reto de enormes dimensións para as súas familias. A nova rutina sen horarios faise difícil de combinar cos traballos e obrigacións habituais dos seus pais. Neste novo escenario, os pais teñen que facer encaixes moi axustados (chamadas a tíos, avós...) e o que parecía unha época de descanso remata por non selo de todo.

A conciliación familiar cobra durante esta época estival unha maior complexidade. Por iso, a Xunta de Galicia incrementa cada ano as alternativas para atender as necesidades de todos estes fogares.

A campaña de verán non é soamente unha oportunidade de ocio responsable e seguro para a xuventude, que tamén. A campaña de verán non é soamente un xeito de aprender novas disciplinas, de coñecer novas amizades e descubrir novos sitios de Galicia, que tamén. A campaña de Verán non é soamente unha oportunidade para crear emprego no ámbito do tempo libre que, por suposto, tamén. A campaña de Verán é todo isto, pero tamén é moito máis. É unha mensaxe clara e rotunda do Goberno galego a favor da conciliación durante todos os meses do ano.

Como ben sabe esta Cámara, a conciliación é unha das prioridades centrais do Goberno galego. Durante os últimos anos esta cuestión ocupou, ocupa e ocupará o centro das nosas políticas.

Impulsamos medidas pioneiras, firmes e valentes que situaron Galicia como a comunidade de España con máis facilidades para conciliar a vida persoal e a vida laboral. E non o digo eu; resáltao o barómetro realizado pola Fundación Mas Familia, que coñecemos este mesmo ano. Segundo este informe, Galicia mellorou as oportunidades de conciliación das familias dende o ano 2008, tanto no ámbito social como no ámbito empresarial. Señorías, estas melloras non son froito da casualidade. Débense a un traballo de anos; anos nos que a Xunta de Galicia fixo unha aposta clara polas familias e polos mozos.

Fixémolo no ano 2016 coa creación da tarxeta Benvida para apoiar os fogares con menos recursos na compra de produtos básicos tras o nacemento dun bebé. Neste tempo, concedemos noventa e dúas mil cincocentas tarxetas e destinamos máis de cento noventa e seis millóns de euros.

Fixémolo coa gratuidade de todas as escolas infantís da nosa comunidade, independentemente da súa titularidade. Unha medida histórica que nos sitúa como a gran referencia estatal que facilita a conciliación todos os meses do ano ás familias con nenos de cero a tres anos. É unha medida á que destinamos máis de cincuenta e cinco millóns de euros cada ano, un investimento que contrasta cos cero euros que aporta o Goberno central.



Fixémolo impulsando recursos de conciliación no rural, onde nunca antes houbera un servizo desta tipoloxía. Este ano superaremos as cen casas niño por toda a xeografía galega, máis de cincocentas prazas á disposición das familias de forma totalmente gratuíta.

Fixémolo coa creación do bono Concilia familia, antes coñecido como bono Coidado, unha axuda para contratar un coidador ou un servizo de conciliación, como poden ser os campamentos de verán. Este mesmo mes sairá unha nova convocatoria, despois de que o ano pasado cuadruplicásemos as axudas concedidas, superando xa as cinco mil.

E, por suposto, facémolo cunha ampla campaña de campamentos de verán para que os pais teñan máis fácil poder conciliar durante as vacacións escolares dos seus fillos. *(Aplausos.)*

Hoxe comparezo ante o pleno desta Cámara, por petición propia, para dar conta de todo o traballo realizado coa campaña de verán da Xunta de Galicia, pero tamén para poder analizar cos distintos grupos o impacto que esta iniciativa ten nos fogares galegos.

Trátase dunha campaña de verán que seguimos ampliando e seguimos mellorando neste ano 2023 e que volve facer historia. Son máis de once mil duascenas prazas ofertadas entre campamentos, campos de voluntariado, minicampamentos e intercambios con outras comunidades. Son máis de catrocentas as prazas; máis que o ano pasado, cando xa batemos todos os récords, e dúas mil duascenas máis que no ano 2009.

Galicia convértese, así, na comunidade coa maior oferta de prazas da campaña de verán de todo o Estado. Ningún outro goberno autonómico pon á disposición das familias un número tan elevado de prazas, o que nos volve situar como unha referencia, como unha comunidade líder na aposta e na implicación pola conciliación da vida persoal e familiar.

A Xunta de Galicia continúa a aumentar as prazas nesta campaña de verán, porque tamén o fan as solicitudes por parte de todas as familias. Son elas as que amosan cada día un interese crecente por este servizo. Este mesmo ano, o 99,7 por cento das prazas ofertadas nos campamentos de verán, é dicir, a práctica totalidade, xa foron cubertas tras o sorteo público. Son datos que nos animan a seguir apostando por esta campaña de verán e que nos indica que imos polo bo camiño.

Ademais, como non podía ser doutro xeito, esta oferta de prazas ten en conta as familias de especial consideración, aquelas que polas súas características teñen máis dificultades para poder conciliar. Por iso, aplicamos descontos do cincuenta por cento ás familias numerosas e monoparentais e sufragamos o cen por cento das prazas para menores tutelados e vítimas de violencia de xénero.

A campaña de verán da Xunta de Galicia é, ademais de ampla, accesible e moi variada. En cada edición imos engadindo novidades que melloran esta oferta para os nenos e para as familias. Facémolo con novas localizacións e instalacións por toda Galicia, pero tamén o facemos con programas especializados que lle permitan á xuventude aprender e interesarse por novas disciplinas.



A variedade paisaxística da nosa comunidade permítenos ofrecer un amplo abano de alternativas de ocio e de tempo libre aptas para todos os gustos. É por iso que os nenos e as familias atopan cada ano na campaña de verán opcións no interior, na costa, na montaña, no rural, en vilas e en cidades. Atopan actividades para coidar do noso medio ambiente, para coñecer e valorar o noso patrimonio cultural e artístico e para desfrutar do noso mar. Atopan programas para afondar en competencias específicas, como pode ser a hípica, o teatro ou as novas tecnoloxías.

Esta oferta, na que tamén participan outros departamentos do Goberno galego, abrangue idades comprendidas entre os nove e os trinta anos. Para os máis pequenos, entre nove e dezasete anos, as familias contan cos tradicionais campamentos. Este ano ofertamos trinta e seis instalacións repartidas por toda a comunidade e cunha novidade: por primeira vez organizamos un campamento na Illa de San Simón, un lugar paradisíaco en plena ría de Vigo, pero que ademais está cheo de historia.

Unha oferta que completamos para os nenos de dez a catorce prazas en establecementos turísticos dentro do programa de minicampamentos Coñece Galicia, cuxo prazo de inscrición abriu onte mesmo e que en menos de vinte e catro horas xa tivemos que pechar todas as quendas. Unha iniciativa que puxemos en marcha a raíz da pandemia para apoiar o sector hoteleiro e que ademais está sendo moi ben acollida polo sector e polas familias. Sumamos nesta edición minicampamentos no rural nos concellos da Lama, en Pontevedra, e de Cenlle, en Ourense.

A campaña de Verán tamén inclúe intercambios con outras comunidades autónomas. Este mesmo ano recuperamos os intercambios con Madrid, con Cantabria e incluímos un novo campamento en Albacete, en Castela-A Mancha. Tamén ofrecemos ás entidades xuvenís e aos concellos instalacións para desenvolver os seus programas de tempo libre.

Por último, non nos podemos esquecer dos tan demandados campos de voluntariado para maiores de idade, que se celebran tanto en Galicia como noutras comunidades e tamén no estranxeiro e no que tamén somos líderes a nivel nacional. Trátase dun xeito de fomentar entre a mocidade o coidado do medio ambiente, o enriquecemento persoal e o amor polo propio.

Este ano recuperamos un campo de voluntariado específico para mozos galegos no exterior. Terá lugar no castro de Viladonga, en Castro de Rei, e permitirá, en colaboración coa Secretaría Xeral de Emigración, que os netos e os fillos de emigrados galegos poidan coñecer Galicia; que poidan coñecer esta terra da que tanto teñen oído falar na súa casa. En definitiva, que poidan coñecer a súa terra. *(Aplausos.)*

Actividades para todas as idades, para todos os gustos e inquiredanzas, para que a xuventude viva un verán que lembre para o resto da súa vida. Son moitísimas as xeracións de galegos que pasaron polos campamentos de verán da Xunta e todas coinciden en que esta experiencia viaxou sempre con elas na súa memoria.

Gustaríame compartir hoxe con vostedes algunha das mensaxes que nos deixan cada ano os nenos nas enquisas de satisfacción ao finalizar o campamento: «Os monitores fan que todo



sexa divertido. Sen eles isto non sería posible, non tería o corazón cheo de alegría.» «Aprendín a convivir con xente que non coñecía, a manexar un compás, a facer tiro con arco e tamén aprendín a traballar en equipo». «Nunca esquecerei os meus amigos, as acampadas e tamén os monitores.»

Hoxe, as súas palabras chegan a esta Cámara como voz autorizada para describir os beneficios e as vantaxes desta campaña de verán. O seu testemuño anímanos a seguir proponendo actividades que os enchan de ilusión, que os enchan de ganas por seguir descubriendo o mundo que os rodea, pero tamén que os enchan de curiosidade. Anima todos os pais a aproveitar estes servizos de conciliación e levar os seus pequenos para que tamén vivan esta experiencia. E anima toda a sociedade a crer que é posible un ocio responsable, un ocio saudable e tamén un ocio enriquecedor para a xuventude. Pero todo isto xa é posible.

Outro dos motivos que nos fai sentir especialmente orgullosos desta campaña de verán é que se trata dunha oferta aberta e inclusiva. Todos os campamentos de verán que facemos en Galicia están á disposición das persoas con discapacidade e das súas familias.

A maiores, contamos cunha orde específica para mozos con discapacidade dotada de duacentas cincuenta prazas. Deste xeito, as persoas con discapacidade poden acceder aos campamentos da Xunta por tres vías distintas: a través do procedemento xeral, escollendo calquera das prazas ofertadas; en segundo lugar, a través das prazas reservadas á inclusión; ou a través dos campamentos específicos para persoas con discapacidade.

Promóvese a súa participación activa, o coñecemento doutros mozos da súa idade e favorécese a inclusión e a convivencia. Cada ano centos de nenos con discapacidade participan nos campamentos de verán da Xunta e todos eles reciben os apoios necesarios a través do persoal especializado en cada caso. *(Aplausos.)*

A campaña de verán demostrou ser importante para a conciliación dos pais, para o desenvolvemento dos nenos, pero tamén para o sector do ocio e do tempo libre. Un ámbito integrado principalmente por xente nova, que atopa nos campamentos de verán unha saída laboral coa que formarse e coa que seguir aprendendo. Cada ano a campaña de verán promove a creación de mil cincocentos contratos entre directores e monitores, unha oportunidade que non deixa de espertar o interese entre os máis novos de Galicia. Ano tras ano expedimos máis de mil títulos formativos neste campo que representan o primeiro emprego para moitos mozos.

Pero, ademais, o Goberno galego vén impulsando durante os últimos anos actividades de ocio e tempo libre durante o resto dos meses do ano. Estas actividades permiten que os pais conten con programas de conciliación durante outras épocas vacacionais como a Semana Santa ou fins de semana, que os máis novos teñan opcións de ocio educativo tamén durante o resto dos meses do ano e que estes profesionais do tempo libre poidan seguir traballando neste ámbito.

Exemplo destas iniciativas son os programas Primavera e Outono xove, que ofrecen actividades nos distintos albergues xuvenís, residencias de tempo libre e espazos xoves durante



os meses de abril e de maio e tamén novembro e decembro. Máis de tres mil catrocentos mozos participaron nestas actividades durante o ano 2022.

Este mesmo ano puxemos en marcha tamén o Día da Xuventude, un programa itinerante que percorreu trinta localidades galegas ofrecendo propostas de ocio e de tempo libre aos nosos mozos. Unha primeira edición na que participaron máis de catro mil trescentos mozos.

Señorías, a Xunta de Galicia está ao carón das familias para atender as súas necesidades de conciliación durante todas as épocas do ano. Está tamén ao lado dos máis xoves. Estamos ao lado dos máis xoves para que poidan medrar, para que poidan cultivarse e para que poidan construír os seus recordos ao redor da nosa comunidade.

A Consellería de Política Social e Xuventude, ao igual que o resto dos departamentos do Goberno galego, amosa o seu compromiso de garantir o benestar e a prosperidade da mocidade. Por iso, os orzamentos da Xunta para este ano 2023 en materia de xuventude, participación e voluntariado medraron nun seis por cento, ata os 19,6 millóns de euros (*Aplausos.*) Uns orzamentos nos que a campaña de verán ocupa un lugar destacado; destinamos a estas actividades preto de cinco millóns de euros, un trinta por cento máis que no ano 2009. Unha aposta sen precedentes pola conciliación e polo apoio á xuventude, que mantivemos ano tras ano mesmo na pandemia da covid-19.

Galicia foi unha das poucas comunidades que celebrou a campaña de verán durante o ano 2020, en plena pandemia, para o que tivemos que reducir aforos e extremar as precaucións. O excelente traballo de monitores e demais profesionais fixo que tamén esa edición fose todo un éxito.

Monitores, directores, persoal administrativo, cociñeiros, limpadores... Son todos unha peza fundamental para que a campaña de verán responda ás expectativas dos mozos e das familias. Fan que a súa experiencia sexa inesquecible e por iso merecen todo o noso recoñecemento.

Outro dos segredos para deseñar unha Campaña de Verán memorable é contar cunha ampla rede de albergues xuvenís como os que temos na Xunta de Galicia. Localizacións a pé de praia ou nas paraxes máis naturais e envexables e un coidado e mantemento constantes son os principais motivos que nos permiten contar cunhas instalacións xuvenís únicas.

O Goberno galego coida e adecúa anualmente os albergues xuvenís da rede autonómica para que estean sempre a punto para recibir os nenos antes da campaña de verán. Pero, ademais, nos últimos anos vimos facendo unha importante remodelación e mellora dos espazos para modernizalos. A Xunta destinou dende o ano 2019 máis de 7,3 millóns de euros en obras de mellora nos albergues xuvenís públicos autonómicos.

Como dicía, xeracións e xeracións de galegos vinculan os seus recordos máis prezados, aqueles referidos aos días azuis e a ese sol da infancia, coa campaña de verán da Xunta de Galicia. Neles permanecen as amizades que forxaron nuns días cheos de emoción e de primeiras veces. Neles permanece a aprendizaxe de novas disciplinas e a importancia que ten compartir



momentos. Neles permanece o descubrimento de novos lugares e de recunchos de Galicia, que serán para sempre especiais.

Para eles e para os seus pais, a Xunta de Galicia vai seguir deseñando a mellor campaña de verán da historia, seguimos a deseñar o verán que sempre vas lembrar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Noelia Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidenta.

Moi bo día a todas e todos.

Bo día, señora conselleira.

Nós desde o Grupo Socialista queremos comezar, como non, saudando que haxa boa acollida nesta campaña de verán e, por suposto, que veña vostede a este Parlamento dar conta dela.

Pero permítanos, señora conselleira, como xa fixemos noutras ocasións —neste caso, cando a directora xeral de Xuventude se limita a vir a este Parlamento, como fixo vostede agora, para presentar esta campaña de verán ou para facer balance dela en setembro—, aproveitar para tentar, unha vez máis, poñer as políticas de xuventude no foco, como pensamos desde o grupo das e dos Socialistas. Cómpre facelo dunha vez por todas, así que a ver se o conseguimos.

Porque, mire, nada que obxectar aos campamentos de verán para mozos de nove a dezasete anos, campos de voluntariado, minicampamentos e outras propostas. Apostar e ofrecer desde a Administración pública esta oferta é algo necesario e positivo, pero todas e todos sabemos —e aí mesturaba ademais moitas cousas vostede— que fundamentalmente do que estamos a falar é dunha oferta que vai máis dirixida á rapazada se falamos de idades e vai máis dirixida a unha oferta necesaria para a conciliación familiar durante o verán e non tanto á oferta de ocio e políticas de xuventude.

Esta oferta é necesaria por parte das administracións, por parte da Xunta, pero tamén hai campamentos e moita oferta dende as deputacións, os concellos etc. Nós pensamos que, falando da cantidade de recursos e do esforzo das políticas, unha dirección xeral de xuventude que practicamente fala exclusivamente de campamentos de verán queda absolutamente coxa.

Nós pensamos e insistimos en que non existe un modelo de ocio para a xuventude. Non só no verán e no resto do ano, senón que en xeral hai unha ausencia dun modelo de participación da xuventude galega por parte do Goberno.

Nós insistimos no programa de campamentos —minicampamentos, fundamentalmente—. Atopamos que responde a unha franxa de idade que pode ir sobre todo até os trece e catorce





anos, aínda que a oferta sexa ata os dezasete. Sobre todo falamos, señora conselleira, de rapazada; non de mocidade como tal. E falamos de conciliación. ¡Son cousas distintas!

Nós, cando falamos de ocio e de voluntariado lamentamos que o esforzo e o traballo da Dirección Xeral de Xuventude —que o groso deses recursos económicos depende da súa consellería— se limiten practicamente a que vostede —como fai a directora xeral de Xuventude— veña unha vez ao ano a este Parlamento falar de campamentos e minicampamentos. Pouco máis hai, señora conselleira, por moi bonitas que sexan as súas palabras e por moito que veña aquí falar de xuventude, dicindo que quedan os corazóns moi enchidos con estas experiencias.

Que aumenten —insistimos— a oferta do Goberno galego de prazas para campamentos da voluntariado está ben. Que esa oferta teña boa acollida fundamentalmente entre as familias —que evidentemente teñen que enfrontar e arranxar durante esa época estival esas longas vacacións escolares; curtas probablemente para a rapazada, pero longas para as familias que non dispoñen dese tempo— evidentemente é non só unha boa nova, senón algo necesario, unha obriga, unha responsabilidade e unha competencia que ten que facer o Goberno galego, como fan tamén outras administracións.

Pero nós, sobre todo, o que pedimos é que non mesturen e que sexamos rigorosos. Porque estas medidas van enfocadas á infancia fundamentalmente, se quere á adolescencia, pero non hai moito máis.

Por iso, gustaríanos que reflexionase e que nos ilustrase sobre que oferta, que programación se ofrece, non só no verán senón tamén o resto do ano. Se falamos de ocio, que hai planificado, pensado e con que recursos económicos desde a Dirección Xeral de Xuventude a partir dos 16, 17, 18, 20 e 25 anos. ¿Que ofrece o Goberno galego á verdadeira xuventude galega?

Por certo, tamén queremos hoxe aproveitar esta oportunidade para salientar non só a febleza das políticas en canto ao ocio e de participación para esta mocidade da Xunta de Galicia e da súa consellería, senón tamén que poñan o foco na preocupante realidade —non se esqueza vostede, con tantas palabras bonitas e poéticas— que atravesamos a mocidade galega en canto á vivenda, emancipación e empobrecemento. Cómpren mecanismos para que as crises económicas que veñen padecendo na nosa comunidade non fagan, como está acontecendo, que abandonen a súa formación de xeito prematuro. Isto son políticas transversais, pero son as que precisamos para o benestar da xuventude galega e non perder o foco cando fala vostede de mocidade.

Pero, antes diso, nós insistimos en preguntar que planificación, que propostas, que recursos, que actividades e que a oferta hai para esa xuventude real dos quince anos en diante até a trintena desde a súa consellería. Porque non é o mesmo falar de conciliación de familias ou de infancia que falar, señora conselleira, de xuventude. Por aclarar os termos máis básicos, deberíamos comezar por aí.

A oferta de campamentos da Xunta, xunto coa de concellos e deputacións, benvida. Canta maior, máis prazas e variadas propostas mellor; polo tempo de calidade, de lecer, o que



aprenden e tamén o emprego que xera, aínda que sexa estacional, e sobre todo para dar resposta a esa conciliación laboral e familiar no verán. ¿Pero que política de mocidade teñen vostedes, que son responsables, máis alá?

Pensamos que a Dirección Xeral de Xuventude ten que ir moito máis alá de limitarse a falar unha vez ao ano de ocio e de campamentos; e tamén vostede mesma, dentro das súas competencias e responsabilidades. Porque, aínda que está ben, coa que está caendo nos últimos tempos falar dese xeito da xuventude e só no verán —falando do «verán que quere recordar», «que quere soñar»— a moita parte da mocidade galega que a escoita a vostede pode soarlle, como mínimo e sendo suave, a chinés.

Isto, por unha banda. Por outra, son moitísimas as ocasións, os debates e iniciativas impulsadas desde o grupo parlamentario do PSdeG arredor da situación da mocidade galega; da súa preocupante radiografía. Unha situación que consideramos absolutamente prioritaria. Isto si é prioritario e non así a vista do concepto de xuventude que teñen vostedes. Unha prioridade e unha necesidade que cómpre enfocar, como vimos defendendo, desde a transversalidade das políticas de vivenda, emprego e educación.

E algo que lle compete tamén a vostede directamente: a demografía. Señora conselleira, como sabe vostede, tamén podería pronunciarse —xa que comparece vostede aquí por petición propia— sobre a realidade terrible que temos neste sentido. Cunhas proxeccións estatísticas para a vindeira década —xa que falaba vostede do éxito das políticas de mocidade e xuventude da súa consellería nestes últimos anos— absolutamente desesperanzadoras, que non se tapan con esas boas palabras. Pechamos co peor saldo vexetativo o pasado ano 2022, cada vez a xuventude ten menos peso no conxunto da sociedade galega; somos menos, somos máis vellos. Sen un parque de vivenda público axeitado á demanda e sen políticas de vivenda enfocadas á xuventude.

Por certo, a falta dunha vivenda é o principal problema de risco de exclusión e de pobreza na nosa comunidade para a xuventude e tamén para as familias. Outra das súas competencias. Sen políticas de vivenda que apostasen estes anos polo público, polo alugueiro. Con máis precariedade no laboral, tamén para a xuventude galega, que o resto do Estado. E agora con estas últimas crises por primeira vez pechamos o ano 2022 con aumento do abandono escolar entre a mocidade galega: case dous puntos máis que o ano anterior, despois dunha década de retroceso.

Falar de corazóns que quedan enchidos nos campamentos de verán está moi ben, pero falar da xuventude circunscribíndose unicamente deste xeito e con ese discurso, entenda vostede que é de todo menos axeitado, por ser suaves.

Nós falaremos, por exemplo, neste pleno de educación, de xuventude, de mecanismos extraordinarios para esa xuventude que ten que abandonar de xeito temperán a súa formación ante a crise económica. Disto gustaríanos que falase o Goberno da Xunta de Galicia. Nós durante os debates coas conselleiras de emprego e de vivenda e hoxe con vostede xa avisamos de que, mesmo con traballo, máis de duasetas cincuenta mil galegas e galegos en idade de vivir con independencia non podía facelo, xa antes desta crise económica. Que se ven





entre os dezaioito e os trinta e catro anos —esa é a xuventude— abocados a vivir cos seus pais e nais, aínda que conten cun traballo remunerado durante todo o ano. Polo tanto, falar de ocio unicamente ou de campamentos para situar o foco na xuventude comprenderá que non sexa algo minimamente aceptable para nós.

Pedimos que toque terra, polo menos no marco dunha intervención como esta, sen límite de tempo —que non ten vostede límite de tempo—, e que contextualice. Saber, cando menos, cal é a radiografía da mocidade galega sería para nós o desexable.

Nós preguntamos se non considera vostede necesario, señora conselleira, que falemos do plan de emancipación da mocidade galega; que falemos de axudas e mecanismos extraordinarios para que a mocidade non teña que marchar, para que non teña que abandonar de xeito temperán os seus estudos etc. Remato. En termos poboacionais, Galicia ten cada ano que pasa, e isto é absolutamente terrible, menos mozos e mozas de dezaseis a trinta e cinco anos.

No canto de —que está moi ben— facer programas para aqueles mozos e mozas que non coñecen esta terra porque os seus pais e nais emigraron e agora fanlles unha programación moi bonita de verán, ¡poñámonos a traballar para que non teñan que marchar! (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Otero.

Quenda do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra don Paulo Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, presidenta.

Bo día, señora conselleira.

Quedoulle unha rolda de prensa un pouquiño longa. Todo o que dixó púideno ler eu mesmo no DOG e na páxina de Xuventude da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Pero de todas as formas si que lle agradezo que nos permita vir falar hoxe de mocidade. Aínda que vostede falou de políticas de conciliación, non de políticas de mocidade, na liña que apuntaba a voceira do Partido Socialista. A realidade é que a Xunta de Galiza carece dunha política xuvenil minimamente coordinada, minimamente integrada e minimamente cohesionada entre os diferentes departamentos.

É que, se lle quitamos estas políticas de conciliación ... Eu sempre o dixen, creo que é a terceira vez ou a cuarta vez nesta lexislatura que falamos sobre campamentos de verán; as últimas veces foi coa directora xeral nestes mesmos termos. Sempre dixen o mesmo, fun usuario dos campamentos de verán cando era pequeno e non teño nada en contra dos campamentos de verán. Podería facerlle varias preguntas a ese respecto.

Antes de meterme noutras cuestións, creo que tamén a cuestión en concreta dos campamentos de verán merece unha reflexión. Eu pedinllo xa varias veces á directora xeral, sen éxito. Como vostede hoxe ten aquí tempo ilimitado, se ten aquí os datos ou se os teñen avaliados —entendo que si, aínda que non os publiquen— gustaríame saber varias cuestións sobre os campamentos de verán.



Primeiro, nesa práctica totalidade de prazas que se ocuparon este ano pasado, uns datos desagregados por idade creo que serían bastante reveladores do que estamos a falar; datos desagregados por idades. E tamén no que ten que ver cos campos de voluntariado vostede non deu porcentaxe de cobertura de prazas —supoño que os dará agora na súa seguinte quenda—, porque todo isto vai está relacionado.

Outra cousa que botamos en falta nos campamentos de verán, sobre todo se lemos as bases, as normativas e todo o texto que acompaña esta cuestión, é que se blinde o galego como lingua vehicular nas actividades. Non aparece así resaltado. Nós entendemos que, aínda que seguramente en moitos casos si que o sexa, debería estar por escrito e deberíase ademais fomentar que isto fose así.

Saíndo desta cuestión, vostede sabe perfectamente que o que veu traer aquí hoxe son políticas de conciliación. O que pasa é que non entendemos por que as políticas de conciliación —necesarias, útiles e benvidas, loxicamente, como non pode ser doutra forma— se computan nos orzamentos da Dirección Xeral de Xuventude. Ocupan a gran parte, se non a parte central, dos gastos en actividades da propia da Dirección Xeral de Xuventude, alén de gastos fixos, persoal etc. O que pasa é que eu creo que, se movesen esas partidas da Dirección Xeral de Xuventude, eses cinco millóns non saberían onde gastalos. Porque non hai unha mínima idea do que se quere facer en política de xuventude neste país. Fanse políticas de conciliación útiles, pero políticas de mocidade ningunha.

Estaban aquí antes —e vostede púidoos ver mellor ca min— na tribuna alumnos e alumnas dun instituto. Eu, señora conselleira, xogo unha man ou incluso dúas a que se lles preguntásemos canta xente da que estaba aí arriba do instituto ía ir a un campamento de verán este ano, non ían nin dúas persoas. (*Aplausos.*) Eu xógome o que o que queira vostede. (*Aplausos.*) ¿Por que? Porque as políticas de xuventude están orientadas ás crianzas para a cuestión de conciliación; non existe ningunha política de xuventude exitosa alén dos quince e dezaseis anos e ata os trinta. Non existen, son completamente anecdóticas: unha gala un día traendo *youtubers* famosos e demais, pagando os autobuses para que estea a xente alí un día ou dous e pouquiño máis; un certame creativo, un certame con premios, pero moi pouquiño máis.

Eu o que si quería lerlle textualmente, señora conselleira, son as funcións —ou algunhas das funcións— da Dirección Xeral de Xuventude, que se recollen na Lei 6/2012, do 19 de xuño. Correspóndenlle as funcións de: «xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil»; «planificación en materia de xuventude, especialmente a través do Plan estratéxico de xuventude de Galicia»; así como tamén «coordinación na elaboración, execución e avaliación das actividades transversais de xuventude»; e por último «fomento da participación da xuventude na vida social, especialmente mediante o asociacionismo xuvenil e a participación no Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia».

¿Que pasa? Vostedes fan políticas de conciliación; non de mocidade. E teñen algo complementario, como deberían ser os campamentos de verán, como un eixo completamente fundamental. Vostedes, no seu desleixo cara á mocidade galega, ven a mocidade galega como un suxeito pasivo; como un suxeito ao que vostedes non teñen capacidade de chegar. Porque



tamén se encargaron de destruír todo tipo de asociacionismo xuvenil e fomentaron o individualismo, por non saber atallar a situación doutra forma. Por exemplo, fomentando os grupos informais de cara, por exemplo, a concorrer a algún tipo de subvencións, como é o caso da Xunta. E así estamos.

Cando vostedes fan noutro departamento calquera tipo de lei ou calquera tipo de actividade pública, vostedes falan cos sectores. Coa mocidade, ¿quen fala? Por iso non participan nas súas nas súas actividades. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non, traía datos. Traía datos por idade. ¿Canta xente maior de dezaseis anos participa nas actividades da Xunta de Galiza? ¿Canta? E despois poñámola en porcentaxe ou en referencia á total. ¿Canta é a que participa? ¿Canta é a mocidade que participa, fóra do ámbito da conciliación, nas súas enquisas —que despois así saen os plans estratéxicos de xuventude— simplemente porque as mandan aos centros de ensino?

Vostedes entenden a participación da mocidade e a mocidade como un suxeito pasivo, a participación como un ben de consumo e a participación tamén de forma completamente acoutada, nunha sorte de liberdade vixiada onde a mocidade ten ese pequeniño couto, sobre todo nas aulas e demais, para funcionar. Pero, ¿cal é a situación do asociacionismo xuvenil neste país? ¿Vostede sábeo? Se collemos o rexistro das asociacións xuvenís neste país, ¿cantas seguen en activo sequera das que figuran alí? ¿E cantas non son asociacións xuvenís, senón que son asociacións prestadoras de servizos á xuventude, moi habitualmente ligadas a ONG ou a institucións relixiosas?

Os estudos, ademais, indican que a mocidade galega onde máis participa, unha vez máis, é en cuestións que teñen que ver cun hábito de consumo. Son, neste caso, entidades deportivas ou doutro tipo, nas que non é a mocidade a que está construíndo alternativas; non é a mocidade a que está uníndose para crear o seu propio ocio ou as súas alternativas. Que iso despois, ademais, pode derivar en alternativas de negocio, en alternativas de vida e de futuro.

Neste slogan de «o verán que queres lembrar» —e dígoo con tristeza, sendo eu usuario no seu momento dos campamentos de verán—, o problema que imos ter, señora conselleira, é que ese verán que queremos lembrar lembrémolo cando esteamos en Londres traballando de camareiros e camareiras con dúas carreiras e un mestrado, cando esteamos en precario ou cando non poidamos saír da casa dos nosos pais porque non temos acceso a unha vivenda. (*Aplausos.*) Lembraremos cando a Xunta de Galiza, en vez de darnos oportunidades para o futuro, nos daba campamentos de verán para conciliar.

Por iso antes facía referencia ao complementario e ao fundamental. Vostedes utilizan o complementario como fundamental, como pedra angular, como proposta estrela de mocidade ano tras ano; cando despois o que hai é un baleiro continuo. Podemos velo en participación xuvenil, que é a chave, ao final. É a chave, porque se a mocidade non sente propias as actividades que realiza, non as vai realizar. Ou vemos —e se vostede ten o dato que mo diga— canta mocidade a partir de dezaseis anos ata os trinta participa das actividades da Xunta de Galiza. ¿Canta? Se ten ese dato, dígamo. Eu creo que vai ser moi moi, moi inferior que no resto de idades da mocidade. Bueno, da mocidade non, da infancia; que vostedes intentan chamar a todo mocidade para intentar cubrir expediente, pero realmente é infancia. Teñen vostedes incluso estipulado a que anos comeza a xuventude e a que anos remata.



Ao final a Dirección Xeral de Xuventude fai máis traballo de política de conciliación que debería ser da súa consellería e non de mocidade, para poder orientar a política de mocidade e os cartos, o orzamento totalmente pírrico que manexa a Dirección Xeral de Xuventude, en algo diferente; non nos eventos precociñados que lle dan á mocidade ao longo do ano. É que é así; non existe, realmente...

Se quere fállolle do Consello Asesor e Consultivo de Xuventude de Galicia. ¿Vostede sabe cales son as súas funcións? ¿Vostede sabe con que periodicidade ten que reunirse? ¿Vostede sabe que o seu propio Goberno paralizou o único foro de participación regrado que ten a mocidade galega? ¿Sabe que o vetou e paralizou en 2014 e que non se reúne dende aquela, contravindo calquera tipo de estatutos do propio Consello e ademais furtándolle a capacidade á mocidade galega dun mínimo de participación democrática na vida pública e nas cousas que a afectan?

Pero ¿que me está contando, señora conselleira? ¿Como me pode dicir que non teño razón cando se lle nega a liberdade de participar á mocidade galega? (*Aplausos.*) Estalles furtando a capacidade de participar da vida pública. (*Aplausos.*) ¿E vostedes din que fan as cousas pola mocidade? Non, non pode ser. Eu creo que non podemos caer neste erro. Así se ve como funcionan as políticas de mocidade....

Eu creo que debe facerse responsable, señora conselleira, da situación que vive a mocidade galega. Traballar con ela e non ás súas costas. E sigan facendo campamentos de verán, sigan; funcionan ben. Pero non nos enganen. Non nos vendan que é a política central de mocidade durante anos da Xunta de Galiza, coa que está caendo, señora conselleira, cando non o é. Eu creo que iso é facer trampas ao solitario, nin máis nin menos...,

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** ...que é o que están facendo a este nivel.

Seguiremos na seguinte quenda. Espero que me dea algún dos datos que lle pedín e así poderemos falar cun pouquiño máis de claridade.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra dona Raquel Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidenta.

Conselleira, parabéns. Os campamentos de verán son todo un éxito en Galicia. E non é porque o digan as enquisas, non é porque o digan as familias, é que o di o escapismo que hoxe están practicando o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. ¡É a mellor mostra! Falando de todo menos dos campamentos de verán. (*Aplausos.*)

Pois dígolles unha cousa: eu vou falar de campamentos de verán, xa que vostede nos dá a oportunidade de facelo; xa que hoxe a comparecencia é para falar de campamentos de verán. Cando vostede compareza para falar doutra cousa, falaremos encantados tamén doutras cousas.



Mire, di a psicóloga, psicopedagoga e escritora Jennifer Delgado que os campamentos de verán teñen ata sete beneficios para os nenos e os adolescentes: desenvolven a súa independencia e autonomía, foméntanlles a responsabilidade, estimulan o xogo libre, son unha oportunidade excelente para redescubrir a alegría de vivir máis alá das pantallas, fomentan habilidades sociais, xeran autoconfianza e facilitan novas aprendizaxes.

Resumíao moi ben vostede, señora García, cando falaba dos campamentos da Xunta de Galicia como unha oportunidade de ocio responsable e seguro, un xeito de aprender novas disciplinas, coñecer novas amizades e descubrir outros sitios de Galicia e mesmo de España.

E dábanos datos: once mil duascenas prazas ofertadas entre campamentos, campos de voluntariado, minicampamentos e intercambios, entre outras actividades; catrocentas prazas máis que o ano pasado, que xa foran históricas. E claro, disto non quere oír falar a oposición, porque a comparación con cando eles estaban non resiste nin un só segundo: dúas mil prazas máis que no Bipartito.

«O verán que sempre vas lembrar» son trinta e seis campamentos distribuídos por toda a xeografía galega con actividades que van dende os xogos tradicionais ata a creación do seu propio dron; dende a vela á escalada; dende a creación audiovisual, literaria e poética ata o tiro con arco; e así un cento de propostas por toda Galicia adaptadas ao gusto de cada un dos participantes.

Un programa que nos volve situar como unha comunidade referente xa que, como vostede dixo, somos a comunidade con maior oferta de prazas de toda España. Uns campamentos que ademais cumpren o principio de transversalidade en materia de discapacidade, xa que os nenos e adolescentes con algunha discapacidade teñen os seus propios campamentos, pero tamén poden participar nos xerais.

Un programa que financia o cen por cento das prazas de menores vítimas de violencia e tamén de menores tutelados dos que, por certo, falaremos esta tarde. Teñen tamén en conta as familias de especial consideración, esas ás que quería deixar de lado a Lei de familia que presentou o Goberno de Sánchez en Madrid: as familias numerosas e as familias monoparentais.

Pensa en todas as familias, independentemente de onde vivan. En todas as familias galegas, nas que viven aquí en Galicia e nas que viven no estranxeiro, para que poidan vir tamén disfrutar dos campamentos da súa terra e tamén poidan aproveitar para compartir momentos coas súas familias e coñecidos.

Pero os campamentos de verán son tamén —e vostede tamén o dicía e moito lle molestaba á oposición— unha importantísima medida de conciliación. É curioso, os grupos da oposición no Parlamento de Galicia non queren falar de conciliación, non queren falar de medidas para os nenos e os mozos. Creo que as familias deberían saber iso. Deberían saber que aquí non lles interesa nada disto. A nós si. A nós interézanos a conciliación nun momento en que precisamente os colexios están pechados e moitas familias teñen dificultades para conciliar o seu traballo con ese tempo de ocio que teñen os seus fillos.





Por iso, ademais dos campamentos, a Xunta puxo en marcha o bono Concilia —antes bono Coidado— para contratar un coidador ou mesmo para aboar campamentos de verán. Unha axuda para a que o ano pasado se multiplicaron por catro as solicitudes concedidas e que este ano vai chegar ata un millón de euros de financiamento.

Medidas de conciliación como as escolas gratuítas en toda Galicia para nenos de cero a tres anos —a única comunidade que as ten— e que permanecen abertas once meses ao ano e oito horas ao día, para que así lles sexa máis fácil ás familias compaxinar as súas vacacións coas dos seus cativos cando os nenos son pequeniños. Gratuidade total, que vostede xa mencionou e eu non me cansarei de repetir: a Xunta inviste cincuenta e cinco millóns de euros e o Goberno do Estado cero millóns de euros, cero euros exactamente.

No rural a conciliación chámase Casas Niño. Porque, vivamos onde vivamos e nazamos onde nazamos, os galegos temos dereito aos mesmos dereitos, valla a redundancia. Dáme igual se pensan que me fago pesada, señores do PSOE e do BNG, pero eu vou dicir sempre que teña oportunidade que o BNG e o PSOE votaron en contra das casas niño e en contra da gratuidade das escolas infantís en Galicia. ¡Ese é o seu balance! *(Aplausos.)*

Témolo que dicir ben alto e ben claro, conselleira, todas as veces que faga falta: Galicia é a comunidade con máis facilidades para conciliar a vida laboral, familiar e persoal. E animámola a que siga traballando nesta dirección. Porque formar unha familia, calquera tipo de familia, é fermoso, pero tamén é moi complicado. E no Partido Popular estamos moi orgullosos de que a Xunta traballe para que Galicia sexa o mellor lugar para vivir dende o berce ata o bastón, como vostede, conselleira, se encarga de repetir moitas veces.

As medidas, mal que lle pese á oposición, están dando xa resultados. O INE nos últimos datos que ten —que aínda son provisionais, pero pouco poden variar— di que Galicia afronta moito mellor que as comunidades que a rodean a crise demográfica. De feito, no último ano incrementouse a poboación en máis de sete mil persoas. Pero é que ademais dende o 2009 viñeron setenta e dúas mil persoas máis a Galicia das que se foron. E miren, tamén eran xoves os que viñeron: quince mil xoves máis viñeron dos que se foron. Se temos que falar de estampida, a estampida deuse no 2007, o ano que máis mozos marcharon de Galicia. Nós non estabamos gobernando; gobernaban o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego. É así. Ese é, pois, o seu resultado.

O programa campamentos de verán do que estabamos a falar, dicíamos que é bo para o desenvolvemento dos pequenos, é bo para a conciliación, pero é bo tamén para a creación de emprego: mil catrocentas persoas empregadas. Creo que é unha cifra nada desdeñable. Ademais, durante a pandemia fixo un papel fundamental, porque en Galicia mantivéronse eses campamentos de verán. E non só iso, senón que se puxo en marcha unha nova iniciativa como os minicampamentos Coñece Galicia, para que a hostalería puidese participar tamén nestes campamentos. Son seiscentas prazas para que durante cinco días nenos de toda Galicia poidan percorrer outras localidades de Galicia. En total hai seiscentas prazas, como dicía, para nenos de dez a catorce anos.

Pero é que ademais os campamentos de verán son un dinamizador do rural, porque moitos destes campamentos atópanse no rural. E son tamén un prescriptor para o turismo, porque os nenos que van e os seus pais falan logo deses lugares, volven logo a eses lugares. Os cam-



pamentos de verán son —xa o dixemos— tamén un nexo entre a Galicia e os galegos de aquí e os galegos que están no exterior. E tamén promoven o coñecemento do resto de España.

Conselleira, parabéns por un programa que é unha oportunidade de ocio responsable, que é unha fabulosa medida de conciliación, que xera emprego xuvenil, dinamiza o rural e serve de prescriptor turístico. En definitiva, unha aposta polo benestar das persoas dunha consellería, a súa, que dedica ao benestar das persoas o dobre do que dedicaba o Goberno do Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego no ano 2009.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Réplica, conselleira de Política Social e Xuventude.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez):** Grazas, presidente.

O Goberno galego está atendendo con esta campaña de verán as necesidades de todas as familias que atopan máis dificultades para conciliar durante esta época estival. Pero tamén estamos atendendo as necesidades dos nenos que se atopan nunha etapa de crecemento e nunha etapa de aprendizaxe constante, que necesitan saciar esa incesante curiosidade que teñen.

Pero tamén estamos atendendo as necesidades de todos eses mozos que se están abrindo camiño no mundo laboral e que atopan nos campamentos da Xunta de Galicia a súa primeira oferta laboral. Para todos eles, a campaña de verán é importante e axuda a facer da nosa comunidade un mellor lugar no que vivir.

Miren, como xa dixen, eu hoxe comparezo ante esta Cámara para dar conta desta campaña de verán. Era o título desta comparecencia. E así o fixen ao sinalar que estamos consolidados como a comunidade que máis a aposta pola campaña de verán e tamén que máis aposta pola conciliación de todas as familias.

Hoxe comparezo ante esta Cámara para analizar o impacto que ten a campaña de verán na sociedade galega. Aportei os datos, como eses mil cincocentos contratos que se crean, con ese máis de 99,7 por cento de todas as prazas ocupadas en sorteo público, de todas as tipoloxías que ofrecemos na campaña de verán. Tamén acabo de dar conta desas enquisas que lles facemos a todos os rapaces para saber se lles gustaron ou non os campamentos de verán.

E hoxe tamén comparezo ante esta Cámara para escoitar as propostas dos grupos da oposición con ánimo, por suposto, de seguir mellorando esta oferta estival que presentamos dende a Xunta de Galicia. Pero é un obxectivo que novamente non logro acadar. Sempre hai esa nula participación por parte do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, que son dúas forzas políticas que todos coñecemos moi ben e que vexo que o único que lles interesa é torpedear a Xunta de Galicia, pero nunca colaborar por facer esa Galicia mellor.



Dicía que eu pedín esa comparecencia para dar conta dos campamentos de verán, pero se vostedes están interesados no resto de programas que poñemos en marcha dende a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado para aqueles que vostedes non entenden como nenos, senón como mozos, e para adultos, pois eu dou conta ben a gusto tamén de todo o que facemos para este grupo de xoves.

Mire, señora Otero, dende a Xunta de Galicia claro que estamos convencidos de que a xuventude está cargada de talento e por iso estamos continuamente impulsando máis iniciativas e máis programas que lles axuden a dar a coñecer as súas ideas, pero tamén que contribúan a mellorar a nosa sociedade. Non falo dos máis pequenos neste caso, senón que falo de todos os programas que dende a Consellería de Política Social e Xuventude temos en marcha destinados aos adultos.

Falo de programas como Xuventude crea, que apoia a mocidade para que demostre o seu talento en catorce disciplinas diferentes. Vexo que a vostede isto non lle importa.

Facémolo tamén con ese programa que temos de Iniciativa xove. Incentivos e axudas económicas de ata cinco mil euros para aqueles mozos que queren comezar, que queren arranxar, que se queren poñer en marcha e que necesitan eses cartos para materializar o seu proxecto.

Facémolo con todas as axudas que concedemos aos máis novos de Galicia para que poidan sacar o carné de conducir: de coche, de autobús, de camión... Vexo que iso tampouco lle é importante a vostede, que nós axudemos os xoves para que se poidan incorporar ao mercado laboral. Porque un dos primeiros requisitos que lles pide é dispoñer dese carné de conducir e ás veces non teñen cartos nin eles nin os pais para poder custear este carné de conducir.

E tamén o facemos agora a través deses novos programas como é o Xuventude mentoring. Que os xoves teñan ganas de comezar a traballar e para iso queremos axudar, queremos formar e queremos preparar de cara á súa inserción laboral. Por iso, impulsamos un ano máis este programa de Xuventude Mentoring. Pero non só iso, senón que o Consello da Xunta acaba de aprobar un novo programa de Xuventude Mentoring na empresa de cara ao seu acceso ao emprego.

Señora Otero, falar de campamentos de verán soaralle a chinés a vostede. A min non me soa para nada a chinés, porque eu son desa xeración de campamentos de verán. Fun a ben deles e os mellores recordos da miña infancia son precisamente neses campamentos de verán, como a maioría dos nenos de Galicia que acoden a un.

Falan vostedes tamén de vivenda, pero non se preocupen. A vivenda xa está arranxada. O señor Sánchez, presidente saínte, xa se comprometeu a cincuenta mil vivendas. Creo que ningún mozo de España vai ter nin un só problema.

E mire, señor Ríos, que non se apuntan os nenos maiores de catorce anos aos campamentos de verán dío vostede, porque o cen por cento das prazas están cubertas: de nenos, xoves, adultos, campos de voluntariado, campos do estranxeiro... Están totalmente cubertas todas as prazas.





É unha lástima que vostede non se enorgulleza de todos os xoves de Galicia que queren participar na campaña de verán que organiza a Xunta de Galicia e tamén lamento profundamente que vostede parece que non ten bos recordos da súa infancia cando acudía a eses campamentos de verán.

Pero Galicia vai seguir traballando. Galicia vaise seguir convertendo e consolidando como unha referencia na nosa comunidade, pero tamén a nivel nacional, en materia de campamentos; de oferta de ocio e tempo libre para os nenos, para os xoves e para os adultos. Pero tamén nos imos seguir consolidando como a comunidade de referencia en España que máis aposta pola conciliación e pola familia, aínda que non lle guste nin ao Partido Socialista nin ao Bloque Nacionalista esta palabra que nos mandaron vostedes sacar, por certo, da Lei de impulso demográfico, da que vostedes a posteriori votaron en contra.

Imos seguir consolidándonos como a comunidade de referencia que máis apoia a conciliación e a familia, tamén durante as vacacións de verán. Son máis de once mil duascenas as prazas, catrocentas máis que o ano pasado e dúas mil duascenas máis que no ano 2009.

Vai ser unha ampla oferta para non deixar soas as familias ante axustes de horarios que son realmente imposibles durante o verán, pero tamén vai ser unha campaña de verán para espertar a curiosidade entre os máis pequenos e darlles esas oportunidades de ocio educativo que fomenten sempre esa convivencia responsable.

Pero tamén imos seguir traballando nesa campaña de verán para xerar emprego. Para xerar emprego nun sector como é o do tempo libre no que as novas xeracións, se a vostedes lles importan, que saiban ademais que teñen un gran peso.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Conselleira.

Señora Arias, a min non me soa a chinés. Xa lle aclaraba que ás que temos fillas e fillos parécenos moi ben a oferta de campamentos, pero a quen lle soa a chinés é á xuventude galega escoitar a conselleira responsable fundamentalmente do seu benestar e da súa situación falar de tiro con arco e de flores e esquecer e obviar absolutamente a radiografía da situación da mocidade galega. Iso, señora Arias, non é escapismo; é un auténtico delirio. ¡É un auténtico delirio!

Nós xa dixemos que os campamentos nos parecían moi ben. Pero, tal e como lle temos trasladado á directora xeral de Xuventude, unha dirección xeral de xuventude non pode dedicar



o groso dos seus recursos económicos e esforzo única e exclusivamente a falar de ocio e tempo libre. Porque, ademais, o que é un delirio é mesturar —e se temos que comezar polo máis básico, mal imos, señora conselleira— infancia, conciliación e xuventude, que non ten absolutamente nada que ver.

Falaba vostede de vivendas. ¿Sabe o que lle digo? Oxalá a Lei da vivenda non a boicotee a Xunta de Galicia, como xa anunciou a súa conselleira. (*Aplausos.*) A mesma conselleira que leva anos deixando sen executar fondos destinados á xuventude transferidos polo Estado de acceso á vivenda. Centos de miles de euros que a Xunta de Galicia do Partido Popular deixa ano tras ano sen executar, destinados especificamente ao acceso a unha vivenda da xuventude galega. Se quere falamos un día tamén de políticas de vivenda enfocadas á xuventude, señora conselleira.

E mire, señora Arias, é vostede responsable tamén de falar de demografía. ¿Quere falar dos datos oficiais do Instituto Nacional de Estatística? Porque son certamente preocupantes como para frivolar ou non ser —como dicía antes— rigorosas. Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas de dezaseis a trinta e cinco anos, cun peso que acadou récord negativo o pasado ano 2022, cando a xuventude galega non chegaba ao vinte por cento; 19,36 por cento do total. A porcentaxe máis baixa dos últimos anos. ¿Quere contrastar co peso que tiña a mocidade galega en termos poboacionais no ano 2009, que dicía vostede? O 27,2 por cento, segundo o Instituto Nacional de Estatística. A resignación non é unha saída e o pesimismo menos, así que un pouco de responsabilidade, porque as proxeccións —como sabe vostede— do Instituto Nacional de Estatística para os vindeiros dez anos son absolutamente pesimistas. O que non podemos facer é negar a realidade.

Se seguimos mesturando —insisto— conciliación, campamentos e ocio con políticas de xuventude temos un verdadeiro problema xa de partida, ben grande, despois de quince anos de responsabilidades e de goberno popular.

Por certo, señora conselleira, ánimoa a que quede, porque temos a continuación o debate dunha moción despois dunha interpelación co señor conselleiro de Educación para falar tamén da situación da mocidade e da xuventude galega que está estudando. Como dicía antes, por primeira vez despois dunha década pechou o pasado ano cun aumento do abandono escolar dos estudos non obrigatorios por razóns socioeconómicas. Case dous puntos aumentou o abandono escolar en Galicia o pasado ano da mocidade galega, triplicando o incremento da taxa de abandono escolar que se produciu no conxunto do Estado.

Fala vostede tamén de emprego. Mire, o pasado mes de agosto UXT Galicia, co gallo do Día da Xuventude, presentaba precisamente unha radiografía do mercado laboral. Un informe que amosaba falta de oportunidades, precariedade e inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente digno na nosa comunidade. A xuventude galega sofre unha das máis baixas capacidades adquisitivas a nivel estatal.

Pero a vostede a señora voceira do Partido Popular parabenízaa, con todos estes datos que estamos a situar, obxectivos e oficiais, polas súas políticas en materia de xuventude. ¡Sí, señor! Pero nós somos as e os escapistas... Oxalá teñamos un debate sobre xuventude no que



poidamos aplaudir as medidas; é dicir, que as cousas melloran. Pero certamente esa non é a realidade, señora conselleira.

Polo tanto, para rematar —que nós si temos o tempo limitado—, temos un grave problema se mestura vostede conciliación, infancia e ocio con políticas de xuventude. Unha dirección xeral que non conta coa mesma xuventude. Por certo, que se anulou absolutamente a participación da mocidade na elaboración das políticas que a atinxen directamente —como dicía o voceiro do BNG— coa supresión do Conxuga no ano 2011 (o Consello de Xuventude de Galicia). Crearon unha lei vostedes no ano 2012, rexeitada no seu momento por toda a oposición parlamentaria, que creaba o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galicia, que teñen absolutamente anulado, sen ningún tipo de actividade nin utilidade e que non serve absolutamente para nada. Probablemente ese sexa o problema: que non contan dende o máis básico nin sequera coa xuventude, á que non escoitan.

Viven nese mundo de aprender tiro con arco e de encher os corazóns de flores, que está moi ben para a conciliación, para as familias e para que as nenas e os nenos teñan un verán inescible. Pero esa non é nin moito menos a realidade que viven cada día os mozos e as mozas galegas, señora conselleira. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra o señor Ríos Santomé.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Grazas, señor presidente.

Señora conselleira.

O primeiro de todo, á mocidade non lle fan falta ganas de traballar; faille falta empregos dignos e de calidade. (*Aplausos.*) Iso para empezar. As ganas xa as traen da casa; o que necesitan son oportunidades de emprego dignas. Iso é o primeiro de todo.

Todo o que dixer na miña intervención veuno referendar a voceira do Partido Popular. Que estamos falando de políticas de conciliación e non de políticas de xuventude, xuvenís, de mocidade. Só hai que ver que hoxe non veu nin sequera falar o propio voceiro de mocidade do PP. Xa é bastante sintomático. Supoño que nos outros debates que tivemos con isto quedou suficientemente demostrado o que lle importa a mocidade galega á Xunta de Galiza.

¿Quere propostas, señora conselleira? Sen ningún tipo de problema. Primeira proposta: saquen os campamentos do verán do orzamento da Dirección Xeral de Xuventude e póñanos en conciliación. Utilicen eses cartos para facer verdadeira política de xuventude. Póñolle varios exemplos e varias propostas; vostede despois pode collelas sen problema ningún, que non lle cobro nada. Por exemplo, un programa ambicioso de asociacionismo xuvenil entre a mocidade galega. Pódeno facer moi fácil. Incluso nos centros de ensino poden facelo, se queren.

Segunda cuestión: desbloquear o Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza, que é o encargado, ademais, polos seus estatutos de elaborar informes e facer as radiografías



pertinentes das que despois se derivan as políticas públicas de mocidade. Non sei porque os molesta tanto a participación xuvenil nas súas políticas. Así nunca acertan e así non as hai. Seguinte proposta, dotar ese consello dos recursos suficientes para que se reúna e para que teña un mínimo de actividade e de capacidade.

Terceira proposta, separar e desligar da iniciativa xove as asociacións xuvenís dos grupos informais das asociacións que traballan para a mocidade. Se vostede fai primeiro esa campaña que lle digo de asociacionismo xuvenil será moito máis sinxelo que despois non queden tres ou catro asociacións xuvenís puramente e despois o resto grupos informais e entidades prestadoras de servizos á xuventude. Como lle digo, gran parte delas son ONG e institucións relixiosas obrigadas a elas.

Son algunhas propostas que se me ocorreron de camiño do meu escano aquí, simplemente, que xa son bastantes. Bastante máis do que fai a Xunta de Galiza pola mocidade deste país en termos de xuventude e en termos, sobre todo, do que lle corresponde á Dirección Xeral. Ou, se non, non sei cal é o punto. Non sei se é que queren suprimir a Dirección Xeral de Xuventude, xa na práctica fantasma por completo.

Hoxe aquí non teño os datos da Xuventude Mentoring e algunha cuestión que debatemos nunha comisión a raíz dunha PNC do Partido Popular. Pero os resultados deste programa non son para darse golpes no peito, tampouco. E máis se o poñemos na circunstancia e no contexto que vive a mocidade galega en termos de acceso a un emprego digno e non precario.

Pregúntolle tamén sobre os contratos destes campamentos de verán, sobre en que modalidade son. ¿Son contratos precarios? ¿Non son contratos precarios? ¿Como vive a mocidade galega que traballa neste sector que vostedes tanto pretenden impulsar?

Pero todo o que eu lle dixen na miña intervención, vostede non dixo o contrario. De feito, seguiu aprofundando na miña idea de que isto é política de conciliación e non é política xuvenil. Porque, como lle dixen antes, carecen dela por completo.

O Xuventude Crea. Moi ben, é un certame que se fai todos os anos e que tivo o ano pasado —se non me equivoco; ao mellor vostede ten máis frescas as cifras— sobre unhas cincocentas persoas de participación. Moi ben. *Y ya está.* Moi pouco máis hai, señora conselleira, e vostede sábeo.

Porque só hai que ver os orzamentos que ten a Dirección Xeral e ver o que se fai. ¿Como vou eu estar en contra de axudas ao carné de conducir? ¿Pero iso é unha política ambiciosa, seria? Iso é algo que ten que estar si ou si, pero ¿iso é algo do que botarse flores, de que a Xunta de Galicia dea axudas á mocidade para sacar o carne? Iso é o mínimo. Pero é que vender como algo dun éxito rotundo cuestións que deberían ser a base, o punto de partida sobre o que empezar a construír unha política de mocidade, é moi triste.

¡É que a ambición que teñen en políticas de mocidade é completamente inexistente! ¿Por que? Porque non teñen mocidade coa que falar. Porque todos os organismos e todos os foros de participación que ten a mocidade ou están vetados, paralizados ou están completamente



acoutados. Só hai que ver a sección de participación no Plan estratéxico de xuventude que ten a mocidade, que lles entregan uns cuestionarios nos centros de ensino nos cales non hai máis capacidade de expresarse e de participar que as preguntas e as respostas que veñen marcadas neles.

Despois hai un montón de asociacións que non son xuvenís, a gran maioría, e que non teñen unha compoñente xuvenil, senón que son prestadoras de servizos á xuventude ou ben despois concelleiros e concelleiras de mocidade do Partido Popular nos concellos. ¡É que é un auténtico chiste, señora conselleira! ¿Como quere que lle digamos outra cousa?

E se falamos disto é porque vostedes veñen aquí vender os campamentos de verán, unha boa política de conciliación, como o proxecto estrela da política xuvenil. É algo completamente ridículo e, sobre todo, que lle falta ao respecto á mocidade galega. Claro que si, señora conselleira, claro que si. É que non llo podo dicir doutra forma. Creo que estou sendo comedido e suave.

Supoño que vostede entende que eu son unha persoa triste que nin do campamento de verán ten bos recordos. Iso é o que temos os do BNG, estamos tristes e enfadados todo o día e incluso no campamento de verán eu con nove anos xa era un neno triste e enfadado. *(Risos.) (Aplausos.)* É que é un debate deste nivel e desta altura, señora conselleira; é que é moi pouco...

Eu hoxe deixei aquí cinco ou seis propostas de fácil execución e de fácil implantación, que non custan nada a nivel económico. Fágano, proben a saír do que fan todos os anos. Proben a apostar pola mocidade galega, proben a darlle voz á mocidade galega e non darlle as costas á mocidade galega. Proben a que eles e elas lles poidan dicir o que queren, o que necesitan ou o que sería bo facer. Próbeno, non sei porque lle teñen tanto medo á mocidade, sinceramente.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor RÍOS SANTOMÉ:** Así despois, cando vemos os resultados que dá iso vemos o que pasa: que a mocidade galega non confía en vostedes, porque vostedes non confían na mocidade galega. É algo así de sinxelo. Pero non se preocupen, que outros viran que se preocupen por elas e por elas.

Máis nada.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Arias.

**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Pois non hai maneira, conselleira; vostede vén aquí falar de campamentos e os grupos da oposición a falar de calquera cousa menos de campamentos. Xa sabemos o que ten facer as cousas ben, que os da oposición non queren que se fale diso.



Pero mire, vostede dicía hoxe: «eu viña aquí cun espírito de escoitar, de que me presentasen propostas». Eu estaba pensando no meu escano que lle ía dicir iso que din no meu pobo: «non lle pida peras ao olmo». Ou que en linguaxe parlamentaria sería algo así como non lle pida á oposición en Galicia —ao Bloque e ao PSOE— que traían propostas e que sexan construtivos, porque iso non vai no seu ADN; eles son os do «non polo non» permanentemente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero logo teño que recoñecer que veu o señor Santomé e sorprendeume, porque efectivamente soltou unhas cantas propostas, presentou unhas cantas propostas. Digo: «home, pois mira, non estaba eu acertada». ¡Anda xa, pero logo recoñece que todo se lle acordou desde o escano ata aquí! Iso é o que lle preocupan ao PSOE e ao BNG as políticas de xuventude, señores, o que se lles ocorre nun minuto que lles leva vir dende o escano ata o estrado. ¡Exactamente iso! *(Aplausos.)*

Señora conselleira, siga traballando. Siga traballando, porque das propostas deles, aínda cando as presentan, non se pode fiar un moito *(Murmurios.)* Para mostra, un botón. ¿Vostede acórdase cando propoñían a gratuidade das escolas infantís de cero a tres anos e pedían que a incluísemos na Lei de impulso demográfico? O PP incluíu esa proposta e ¿que pasou? Que o Bloque e o PSOE votaron en contra. ¡Home, non ían votar a favor dunha proposta do Partido Popular! ¡Escandaloso! Votaron en contra da súa propia proposta.

¡Como escandaloso é que aquí pidan unha e outra vez a gratuidade das escolas infantís e cando Sánchez non nos dá nin un só euro para elas calen continuamente! Porque é escandaloso que a oposición en Galicia, sempre, sempre, sempre que tivo que elixir entre Sánchez ou Galicia, elixiron sen titubear a Sánchez.

Pois mire, conselleira, mentres isto fai a oposición, vostedes están a traballar polos xoves, polas familias, polas persoas galegas. Fixérono coa gratuidade nas escolas infantís, fixérono cos recursos de conciliación no rural, co bono Concilia Familia, coa tarxeta Benvida, noventa e dúas mil cincocentas tarxetas e máis de cento noventa e seis millóns de euros dende 2016. Fixérono, en definitiva, dedicándolles ás políticas das persoas o dobre do que lles dedicaba o Goberno bipartito no 2009.

En materia de xuventude, xa o dixo vostede, medraron os orzamentos este ano un seis por cento, ata os 19,1 millóns de euros. E vostede falaba aquí dalgunhas das medidas que inclúen eses orzamentos. Pero é que, tanto na familia como na xuventude, a Xunta de Galicia traballa de xeito transversal, como ten que ser, dende todos os departamentos da Xunta de Galicia e dende todas as consellerías, en materia de vivenda. Si, señores, en materia de vivenda tamén, con esas axudas ao bono Alugueiro, coa axuda para a compra de casas en municipios de menos de dez mil habitantes, con axudas no programa Rexurbe, con axudas para poder ter un aval no momento en que van comprar as súas casas do vinte por cento do aval...

En materia de emprego tamén, a Xunta deseñou un plan concreto para favorecer que a mocidade obteña con máis facilidade un posto de traballo. O número de mozos parados é o menor da serie histórica neste momento. Por moito que lles pese é así. Eu sinto terlles que dar esa mala noticia.





E, por suposto, fíxoo en materia de mobilidade. Fíxoo en materia de educación, tendo as taxas universitarias máis baixas do Estado. E sinto darlle un desgusto, señora Otero, porque Galicia é atractiva para a xuventude: quince mil mozos máis viñeron a Galicia dos que marcharon nos últimos anos. Ese é o dato, mal que lles pese.

E vostedes aquí son absolutamente reivindicativos, pero é unha pena que mentres que aquí son absolutamente reivindicativos, logo sexan tan submisos sempre que hai que reivindicar Galicia en Madrid. Son submisos e compracentes cando se pechan as nosas empresas, cando non se nos deixan abrir outras como Altri e se poñen todas as excusas posibles, cando nos teñen illados cunha A-6 que leva un ano colapsada e aínda non temos solucións, con autovías que non se fan, coa Nacional 120 escachada por todas partes, cos trens AVRIL que non chegan e, o que é máis grave, cunha lei sobre a que vostedes calaron en todo momento, que prometían que ía ser a panacea para as mulleres galegas e españolas e resultou ser a dramática cifra de mil cento vinte e sete agresores sexuais coas penas reducidas e deixando na rúa cento quince destes agresores sexuais antes de tempo.

Con todos os respectos, señorías do Bloque e do Partido Socialista, vostedes non traballan para Galicia. Vostedes traballan para si mesmos á custa de Galicia. En todas as materias e tamén, polo que se viu, en xuventude.

Nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias.

Peche da comparecencia, conselleira de Política Social e Xuventude.

**A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE (García Martínez):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Ríos, ¿cal é a boa práctica para traballar en materia de xuventude? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Eu penso que para o señor Ríos a boa práctica en materia de xuventude é a que facía o señor Quintana cando estaba na Xunta de Galicia ou cando estaba o señor Rubén Cela na Dirección Xeral de Xuventude. Xa lles explico eu que era sacar unha revista todos os meses do ámbito da xuventude e dentro da revista máis de cincocentas fotos eran do propio señor Rubén Cela. ¡Menos mal que eses tempos quedaron atrás! ¡Menos mal! (*Aplausos.*)

E agora di vostede que tivo moitas ideas vindo do seu escano ata esta tribuna. É curioso que vostede agora me propoña sacar os campamentos da Xunta de Galicia da Dirección Xeral de Xuventude e metelos en Conciliación, cando o señor Rubén Cela estaba tamén feliz como unha perdiz dende a Dirección Xeral de Xuventude organizando os campamentos de verán. Señor Ríos, eu de verdade que con estas cousas créame que non o podo tomar en serio. Vir aquí propoñer unha cousa e cando vostedes gobernaban facer unha cousa completamente distinta. (*Aplausos.*)

Señora Otero, vostede falou aquí hoxe de todos os xoves que marchan, pero ¿por que non fala tamén aquí de todos os xoves que veñen? ¿Vostede sabe que dende que nós gobernamos



—e fálolle de datos oficiais, datos do Instituto Nacional de Estatística— entraron corenta e catro mil cincocentos mozos máis dos que saíron? Esa é a xuventude que temos aquí en Galicia e para esa xuventude é para a que estamos precisamente traballando.

E por suposto que cando falamos de nenos e cando falamos de xoves tamén hai que falar de conciliación. Vostede di aquí que vostede é nai. Eu tamén son nai e hai que facer moitas veces moitos malabarismos para poder compatibilizar a vida persoal e a vida laboral. Por iso hai que falar de conciliación e témolo que facer aquí en Galicia, nunha comunidade onde hai un cuarto de poboación que está en idade de xubilación. Por iso é necesario reforzar cada vez máis o apoio ás familias e darlle a todas elas todas as facilidades que estean ao noso alcance.

Eu non sei por que motivo o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista parece que lle teñen alerxia á palabra «familia» e ao que se refire á conciliación e ao que se refire ao apoio ás familias. Pero o certo e verdade é que son precisamente as familias as que permiten frear o reto demográfico e as que permiten equilibrar a nosa pirámide poboacional. Por iso sempre van contar ao seu lado co Goberno galego.

E claro que si, a campaña de verán por suposto que é un importante recurso de conciliación para milleiros de familias durante as vacacións de verán. Iso demostra esa elevada demanda que hai en canto a todas as prazas e demóstrano tamén todas as enquisas que lles realizamos a todos os nenos que acoden a un campamento de verán. Por iso, dende o Goberno galego e dende a Xunta de Galicia imos seguir traballando para darlles aos nenos cada vez máis oportunidades nos campamentos de verán, para que os pais poidan conciliar, e tamén darlle cada vez máis oportunidades á xente xove.

Imos continuar apoiando a familia, con máis axudas económicas, como é esa tarxeta Benvida ou ese bono Concilia na familia. Ímolo seguir facendo con esa gratuidade de todas as escolas infantís de Galicia para que os pais que teñen nenos pequenos de cero a tres anos poidan levar o seu fillo de forma totalmente gratuíta á escola infantil da súa elección, sexa da titularidade que sexa, e que poidan aforrar ademais eses máis de dous mil euros cada ano, que boa falta fan nestes momentos no peto das familias galegas.

Imos seguir dándolles máis oportunidades e máis axudas ás familias numerosas e ás familias monoparentais, que se enfrontan cada día a tantas dificultades. Porque axudar a familia non exclúe en ningún momento que sigamos axudando os mozos de Galicia.

Imos seguir apoiando —e hoxe temos aquí moitos— todos os xoves da nosa comunidade. Ímolo seguir facendo cos máis pequenos con esa campaña de verán, con eses campamentos aos que xeracións e xeracións acudimos cada ano a pasalo ben, a aprender e a estar en compañía doutros nenos.

Imos seguir facéndoo e imos tamén seguir facendo historia e sendo unha referencia a nivel nacional. Imos seguir traballando polos novos a través dese ocio educativo durante os meses de Primavera xove e Outono xove e tamén organizando cada vez máis días da xuventude para que os nosos mozos teñan oportunidades.



Imos seguir poñendo en valor a creatividade de todos os xoves de Galicia, que poñan en valor as súas disciplinas artísticas, sexan cales sexan, e ímolo seguir facendo a través dese programa tan exitoso, como é o programa Xuventude crea. Imos seguir promovendo que se materialicen os seus proxectos a través dese programa Iniciativa xove, con axudas de ata cinco mil euros para que poidan emprender. Imos continuar apoiándoos no acceso ao emprego a través dos programas Xuventude mentoring e tamén ese Xuventude mentoring na empresa, para que comecen a incorporarse e a relacionarse con esa nova etapa da súa vida, que é a etapa laboral.

Imos seguir apoiando todos os mozos de Galicia financiando ese carné de conducir para coche, para camiión e para autobús, para que se poidan incorporar ao mercado laboral. Imos seguir concedendo cada vez máis carnés xoves, de doce a trinta anos, dos que xa dispoñen nestes momentos catrocentos mil mozos da nosa comunidade que lles ofrece descontos non soamente en Galicia, senón tamén en España e en Europa.

Vai seguir contando a mocidade de Galicia con todo o apoio do Goberno galego, con todo o apoio da Xunta de Galicia, porque eles son o futuro da nosa sociedade. Por iso, pero tamén porque queremos que esta sociedade estea formada, que estea preparada, que teña cada vez máis oportunidades; e tamén, por suposto, que sexa libre de decidir como pensar e como incorporarse ao futuro, e que o decidan por eles mesmos.

Dende a Xunta de Galicia, organizando estes campamentos, estes minicampamentos, estes intercambios, estes campos de voluntariado, imos seguir espertando o interese de moitos xoves por continuar coñecendo a súa terra e tamén por continuar coñecendo o resto do mundo. Imos afondar no seu interese de ampliar a súa formación e de favorecer sempre a inserción laboral da xente xove de Galicia. Ímolles permitir socializar e tamén coñecer outros mozos e coñecer outras realidades. Imos seguir apostando pola campaña de verán, porque iso significa apostar por Galicia, situar sempre a nosa comunidade como unha comunidade involucrada na conciliación e no apoio familiar. Imos seguir situando a nosa comunidade como un lugar san onde nacer, onde crecer e onde formarse. E tamén imos continuar situándonos sempre como unha comunidade de referencia, como unha comunidade responsable, que apoia os nenos, que apoia as familias, pero que tamén vai traballar sen descanso por todos eles, por todos os xoves de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleira.

Saudamos os alumnos —agora son o segundo grupo— de cuarto da ESO do IES de Poio, Pontevedra. Benvidos ao Parlamento, e tamén á súa profesora e ao seu acompañante.

E continuamos coa orde do día, co punto 3, neste caso son as mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Otero.



**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

Falabamos agora de xuventude, e nunha comparecencia a petición propia sobre políticas de xuventude nós falabamos do contexto da xuventude galega. O Partido Popular dicía que iso era escapismo, que eles ían falar só de campamentos, pero acabou falando a señora Arias da A-6, da Lei do «só si é si», de peras, de olmos e da política do non polo non. Ben, daría para moita brincadeira se non fose polo serio contexto da situación.

Polo tanto, nós seguimos traballando —como adiantabamos— cunha iniciativa como esta, que fala de educación, que fala de cohesión social e dun dereito básico constitucional tan simple como que o ensino básico é obrigatorio e gratuíto —así o di a Constitución; aí non haberá debate—, pero que na nosa comunidade autónoma, dende o ano 2009, polo gasto en libros e material, para moitas familias supón un esforzo económico elevadísimo —en moitos casos inasumible—; entón este dereito non é efectivo.

Non só isto é así —é algo que establece, como dicíamos, o artigo 27.4 da Constitución española—, senón que a favor de incluír os materiais curriculares obrigatorios e os libros de texto de xeito gratuíto téñense pronunciado todo tipo de institucións e colectivos como o Defensor do Pobo, o Consello Escolar do Estado, as ANPA e os sindicatos. Curiosamente, o propio presidente, por certo, do Partido Popular, o señor Feijóo, no comezo do curso, dicía que había que aumentar o fondo estatal de axudas a libros de texto porque era absolutamente inxusto —¡atención!— que as familias tivesen que afrontar os gastos do inicio de curso con ese gasto en libros e material escolar. O señor Feijóo, ¿verdade? Aquí, en Galicia, xa o sabemos —e as familias sobre todo sábeno moi ben—, porque teñen que desembolsar cartos —dicíamos—; cantidades moitas veces inasumibles ao comezo de cada curso escolar. Foi unha das súas primeiras decisións como presidente do Goberno galego, ¿verdade?, cargarse ese sistema de préstamo universal de libros de texto que viña funcionando, tras ser implantado polo Goberno que presidía Emilio Pérez Touriño.

Ben, nós, dende entón, e durante todos estes anos, non só neste contexto de crise, dende o Grupo Socialista, vimos denunciando de xeito incansable que as familias galegas padecían este sistema de axudas parciais aplicado polo Partido Popular, que ademais é ineficaz e insuficiente, como temos xa argumentado, e nun contexto como o actual, moito máis. Pero é que, ademais, na actualidade, imos vendo como noutras comunidades autónomas o sistema de banco de libros, ese modelo de préstamo e reutilización, xa está difundido de xeito universal cada vez en máis comunidades autónomas e xa son moi poucas as que manteñen ese modelo de bolsa ou de axuda económica para adquirir os libros de texto. Por exemplo —diciámolo e repasabámolo durante o debate da interpelación co conselleiro—, a Comunidade de Andalucía, a Comunidade Valenciana, Extremadura, Madrid e Navarra contan cun programa de gratuidade dos libros de texto nas etapas do ensino obrigatorio para todo o alumnado, establecido por lei e, por tanto, convérten e fan ese dereito constitucional efectivo. Igualmente, este programa de gratuidade de libros de texto comezou de xeito paulatino no curso 2018-2019 na Rioxa, e finalizou —como dicíamos— no presente curso. Polo tanto, progresivamente, dependendo das decisións de cada comunidade autónoma, vaise cumprindo ese mandato constitucional sobre a gratuidade do ensino no Estado.



Nós, á marxe do que fan as comunidades autónomas, defendemos —como dicíamos— dende o PSdeG-PSOE este modelo de gratuidade dos libros de texto de xeito constante. E neste contexto, pensamos que as familias galegas —ademais, vendo o que está acontecendo no conxunto do Estado e aínda máis agora, nesta situación— non poden quedar como cidadás e cidadáns de segunda ante o avance da completa gratuidade dos libros de texto que se está producindo en España. Por iso, corresponde —pensamos— deixar ese non polo non —do que se falaba antes— e agora si dar o paso decisivo e regular por lei o dereito de todos os alumnos e alumnas galegas a contar coa gratuidade de todo o material curricular didáctico obrigatorio, impreso ou dixital, sen establecer barreiras ou límites económicos.

Manter esta negativa da Xunta do Partido Popular é manter, ademais —tendo en conta o que está acontecendo nestas comunidades do Estado—, un agravio importante para as nosas familias respecto dunha boa parte do Estado, pero tamén —jollo!— con respecto a localidades da nosa comunidade que en función das decisións e apoios que están asumindo sen ter as competencias —falabamos do Concello de Vigo— pois tamén están habilitando esas axudas. Ao final, dependendo dun concello ou doutro, dunha sensibilidade ou doutra, pois existen esas diferenzas e ese agravio entre alumnas e alumnos segundo a localidade ou a comunidade onde estuden.

Dá igual, polo tanto, a crise que azouta as economías das familias galegas —pandemia, suba da luz, do gas, do combustible, inflación ou crises globais—, o Goberno da Xunta de Galicia —tamén a Consellería de Educación— camiña coma se nada pasase. Neste curso que está a piques de rematar nós non conseguimos, a pesar de varios intentos e por distintas vías, nin medidas extraordinarias nin de reforzo para que o estudantado —sobre todo tamén na etapa non obrigatoria, o que vive fóra das súas localidades ou que se ten que desprazar a diario— de familias cuxa situación económica se transformou e é máis precaria non vise ameazada a súa formación e permanencia no sistema educativo.

Así que hoxe novamente pedimos e traemos a este Parlamento algo tan básico como garantir non só ese acceso gratuïto, en equidade e en igualdade ao dereito na educación, senón tamén a permanencia; esa remuda necesaria á que teñen obriga todas as administracións de calquera obstáculo socioeconómico que impida a permanencia, non só —dicíamos— na etapa do estudo obrigatorio, senón tamén do postobrigatorio. Sabemos, ademais, que as taxas de emprego aumentan a medida que aumenta o nivel de formación. O 78 por cento das mozas e dos mozos con estudos terciarios ten emprego no conxunto do Estado, 20 puntos porcentuais por riba dos que teñen como titulación máxima a ESO. E —xa o dicíamos antes— en Galicia, por primeira vez despois dunha década de cifras positivas —que nós así saudamos— e de retroceso en canto á taxa de abandono escolar, a última enquisa de poboación activa, que analiza ese abandono escolar, recolle o último dato —a ano cerrado, que corresponde ao 2022— e sitúa a nosa comunidade por primeira vez nunha década en retroceso. Galicia pechaba o 2022 cun 9,9 por cento —case un 10 por cento— de abandono escolar entre os 18 e os 24 anos; mozos e mozas que non puideron completar a segunda etapa de educación secundaria e que non seguían a formación. Estamos falando de 2 puntos máis que o ano anterior, e estamos falando de tres veces máis de incremento que o incremento que se produciu tamén no ano 2022 no conxunto do Estado.





Daquela, cando o conselleiro de Educación viña a este Parlamento presumir desa redución —que nós saudamos, insistimos, positivamente nesta década— da taxa de abandono escolar, falaba directamente de que iso era mérito das políticas da Consellería de Educación, aínda que esa fose a tendencia no conxunto do Estado, ao igualarnos pouco a pouco á media da Unión Europea. Cando lle preguntamos que acontece para que en Galicia aumente máis esa taxa de abandono escolar, cando ademais en Galicia non existe nin se puxeron en marcha o pasado ano, nun contexto de crise, mecanismos extraordinarios de apoio por parte da Xunta de Galicia —si por parte do Estado— para apoiar o estudantado galego, di que a culpa..., que non ten nada que ver, e que esta boca non é miña.

Polo tanto, acabamos de pechar un curso —practicamente, pechámolo agora— de enormes dificultades económicas e sociais para as familias galegas, que viron como, sen ter apenas superados os efectos da pandemia e doutras crises, pois as azoutaba a actual crise de prezos. Como dicíamos, sabemos, ademais, que nenas e nenos, que mozos e mozas, xunto ás mulleres galegas, son os sectores máis vulnerables. Polo tanto, nós consideramos que desenvolver todas esas ferramentas posibles está na man da Xunta de Galicia, da Consellería de Educación, para que ningún rapaz ou rapaza quede atrás. Debería ter sido e é máis que nunca unha obriga. Pero non o vemos, estamos a tempo de facelo e estamos agora no momento de planificar a entrada no curso que vén.

En contraste —a pesar do voto en contra do Partido Popular, por certo, falando de modelos—, nesta lexislatura o Goberno do Estado ten asumido ese aumento histórico no Programa de axudas e becas ao estudantado, que son máis de 2.500 millóns, un 70 por cento máis de orzamento só para bolsas e axudas a estudantes do que existía no último orzamento do Partido Popular. Pero é que, ademais de implementar nos orzamentos esa subida no Programa de bolsas e axudas, tomáronse —que é o que pedimos tamén nós aquí en Galicia, neste contexto— outras medidas extraordinarias como créditos orzamentarios para axudar a esas necesidades extraordinarias de estudantes ou estudantas que teñen que vivir fóra das súas localidades, ou tamén para aqueles alumnos e alumnas que teñen necesidades específicas ou precisan ese esforzo económico adicional que asumiron as súas familias.

Nós pedimos, polo tanto, algo tan básico como é recuperar ese sistema de libros de texto e material gratuíto —que existe e que está implantando o conxunto do Estado, o resto de comunidades autónomas, mesmo gobernadas polo Partido Popular— e que se estea tamén á altura das circunstancias nun momento de contexto económico especial para paliar que eses mozos e mozas que se están a ver obrigados a abandonar de xeito prematuro os seus estudos e a súa formación poidan continualos.

De momento, máis nada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lourenzo Sobral.





**O señor LOURENZO SOBRAL:** Moitas grazas, presidente.

Un saúdo tamén ao alumnado de Poio; veciños de alí, de Soutomaior, da comarca de Pontevedra.

Nós queremos anunciar, antes de nada, o noso voto favorable a esta iniciativa. É unha iniciativa que nós trouxemos en diversas ocasións, con temas practicamente similares, tanto na Comisión 4<sup>a</sup>, de Educación, coma neste propio Parlamento. Pero cremos que, ademais, é importante que teñamos aquí alumnos e alumnas, profesorado e comunidade educativa que padece dalgún xeito todos estes problemas dos que hoxe aquí estamos a falar.

Porque, si, estamos a falar certamente de bolsas, de bolsas ás que vostedes (*O señor Lourenzo Sobral sinala coa man unha parte do hemiciclo.*) lles endureceron os criterios para acceder a elas. Estamos a falar tamén de gratuidade de libros de texto; gratuidade de libros de texto que foi suprimida no seu carácter universal. Polo tanto, eu creo que a pouco que rabuñemos debaixo de todas estas medidas o debate que estamos a dar é un debate, cando menos, de modelo educativo, pero eu creo que incluso moito máis, é un debate de modelo social. As dúas perspectivas que aquí, neste Parlamento, podeades —podemos— ver a respecto do que debe ser a educación, a respecto de como debemos de achegarnos á educación, son o que en pedagogía se dá en chamar «o darwinismo educativo»; isto é que calquera de vós, (*O señor Lourenzo Sobral sinala coa man o alumnado que está na tribuna de convidados e convidadas.*) polo mero feito de estar sentados nunha aula, e independentemente de cales sexan os condicionantes sociais do alumnado, está en igualdade; *ergo*, teñen que estar tratados desa mesma maneira. E o outro modelo educativo —no que nós cremos, no que nós confiamos— é o modelo educativo social, que parte de que para que calquera alumno poida exercer con garantías o seu dereito á educación debemos atallar as dificultades económicas de base, debemos atallar e atenuar na medida do posible as dificultades sociais, para que esa igualdade da aula sexa igualdade real e sexa igualdade efectiva.

Pois ben, o que estamos a ver en todos estes debates que acaba de traer a señora Otero e mais que se veñen dando con asiduidade nesta Cámara son os exemplos claros de como as diferentes forzas políticas se posicionan nun ou noutro modelo educativo.

E aquí acabamos de ver como o Partido Popular hai escasos días, na comparecencia que tivemos aquí, por exemplo, do conselleiro de Educación, do señor Román Rodríguez, daba bo exemplo de cal era o seu posicionamento. Son posicionamentos —se se me permite— lexítimos, se se quere, mais en tanto en canto non se revistan de relato socialmente aceptable para adoptar medidas que atentan directamente, ao noso xuízo, contra a igualdade de oportunidades. E diso é do que estamos a falar.

Porque cando falabamos o outro día —e aquí o conselleiro así o facía— da cualificación numérica a respecto da LOMLOE e desprezaba as cualificacións cualitativas, ¿de que estamos a falar? Eu pregunto a calquera dos deputados ou deputadas que aquí estamos, a calquera dos alumnos: cando o Partido Popular fala de cultura do esforzo, ¿é o mesmo esforzo o que realiza unha alumna pobre, de etnia xitana, por exemplo, que saca un 7 e á que na súa casa ou no seu contorno familiar non se favorece que estea instalada nun modelo educativo que



o que fai calquera persoa cun contorno familiar no que lle facilitan que ten que dedicarse unicamente ao estudo? ¿O 7 e o 9 —notas cuantitativas— reflicten o esforzo que está realizando ese alumno?

Pero podemos ir máis alá. Cando estamos a falar —creo que tamén é algo que é acorde, segundo a intervención do conselleiro do outro día, con este debate— de bolsas, cando estamos a falar da realidade académica e enchemos a boca cos datos do Informe PISA, e cando mesmo maquillamos os datos de profesorado, por exemplo, ou os datos de ratios na dispersión da poboación, eu preguntome: ¿é de recibo que, co último dato que temos, Galiza teña o peor resultado de todas as comunidades do Estado —con Canarias— na selectividade? Os datos é que son demoledores: 88 por cento de aprobados fronte —falo de memoria— ao 98 por cento que creo que tiña a primeira no ranking, que era, se non me engano, La Rioja. Mais a nota media máis baixa era un 6,4. ¿Abstraémonos de todo isto?, ¿valoramos todo o noso sistema educativo con base en PISA, que é do que se fala —sabemos que é un estudo segmentado, parcial, que non abrangue a todo o alumnado—, e esquecemos isto?

¿Que é o que acontece cando PISA, segundo datos do conselleiro, debuxa un sistema educativo que nos sitúa na vangarda..., bla, bla, bla? Estamos aburridos de escoitar este tipo de intervencións aquí, neste Parlamento. Pero, pola contra, os datos de selectividade nos sitúan de últimos do Estado. ¿Teremos algún tipo de agravio a ese respecto, verdade? Entón, polo tanto, ¿cal é a solución por parte do Partido Popular? Esquecernos de todo isto. A solución é: proba única e que decidan en Madrid como ten que ser a selectividade que faga o alumnado galego; que decidan en Madrid, a pesar de que temos un 60 por cento do currículo que non decide no Estado como debe ser o acceso á universidade.

Non estamos a falar só dun modelo educativo competitivo, que é o que está a defender o Partido Popular; estamos a falar, ademais, dun modelo educativo centralista.

E neste tipo de cuestións, cando falamos, por exemplo, da gratuidade dos libros de texto, eu creo que na propia maneira de designar este programa ía a culpa ¿verdade? Porque dabamos en chamalo —daban en chamalo—: gratuidade solidaria. Un modelo non universal, que chegaba... —depende como esperte o conselleiro de Educación pola mañá— ao 60 por cento —di un día— ou ao 80 por cento —di outro—. Ten dado os dous datos publicamente.

Pero, en todo caso, ¿como se mastiga que sexa solidario que con 15,09 millóns de euros teñas un sistema de gratuidade parcial, que non afecta todo o alumnado, e que con 14,4 teñas un sistema universal? ¿Que tipo de solidariedade é esa? ¿Que tipo de xustiza é esa? E xa, no que é o centro do debate: ¿que tipo de eficiencia na xestión hai aí?

Bolsas. É que aquí, neste propio Parlamento, se votou en contra de implementar un modelo de bolsas para o ensino universitario e para o ensino medio, motivadas na inflación, na perda de condicións de vida que se estaba producindo na sociedade, alegando que non tiñan competencias para facer iso. Dá igual o que se estableza no artigo 31 do Estatuto de autonomía ou no 108.1 da Lei do SUG. Daba igual. Non había competencias, era competencia do Estado, cando tres meses antes acababan de establecerse as bolsas anticovid por parte do propio Go-



berno galego. Polo tanto, o que se está é vestindo de relato sistematicamente o que é unha decisión absolutamente ideolóxica.

E a respecto do último tema que se infire da moción do Partido Socialista, pois vemos o papelón que tivo aquí o outro día o conselleiro de Educación. Porque eu recordo perfectamente un debate que tivemos o ano pasado a respecto do abandono escolar, no que aquí, nesta tribuna, lle dixemos con absoluta claridade que os datos de abandono da pandemia non eran fiables por unha razón evidente que todos estabamos a ver no sistema educativo: que se estaban a relaxar os criterios de avaliación, habida conta da imposibilidade de impartir aulas con normalidade. Iso díxose aquí. E naquel entón —e tiven que ir a aquela intervención— o conselleiro avalaba esa redución do abandono escolar daquel momento na excelencia, na eficaz xestión da Xunta de Galiza. Iso era o que estaba a trasladar naquel entón o conselleiro. Daba igual que en Ceuta, por exemplo, a taxa de abandono escolar dun ano para outro se reducise á metade, non había ningunha anomalía, a cuestión era a xestión eficaz.

Loxicamente, nin este ano o incremento obedece exclusivamente a circunstancias socioeconómicas —non é así; nós así o consideramos— nin, de ningunha maneira, naquel entón a evolución do descenso da taxa de abandono escolar —que se deu, por certo, de maneira paralela na última década en todo o Estado e que obedece na inmensa maioría dos casos ás circunstancias socioeconómicas— tiña relación con este tipo de cuestión. Creo que ningunha administración pode sacar peito. ¿E a proba cal é, señores do Partido Popular? Que falamos do abandono escolar na secundaria. Pero cando chegamos á universidade, ¿que pasa? Primeiro ano de universidade: 15 por cento de abandono escolar no primeiro ano de grao —a máis alta do Estado outra vez—. Polo tanto, aí é onde se poden cotexar os datos e analizalos con seriedade.

Así que nós manifestamos o noso voto favorable a esta iniciativa.

Se me permite o presidente dous minutiños... *(O señor Lourenzo Sobral diríxese ao presidente.)* Acabei o mandato, parece ser, a lexislatura —esta é a miña última intervención— sen ningunha tarxeta amarela; agardo que non sexa hoxe a primeira por me exceder.

**O señor PRESIDENTE:** A miña intención é que se despidan todos despois...

**O señor LOURENZO SOBRAL:** Pois paréceme máis adecuado.

**O señor PRESIDENTE:** ..., que todos se despidan despois. Son varios os que se van, entón, ao final do pleno, darémoslles a palabra.

**O señor LOURENZO SOBRAL:** E, ademais, así arriscamos a que non sexa amarela hoxe.

Graciñas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira.



**A señora DÍAZ MOUTEIRA:** Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Señora Otero e señor Lourenzo, a verdade é que este Grupo Parlamentario Popular lamenta enormemente que as señorías da oposición teñan unha visión tan, tan distorsionada da realidade do sistema educativo galego; non só unha visión distorsionada, senón que ata as veces parecería que a Xunta de Galicia fose culpable da alza de prezos da enerxía, da luz, dos combustibles e da complicada situación económica na que nos atopamos.

Repíte, señora Otero, unha e outra vez os mesmos argumentos, e sempre inexactos, falsos e incorrectos. ¿Acaso vostedes pensan que o Goberno galego é responsable desta situación ou que está a endurecer criterios? Miren, por riba de todo, e diante, sobre todo, de posicionamentos lexítimos — ¡xa faltaba, señor Lourenzo! —, persisten no seu intento de sementar dúbidas, parecendo un tanto arriscado que o PSdeG estableza unha relación directa, como se sobreentende do seu discurso, entre os recursos dedicados pola Xunta de Galicia á educación e os resultados do abandono escolar. E o BNG pois prefire, como sempre, acudir ás súas políticas ou á ideoloxía do illamento.

Señora Otero, eu creo que debería mirar para a casa, para a casa *made in* señor Sánchez, que nos levou a esta inflación totalmente desbocada. E así o recado, o primeiro aviso a navegantes que deixou no pleno, ao mellor deberíao recoller — e xa o recolleu — o señor Sánchez o pasado 28 de maio, señoría. Así que non tardou nada en repregar velas e convocar eleccións.

Mire, señora Otero, presume vostede, cada vez que sobe a esta tribuna, dese modelo exemplar, modélico e magnífico do sistema do bigoberno, no que profundarei, pero vou facer primeiro unha reflexión. Gratuidade, modelos educativos sociais, dimensión social da educación, axuda ás familias... ¿Pero vostede non se dá conta cando fala? Tan boa non sería esa política educativa, porque en catro anos os mandaron para a casa. ¿E quen os mandou para a casa, señora Otero e señor Lourenzo?, ¿quen os mandou para a casa? As galegas, os galegos; as familias, que tan contentas terían que estar co seu modelo de barra libre. *(Aplausos.)*

Miren, o Bipartito, en anos de bonanza económica, subiu en tres anos a taxa de abandono escolar. Si, do 23 ao 26 por cento. ¡É que hai que recordalo, porque os datos non se disfrazan nin desaparecen! «Familias que padecen un sistema ineficaz e ineficiente». ¿Como cualificamos, entón, o sistema do Bipartito? Miren, nunca foi universal e nunca funcionou, por moito que lles dean a volta aos datos. Recibí constantes críticas das familias, dos centros educativos, dos libreiros, dos editores... O seu modelo — si — xeraba tales problemas de xestión aos centros que, ¿cal foi a solución exemplar do desgoberno? Contratar unha empresa privada para a xestión dos libros de texto. A min, a verdade, é que moi coherente non me parece o seu discurso, pero ben, ¡se a vostedes lles gusta...!

E, claro, en 2009, señora Otero, volveu o PP, volveu o malo, malísimo do señor Feijóo, e tomou decisións, pero ¿cales tomou e por que as tomou? Para devolver a débeda herdada do



Bipartito. E diso dou fe, das miles de facturas que había nos caixóns. Porque é moi fácil invitar sen pagar. Vostedes ben sabían o pouco tempo que lles quedaba, xa o tiñan claro, entón, pois que pague o que veña.

E claro, claro, señor Lourenzo, que se optou polo modelo de xestión ou de axudas de gratuidade solidaria. E como sería ou como será que as galegas e os galegos —fíxese— e as familias levan catro lexislaturas apoiando e votando este sistema educativo do Goberno galego do Partido Popular. (*Aplausos.*) ¿Onde está a coherencia, señora Otero?

Eu, sinceramente, creo que deberían pensar o seu discurso oportunista e irreal, con mensaxes que levan a engano. ¿Sabe que ven as galegas e os galegos? Que Galicia é a comunidade máis equitativa dos países da OCDE e que Galicia é a comunidade máis equitativa de España, o que acredita, señorías, unha preocupación maiúscula pola igualdade de oportunidades para loitar deste xeito contra o abandono escolar. Galicia acadou nos derradeiros anos os mellores datos de taxa de abandono escolar, por debaixo da media nacional.

E mire, señor Lourenzo, no que respecta á ABAU, vou facer un inciso, aínda que non é o tema de hoxe. Quero dicirlle que non deciden en Madrid, señor Lourenzo. O único que pide o Goberno galego son criterios homologables —¡homologables!— para que non haxa discriminación. E o BNG di defender tanto a Galicia, pero non apoia estas iniciativas. E para blindar que Galicia siga sendo equitativa, mire, xa se anticipou con moito, no curso que está a rematar, na adopción de medidas para facer fronte a esa alza de prezos e tamén xa se está adiantando con tempo a adoptar medidas para o vindeiro curso.

Mire, a ver o que lle parecería máis xusto: ¿que lle paguen os libros a vostede, señora Otero, ou que mos paguen a min, ou ao señor Lourenzo, ou á señora Pérez? ¿Parécelle xustiza social que ao neto do señor Amancio Ortega lle paguen os libros? ¿A vostede iso parécelle xusto? Contésteme, por favor, despois, na súa réplica. (*Murmurios.*) Pois ao Goberno galego e a este grupo parlamentario, rotundamente non, (*Murmurios.*) porque este grupo e o Goberno galego están ao lado de quen máis o precisa. Si, señorías. Porque eu, vostede e vostede (*A señora Díaz Mouteira sinala coas mans algúns deputados ou deputadas.*) non o precisamos. Hai que estar a carón de quen máis o necesita. E vostedes non escoitan, (*Aplausos.*) non escoitan cando debatemos no Pleno desta Cámara. ¡É así! Hai que estar ao lado do que máis o necesita. Falámolo no Pleno e falámolo na Comisión, e así o dixo o conselleiro de Educación e o deixou ben claro, pero, ao mellor, a forza de repetilo, igual ven que a realidade é outra.

Mire, no presente curso 2022-2023, o Goberno central estivo de brazos cruzados e sen facer nada durante o inicio do curso escolar, ata que reaccionou mal, tarde e nunca. O Ministerio da señora Alegría non reparte nin sequera por igual eses fondos estatais —que vostede di— de libros de texto.

«¿Aumento histórico do Estado?» ¿Onde e cando? ¡Por favor! Mire, mentres, a Xunta de Galicia aforroulles ás familias máis de 107 millóns con medidas en materia de axudas de libros, de material, de comedores escolares, de equipamento, de materiais didácticos. O transporte escolar é cen por cento gratuito. A Xunta é a que máis orzamento destina a este servizo, 117 millóns. E, por suposto, case 19 en taxas universitarias.





Mire, as medidas xorden, pero xorden dun traballo previo, serio, que permite estar preparados ao inicio do curso e non ter reaccións tardías, como o Goberno do señor Sánchez, que simplemente fixo anuncios populistas, pero tampouco vaia pensar que nos colle por sorpresa. Para o novo curso séguese a actuar con responsabilidade, mire: reforzo dos servizos de comedores, unha suba do 21 por cento por menú na xestión indirecta. ¿Iso non é axudar as familias, señora Otero, cun incremento de beneficiarios, mellora na prestación, na organización, na atención de alumnos e cun incremento do 20 por cento por alumno e menú na xestión propia da Xunta de Galicia?

Un servizo de comedor baseado na renda familiar é un dos sistemas máis xustos e asequibles: un 20 por cento no incremento da aportación ás asociacións nos servizos de comedor adaptado para os alumnos con necesidades educativas especiais, un 30 por cento máis no servizo de transporte adaptado, e máis axudas para a compra de libros de texto, por primeira vez 60 euros para todas as familias con renda de ata 100.000 euros per cápita.

Mire, señora Otero, as nosas mozas e mozos —que vostede insiste— de entre 18 e 24 anos contan un ano máis coa conxelación das taxas universitarias; un aforro ás familias —que estamos axudándolles ás familias e estamos a carón delas— de 16 millóns. Son trece anos consecutivos de aplicación, e somos referentes no Estado.

E, mire, volve facer un inciso tamén nas becas deses universitarios que se atopan con dificultades económicas sobrevidas, como os galegos e as galegas universitarios retornados. Aí tamén estamos a axudar con 17.000 prazas máis no sistema universitario público de Galicia. E con máis prazas de FP, máis ciclos... ¡Por favor!, estamos a falar no tramo de idade de entre 18 e 24 anos.

A Xunta de Galicia segue a defender e cre na utilidade e na idoneidade do modelo de gratuidade solidaria, pero o PSdeG, despois dunha década e como mudaron os tempos, segue insistindo no modelo do Bipartito. Pero mire, ¿sabe o que esconden vostedes? Unha aplicación apresurada da LOMLOE sen contar coas comunidades autónomas, obrigando as familias a maior desembolso co cambio dos libros e tamén, pois iso, non tomaron as medidas axeitadas no inicio do curso.

Aquí combínanse axudas económicas para a adquisición de libros, fondo de libros para 80.000 alumnos, preto de 27.000 mil beneficiarios na axuda de adquisición de manuais de primeiro e segundo de primaria e de educación especial, cheques para a compra de material escolar, utilización do libro dixital, 60.000 usuarios. Conta, polo tanto, cun modelo que evoluciona cos tempos e que está a funcionar.

O de vostedes, señorías, é populismo e atreveríame ata a dicir que do malo, porque fan propostas co único motivo de buscar un titular. Mire, axudar as familias é investir en educación e estar ao carón das familias que máis o necesitan. Esa é a folla de ruta do Goberno galego: axudar as familias e seguir mellorando o sistema educativo galego. E quero recordarlle que Galicia se posiciona como a terceira comunidade autónoma coa mellor nota en educación pública. Tan mal non se estará a facer.

Repensen o seu discurso —e remato xa—.





Galicia, insisto, é a comunidade máis equitativa dos países da OCDE e Galicia é a comunidade máis equitativa de España. Señora Otero, señor Lourenzo, esta é a realidade.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Díaz Mouteira.

Polo grupo autor da moción, a señora Otero.

**A señora OTERO LAGO:** Grazas, presidente.

A verdade é que nos gusta centrar o debate na iniciativa en concreto, pero convidábame a señora voceira do Partido Popular a que mirase para a casa, para o Goberno do señor Sánchez en materia de economía. Si, podemos falar da afiliación histórica e sen precedentes á Seguridade Social, da redución de emprego, da reforma das pensións, da subida do salario mínimo vital e profesional... Pero, mire, para iso a señora Nadia Calviño, vicepresidenta e ministra de Economía, ten lanzado nas últimas horas unha proposición para contrastar modelos económicos ao Partido Popular que ten agochado a cabeza, (*Aplausos.*) ¡que ten agochado a cabeza! O que é o milagre económico do Estado español a nivel europeo non é a afirmación desta deputada a nivel europeo, mesmo recoñecido a nivel internacional, e o Partido Popular négao e mesmo emprega ese argumento nun debate. ¡É para facelo ver!

Mire, señora Díaz Mouteira, máis alá de xeneralidades, eu falaba de Madrid, de Andalucía, de Navarra, da Rioxa, de Extremadura, de Valencia..., onde as familias non pagan polos libros de texto. Sabe vostede que o sistema implantado aquí polo señor Feijóo, ademais de máis caro, porque cada ano hai que mercar libros e para menos familias, non chega á totalidade das familias galegas e é absolutamente ineficaz.

Claro que estamos falando de modelos, e falaba vostede de populismos. Eu falo de orzamentos xerais do Estado: a máis de 2.500 millóns de euros para bolsas e axudas ao estudantado —un 70 por cento máis que no último orzamento do Partido Popular— vostedes, señorías do Partido Popular, votan non; ao maior investimento de gasto público en educación da historia do Estado o Partido Popular votan non; a un sistema de reformas de bolsas para axilizar esas axudas, a que haxa certezas antes do comezo de curso e se axilicen os ingresos, o Partido Popular vota non; ao crédito extraordinario para estudantes que viven fóra das súas residencias o Partido Popular vota non —todo isto, afortunadamente, saíu aprobado e está en vigor este curso—; a aumentar 2.500 euros as bolsas para estudantes que viven fóra das súas localidades este curso por parte do Goberno do Estado —falamos de modelos— o Partido Popular vota non; a aumentar as bolsas ao estudantado, ao alumnado con necesidades específicas e especiais, o Partido Popular vota non. Fala vostede de populismo, pois as transferencias en materia educativa ás comunidades autónomas multiplicáronse por catro, a pesar do Partido Popular.

Efectivamente, vostedes empregan ese Informe PISA, que lles vale para todo. Pero —dicíao o voceiro do BNG—, ¿que aconteceu coas notas da selectividade do alumnado galego? ¿Que aconteceu co aumento do abandono escolar dos 18 aos 24 anos o pasado ano 2022, onde na



nosa comunidade triplicamos o aumento do abandono escolar con respecto ao conxunto do Estado, señora voceira do Partido Popular?

En definitiva, como dicíamos, hai precedentes —e xa o dicía aquí— de casos nos que se implementaron bolsas de carácter extraordinario, pero o que falla é a vontade e a empatía; unha cuestión absolutamente de modelo. Estamos a ver o impacto tamén no benestar e no estado anímico, por certo, dos alumnos. E co que nos atopamos por parte da Consellería de Educación é cunha ausencia absoluta —diciámolo antes—, cun silencio. Non hai unha medida extraordinaria, plantexa como se plantexa, para facer fronte a esta situación.

En 2009, o señor Feijóo —como dicíamos—, entre as súas primeiras medidas, el dicía que tiña como obxectivo acabar e destruír o legado do Goberno progresista anterior. ¿Sóalles o discurso, verdade? ¿Sóalles o discurso? Dentro desas primeiras medidas estaba a supresión da gratuidade universal dos libros de texto na escola pública, que nunca volveron ser universalmente gratis. Tamén lembro unha das primeiras medidas en materia de vivenda: rebaixar a porcentaxe de vivenda protexida. Polo tanto, tamén despois destes anos outra das medidas do señor Feijóo é que teñamos en Galicia menos vivenda pública por habitante que no conxunto do Estado.

Despreza a educación pública o señor Feijóo, que despreza —por certo tamén— a existencia dun ministerio de igualdade nun país con máis de 1.200 crimes machistas e cunha violación cada tres horas. ¿Que vai facer coas pensións?, ¿que vai facer en materia salarial?, ¿que vai facer coa reforma laboral, ademais de recortar, conxelar, desmantelar e derrogar? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Otero.

### **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Popular e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Teresa Egerique Mosquera, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de substitución.*

*Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:*

- 1. Axilizar os traballos conducentes á potencial desafectación polo Estado de Dominio Público Marítimo Terrestre de superficies sen uso ou sen expectativa de uso portuario, hoxe chan portuario de xestión autonómica, ao obxecto da súa posible transformación en chan municipal.*



2. Incluir no expediente de tramitación a solicitude expresa de cada concello.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Rosana Pérez Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:*

«4. En todo caso, dada a dilatación dos procedementos de reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos e mentres non finalicen, Portos de Galiza:

- non poñerá ningún tipo de impedimento ás instalacións e usos de carácter puntual e/ou temporal propostos polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro.

- eximirá aos Concellos e ás entidades sen ánimo de lucro do pago das taxas establecidas nesos terreos.»)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e todos.

Despois dunha interpelación pouco produtiva do pleno pasado na que, ante as evidencias que este grupo mostrou unha vez máis sobre esta cuestión que nos aborda e das que recibimos basicamente moito berro, moito berrinche, algún insulto, algún menosprezo e moi poucas aclaracións, intentaremos hoxe, a través da moción, ser capaces de chegar a un novo acordo neste Parlamento ou ben retratar o Partido Popular. Nunca se sabe que vai ocorrer.

En todo caso, o acordo que imos propoñer xa lles adianto que foi, nas súas diferentes formas, votado neste Parlamento noutras ocasións. E vostedes preguntaranse —e ben preguntado estará— por que hai que someter a votación un acordo que xa está aprobado. Pois basicamente porque se aprobou, pero nunca se cumpriu, especialidade da casa do Partido Popular: votamos a favor das cousas, pero logo non as cumprimos, porque total ¡que máis dá arrastrar este Parlamento, cuspir e pisotear enriba del, que total non pasa nada!

Pois como a nós nos parece que isto é moi importante e que o Parlamento ten que ser respectado, tratamos esta cuestión co máximo respecto e presentamos novamente unha iniciativa para intentar resolver unha cuestión que é moi preocupante. Vostedes, se nalgún momento atenderon a iniciativa que presentamos, a interpelación que presentamos no pleno pasado, ou atenderon a algún debate sobre esta cuestión, xa coñecen que se trata daqueles terreos que orixinalmente eran de propiedade portuaria, porque Portos, neste caso Portos de Galicia —aínda que tamén poderíamos falar das propiedades de Portos do Estado—, ten terreos nos diferentes concellos que teñen portos en Galicia, e aínda que orixinalmente eran de uso portuario, relacionados co ámbito marítimo, hoxe xa non o son porque se lle foi ga-



ñando terreo ao mar, porque urbanisticamente os concellos tampouco foron moitas veces moi acertados urbanisticamente e, en definitiva, porque os usos cambian, e saben que moitos deses terreos quedaron sen ningún uso de tipo portuario.

A pesar do que a Xunta de Galicia, a través da súa conselleira, quería contradicir a semana pasada, de que esta realidade non era así, a propia Xunta xa recoñeceu que, efectivamente, isto ocorre. E é certo, a Xunta recoñece que ten baixo o seu dominio, baixo a xestión de Portos, terreos que non teñen nada que ver cun uso portuario e que se poden utilizar para a realización de feiras municipais, de eventos de carácter municipal ou supramunicipal, para ser ocupados por negocios, Recoñece isto, pero recoñece non para cedelos, senón unicamente para cobrar por iso, e así o fixo en dúas regulacións: en 2017 e en 2018, recoñecendo que a de 2017 era incompleta. En 2017 fixo unha e poucos meses despois dixo: é incompleta, hai que cambiala —hai que cambiala para cobrar máis, basicamente por se preguntasen vostedes cal era a motivación para cambiala—. E así foi sucesivamente o que foi facendo Portos de Galicia —probablemente o ente máis parasito que existe en todo o territorio; traballar non debe saber, e cobrar é o único que sabe facer; é o ente máis parasito que existe—.

Ao fío diso, nestes terreos moitos concellos —tamén do Partido Popular, tamén dirixidos nalgún momento polo Partido Popular; poucos, porque en realidade no que ten que ser a franxa costeira de Galicia o Partido Popular dirixe poucos concellos con respecto ao total deles, e así vai seguir sendo, a pesar dalgunhas algarabías das eleccións municipais; así vai seguir sendo, van dirixir vostedes poucos concellos da franxa costeira—, a pesar diso, tamén algúns que dirixía o Partido Popular ou nos que participa o Partido Popular como membro dos plenos municipais, aproban iniciativas que veñen demandar da Xunta de Galicia que lles cedan eses terreos; terreos sobre os que —insisto— a Xunta non fai nada, non traballa, non valora, non mellora, non coida, non mantén, como é a súa responsabilidade, pero si cobra por calquera cousa que se queira facer alí. E, por iso, nós demandamos o que demandan os concellos; concellos xestionados por calquera tipo de partido político e onde todos os partidos políticos aquí representados e outros que non están votan a favor desta iniciativa.

¿Que fixo a Xunta? A Xunta inicialmente recoñece que se aproveita disto e fai un regulamento para iso, para dicir: bueno, si, son terreos que xa non teñen que ver co porto, pero o que imos facer é ver como cobramos, que é o que fai inicialmente. Pero, iso si, vota aquí en contra, como votou inicialmente no Parlamento, de devolverlles aos concellos. Pero cambiou o Goberno de España en 2018. ¿E que fixo a partir de aí o Partido Popular? Cambiou o Goberno de España, cambiou o criterio, e o seu criterio pasou a ser: podemos votar a favor, pero a culpa é do Goberno do Estado, que, total, non vai querer facer nada. Isto é o que dicía a conselleira a semana pasada. Intenteillo explicar, non o quixo entender, ou non o entendeu, e inténtollo agora explicar ao Partido Popular; a ver se son capaz de explicalo hoxe.

O Goberno do Estado xa trasladou, xa fixo algunha cuestión como esta, e xa derivou nos concellos algúns terreos portuarios, os que lle corresponde con respecto a terreos de Portos do Estado. Claro, pero faría o mesmo, por tanto —se o fixo cos seus—, con terreos que orixinalmente fosen de portos autonómicos; fíxoo en Santander e fíxoo nas Palmas. E fíxoo un goberno do Partido Popular. Polo tanto, a aquilo que o Partido Popular di que o Goberno do Estado non vai facer, dígolle que xa o fixo cando gobernaba, o que pasa é que o Partido Po-



pular eu creo que ou non se entera ou non se sabe enterar do que fai, como, en realidade, o que lle interesa é aproveitarse desta circunstancia... Por tanto, votou en contra, e cando cambiou o Goberno do Estado, intentou dicir que a culpa era do Goberno do Estado e empezou a votar a favor. Pero votar a favor significa que o acordo deste Parlamento implicaba que o Goberno de Galicia necesita poñer á disposición dos concellos o mecanismo para que os concellos reclamen eses terreos; terreos que, efectivamente, se se desafectan, pasarían a ser propiedade do Estado e, por tanto, aí hai que demandar que o Estado llelos ceda aos concellos, cousa que vai ocorrer, porque —insísto— xa ocorreu, anteriormente.

Pero he aquí que a Xunta de Galicia, que aproba isto, a partir de 2018 aproba sistematicamente a iniciativa do noso grupo neste Parlamento, pero dende o 2018 non presentou nin un só papel cunha proposta. ¿E que é o que lle demandamos dende todos os lugares? Que a Xunta de Galicia presente un procedemento estandarizado para dicirlles aos concellos como deben facer para presentar ou para solicitar algúns terreos; concellos que, como xa lles trasladei, teñen instalacións municipais en terreos portuarios polas que teñen que pagar, como locais de hostalería que de dez metros nun lado a dez metros no outro pagan distintas taxas. Teñen distintas licenzas, poden facer distintas actividades, cuestión que non ten ningún sentido e que só causa confusión e problemas entre negocios que xa bastante teñen como para andar atendendo o que quere facer Portos cada día.

Por tanto, ao Partido Popular o que lle demandamos é que cumpra cos acordos, porque a Xunta leva anos —janos!— sen facer nin unha soa proposta. Defendeu no seu momento que tiña que facelo ante a Fegamp; fágano ante a Fegamp. De feito, vólvolles suxerir: igual estaban esperando —con esa suposta algarabía que vostedes teñen— que a Fegamp fose cambiar de decisión ou de posición política. Xa lles vou adiantando, por se non fixeron as contas, que tampouco, porque vostedes non gañaron as eleccións municipais. Xa lles vou adiantando isto. Polo tanto, van ter que tragar outra vez catro anos seguidos cunha Fegamp que lles vai exixir estas cousas. Entón, o que nós lles demandamos é: cumpran vostedes cos acordos parlamentarios, e o que lles traemos aquí hoxe é un acordo parlamentario que plantexa o mesmo que xa está aprobado para ver se vostedes teñen ou o rostro de votar en contra do que xa votaron a favor, ou o rostro de seguir votando a favor, pero de seguir aceptando que o Goberno non faga nada.

E, mentres todo isto, Portos, a cobrar, ¡a cobrar!; a traballar non, pero a cobrar si. É a institución máis parasita deste país. Portos a cobrar, e cobran polos bares, cobran polas terrazas, cobran polos eventos e cobran polas feiras. Non repoñen nin unha pedra, nin unha, pero a cobrar, e a cobrar e a cobrar. E, por tanto, vostedes seguen mirando para non se sabe onde, esperando que o vento cambie ou esperando que alguén lles veña resolver o problema. E os concellos —e cando falamos dos concellos, non falamos de cores políticas, senón dos concellos, dos cidadáns que viven nos concellos e dos que xestionan os concellos, tamén compañeiros seus, demandan que se cumpra. E cando isto xa foi aprobado aquí, cando a Fegamp xa ten amosado o seu interese en resolvelo, cando o Estado xa ten demostrado que vai reverter eses terreos nos concellos e só falta que a Xunta de Galicia elabore un método estándar para que os propios concellos poidan solicitalo —e levamos cinco anos con isto—, ¿agora que? Isto é o que nos preguntamos: ¿cal é o paso seguinte ante un goberno que incumpre aquilo que se aproba neste Parlamento polo grupo que o sostén e termina por tomar a pitoreo este Parlamento? ¿Que hai que facer, entón?





Nós o que pretendemos é, entón, que voten a favor e que, polo tanto, intentemos dicirle ao Goberno que cumpra dunha vez. Intentaron estar en contra e aproveitarse, intentaron escabullir o problema e aproveitarse e intentaron botar a culpa fóra e aproveitarse, e agora están a incumplir os acordos e mentres aprovéitanse.

Ademais de ser uns aproveitados, nós preguntámoslles se van ser algo máis ca iso e, polo tanto, propoñemos que aprobemos, se puidese ser dunha vez definitiva, que os concellos teñan un mecanismo para demandar que aqueles terreos que lles corresponden, que son de uso urbano e que os veciños utilizan de maneira natural como terreos propios dos concellos sexan reclamados a Portos para que os ceda dunha vez, inicie o procedemento e poidan ser utilizados polos propios concellos para poder coidalos ben —porque hoxe Portos non o fai—, para que os negocios que estean instalados alí poidan ter igualdade de condicións —que hoxe non as teñen— e para que tantos e tantos eventos que se celebran poidan estar non dependentes do que a Portos lle veña en gana cada mañá, senón que os concellos poidan xestionalos, que son os que están enriba das cuestións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra dona Rosana Pérez.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Señorías.

Señor Torrado, eu creo que a próxima iniciativa que temos que traer os grupos da oposición a este Parlamento é para ver se conseguimos que o Partido Popular, despois de tres anos —xa non digo máis para atrás, pero despois de tres anos—, cando menos, faga unha reflexión a respecto do papel que lle concedeu este Parlamento, que é absolutamente insultante, insultante para cada un dos deputados e deputadas desta Cámara; non só é insultante, senón que é absolutamente frustrante. (*Aplausos.*)

Efectivamente, como di vostede hoxe, o Partido Socialista, pero outras veces, noutras ocasións, o Bloque Nacionalista Galego, e non só en temas relacionados co mar —dá igual o ámbito do que falemos—, temos que traer aquí propostas que xa están aprobadas por unanimidade con anterioridade —e non unha, nin dúas, neste caso tres veces aprobadas por unanimidade—, e temos que traer aquí unha nova proposta que incide de novo no mesmo —que xa non hai maneira distinta de redactala a como se redactou as tres veces anteriores— para única e exclusivamente dicirle ao Goberno galego que cumpra o acordado —neste caso reiteradamente— por unanimidade neste Parlamento.

E, efectivamente, aquí estamos outra vez para solicitarlles que teñan en conta os acordos parlamentarios que son aprobados e votados polos grupos políticos unanimemente e que,





efectivamente, a Xunta de Galiza, o Partido Popular, o Grupo do Partido Popular, os aproba aquí porque non lles queda máis remedio, porque, efectivamente, tamén ten alcaldes e alcaldesas que lles están a reclamar exactamente o mesmo que reclaman alcaldes e alcaldesas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, vén aquí, lava a cara, vota a favor e logo mete neste tema e en todos os papeis no caixón e continúa sen facer nada. É o caso deste tema.

Levamos anos —anos, eh!, e eu voume remitir unicamente á lexislatura actual— solicitando a reversión dos terreos portuarios que xa non teñen uso portuario, que son terreos urbanos, aos concellos, por moitas razóns; bueno, en primeiro lugar, porque é de xustiza. Todo o mundo entende que se unha administración ten a titularidade duns terreos que non utiliza, porque xa non teñen ese uso portuario, o normal, efectivamente, é que pasen a mans da administración que os utiliza, que neste caso son as administracións locais. Pero é que, ademais, non é só por iso, é tamén porque hai —como dicía— varios acordos unánimes nese sentido. Hai varios acordos unánimes nese sentido e hai acordos e hai solicitudes da propia Fegamp tamén nese sentido. E, claro, mentres aproba o Partido Popular, unha, dúas, tres e ata quiñentas veces se fai falta, ¿verdade? o mesmo acordo, pois temos que os concellos seguen pagando unha, dúas, tres e ata quiñentas veces, se fai falta, por un uso duns terreos que xa non se adican exclusivamente ou practicamente a usos portuarios e que, ademais, manteñen os propios concellos. Porque o negocio de Portos de Galiza é o negocio do século; é dicir, ten terreos en titularidade, pero pasa deles absolutamente: temos abandonados, dá igual cal sexa o problema, que sexa unha luz que non funciona, que o pavimento estea absolutamente destrozado... Dá igual o que sexa, Portos de Galiza, segue cobrando por iso, pero quen repón eses servizos e quen fai o mantemento deses terreos son os concellos. ¡É o negocio do século! De aí que o señor Torrado falase de que Portos de Galiza é a administración ou a entidade máis parasita de toda a Administración autonómica. Nós, o BNG, xa a cualificamos no seu momento como «o cobrador do frac» da Consellería do Mar, porque así é; só vale para iso, para ir vestido de negro ou de *rojo* —dáme igual— á porta dos concellos a cobrar absolutamente por todo, incluso por servizos e dotacións que non presta.

Pois ben, aquí volvemos insistir, e evidentemente o BNG vai insistir de novo na súa posición, que é votar a favor; claro que seguramente tamén o Partido Popular nos vote a favor. Eu tamén coincido co señor Torrado, e agardamos que esta sexa a definitiva. En fin, temos moitas dúbidas, xa sabemos o que hai, xa a estas alturas somos maiores, coñecemos perfectamente como funciona aquí a bancada da dereita, máis todos os que faltan de aquí, que son os que realmente teñen que executar os acordos, e, polo tanto, tememos que isto vai acabar no mesmo sitio.

Pero, mire, no ano 2021, a presidenta de Portos comparecía na Comisión de Pesca e viña dicir que desde o ano 2019 non tiñan xuntanzas coa Fegamp a respecto deste tema en concreto —doutros tampouco, pero a respecto deste tema en concreto—. Ou sexa, no 2021, recoñecía que desde o 2019 non mantiña coa Fegamp ningunha reunión a respecto deste tema. Ben, a Fegamp, que é a representación de todos os concellos galegos, segue solicitando, efectivamente, esa reversión. ¡Ah!, e, mentres tanto, o Partido Popular, ¿que fai? Olvídense do procedemento estandarizado, xa llo digo así, porque, claro, vendo a emenda do Partido Popular, o Partido Popular aproba as cousas por unanimidade e logo vai traendo aquí a conta-



gotas, dependendo da presión que fagamos os demais grupos; vai traendo acordos a este Parlamento. E, por exemplo, hoxe a novidade é que nos propoñen, nunha emenda que presentan, incluír no expediente de tramitación a solicitude expresa de cada concello. Ou sexa, que nos últimos tres anos —insisto, por non ir máis para atrás— non se acordaron de que lles faltaba un papeliño, que era —din eles, di o Partido Popular— unha solicitude expresa de cada concello, que é, precisamente, cando os concellos inician o procedemento, porque ten que partir deles a solicitude; é o que piden. Bueno, pois agora, inclúenos aquí —o Partido Popular— nesta emenda, (*A señora Pérez Fernández mostra un documento.*) que sexan os concellos os que inclúan nos expedientes a solicitude de tramitación, que xa o están facendo.

Ben, como non sabemos como vai acabar isto —pero, bueno, imaxinámoslo—, nós optamos por ser un pouco máis prácticos neste caso, e a maiores do que xa temos aprobado reiteradamente... Insisto, porque é unha vergonza absoluta que a titularidade de espazos que xa non se adican a cuestións portuarias a estean mantendo os concellos en todos os sentidos, e aínda encima se lles cobren taxas e se lles negue facer calquera actividade da entidade pública do propio concello ou de entidades sen ánimo de lucro; é dicir, que se lles negue poder facer actividades neses espazos que di Portos que son del pero que coida e mantén o propio concello.

Ben, entón nós optamos nesta ocasión por ser un pouco máis prácticos e á parte do que xa está aprobado e do que seguramente hoxe aprobaremos por enésima vez, propoñemos que mentres non se remata, mentres non se culminan estes procedementos de reversión... Por certo, aproveito para dicir que a conselleira o outro día, na súa intervención na interpelación do Partido Socialista, dixo —non sei se o lembra o señor Torrado— que este era un procedemento moi complicado, complicadísimo, pero na Comisión de Pesca xa estamos acostumados a este razoamento. Cando falamos da execución dos fondos europeos, e cando falamos de que cada ano se devolven miles de euros porque a Xunta non é capaz de executalos, dos fondos FEMP, dinos que é porque é un procedemento moi complicado. Claro, agora vimos o de Portos, que non ten nada que ver con Europa, porque son competencias autonómicas, e vólvenos dicir que é un procedemento moi complicado. En fin...

Ben, pois nós propoñemos que, mentres estes procedementos tan complicados non se culminan, en primeiro lugar, neses terreos que non teñen xa uso portuario, que son terreos de uso urbano, Portos de Galiza non poña ningún tipo de impedimento —agás, efectivamente, o tema dos seguros que se necesiten para cada actividade, por calquera cousa que poida ocorrer— ás instalacións e usos de carácter puntual ou temporal —chámense festas, eventos, mercadillos ou o que sexa— para realizar eses usos polas entidades sen ánimo de lucro e, evidentemente, polos propios concellos. E, en segundo lugar, que mentres os procedementos de reversión non culminan se exima —e aí está o meollo da cuestión; o cobrador do frac isto non o vai consentir, pero nós seguimos insistindo pola vía do diálogo, porque non queremos utilizar os mesmos métodos que utiliza o cobrador do frac— os concellos e as entidades sen ánimo de lucro —mentres tanto— do pago das taxas establecidas nos terreos. Insisto...

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Ten que ir rematando, señora Rosana.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato—; terreos que manteñen e que coidan os propios concellos, pero polos que Portos de Galiza segue cobrando coma se non pasase nada.



Estamos no séculos XXI, temos un ente que se chama Portos de Galiza que non vale para nada, nada máis que para cobrar — ¡nada máis que para cobrar!— e para poñer impedimentos. E no día de hoxe seguimos aínda volvendo traer aquí esta iniciativa por enésima vez, volveremos escoitalle ao Partido Popular...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora PÉREZ FERNÁNDEZ:** ...—remato— «*que es muy complicado*», votarán outra vez a favor e para o ano asegúrolles que estaremos debatendo o mesmo.

Grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra dona Teresa Egerique.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** Grazas, presidenta.

Bos días.

Tanto o Bloque Nacionalista Galego como o Partido Socialista, en vez de entrar no complicado da cuestión e explicar e falar ben deste tema, póñense a criticar o ente, a criticar a Portos de Galicia. Agora son os malos, malísimos. Aínda lembro cando o Bloque e o Partido Socialista criticaban tanto as deputacións que ata querían eliminalas; pero, cando están gobernándoas, agora ¡que non llelas quiten e que non llelas toquen! Eu dígolles que non sexan vostedes tan artificiais, señor Torrado. Vostede veu aquí conversar —xa non digo a facer un mitin ou un discurso baleiro—, pero realmente vostede incorreu en moitísimas inexactitudes e non falou nin profundou no tema.

Fala, di..., bueno, opina..., pero opina do que lle parece. Non opinou da ausencia da Fegamp en tantas reunións. Vostede coñece vostede ben o presidente, que se ausentou sempre das reunións cando había que decidir estes temas. Nin falou dos procedementos. Polo tanto, eu vou falar aquí do importante e de todo o traballo que leva feito a Xunta, porque a Xunta de Galicia e Portos de Galicia levan feito un traballo arduo para que estes terreos —como aprobamos neste Parlamento— revertan á titularidade dos concellos.

A moción —como saben, froito da interpelación feita á conselleira do Mar— lévanos a debater de novo sobre un tema no que o Partido Popular ten un posicionamento claro. Xa o saben vostedes, non imos cambiar o posicionamento. O punto que di vostede que incluimos na emenda tamén o explicarei máis adiante, señora Pérez.

Aprobamos no ano 2020 unha iniciativa, tamén do Partido Socialista, cunha emenda do Bloque Nacionalista Galego, aprobada por unanimidade neste Pleno, como digo. Chegamos a outro acordo na Comisión 8ª, en outubro de 2021, pero dende o Grupo Popular aclaramos



ben cales son as competencias de cada administración implicada: a Administración local, a autonómica e a central. E, como ben saben vostedes —e que, ademais, non por dicilo máis veces, vai soar diferente—, a complicación tamén prolonga os prazos e prolonga tamén todas as resolucións. Polo tanto, para que a titularidade dos terreos portuarios reverta realmente nas entidades municipais si é certo que hai que facer un traballo, que, como digo, a Xunta xa fixo e está facendo, e falarei, ademais, de resultados neste momento actual.

A súa moción, señor Torrado, ten tres puntos: no primeiro, pide axilizar os procedementos, e ofrece revertir a titularidade cando o seu uso sexa inexistente. E, ben, os concellos que xa quixeron, neste caso xa o solicitaron; se hai algún novo, ademais, pode facelo, porque aínda ten prazo para facelo. Logo ten que desenvolverse a negociación co Concello no marco das condicións que ha de cumprir o solo para iniciar a declaración de innecesiedade; condicións que son as mesmas para todos e que estableceron no marco da mesa do traballo da Fegamp.

No segundo punto, vostede pide concretar e remitir unha proposta de convenio coa Fegamp para establecer os procedementos. Ben, neste caso, serán os concellos os que terán que decidir que, se vai adiante o expediente, é porque se pretende que o informe sexa favorable. Porque despois vostede, no terceiro punto, xa fala de que hai que realizar informes favorables á reversión cara aos concellos ante cada un dos procedementos para remitir á Dirección Xeral de Costas. Para que quede claro, o procedemento é o seguinte —porque vostede xa fai directamente un xuízo de valor e ademais di que hai que emitir informes favorables, e iso non creo que se poida facer cunha resolución parlamentaria, senón que o informe despois terá un resultado ou outro, pero non podemos decidir aquí que se fagan xa informes favorables directamente—: Portos declara o chan innecesario para a actividade portuaria e propón a Patrimonio a reversión dos terreos —ese é o primeiro paso—; o segundo, é que a Xunta lle pasa o proceso de reversión ao Estado; e, finalmente, revértese e pasa a ser dominio público marítimo-terrestre, e é o Estado quen debe desafectalos. Nós por iso emendamos cun texto que resulta máis sinxelo que todo o que vostede plantexa porque, como xa faláron, aprobamos anteriormente xa todo o que tiñan que facer e xa se iniciaron eses procedementos. E, ademais —como explicarei—, xa hai resolucións, xa están encamiñadas algunhas peticións dalgúns concellos. Polo tanto —como digo, vostede semella que quere enredar, coma sempre—, nós non podemos incluír unha resolución parlamentaria e un xuízo de valor neste caso e xa implicar ou decidir se os informes van ser favorables ou non.

En canto á realidade que se desenvolve sobre este tema, temos varios escenarios agora neste momento, porque a través da Lei do litoral, plantexada pola Xunta de Galicia, preténdese impulsar a desafección de terreos de dominio público marítimo-terrestre para que revertan nos cidadáns —este tamén vai ser un instrumento fundamental ao que apelamos dende o Grupo Parlamentario Popular—. Na cuestión da transferencia e titularidade de terreos portuarios aos concellos, dígolle que se fai con total transparencia no trámite, sen identificar cores políticas: mesmas normas, mesma tramitación. A proposta de Portos de Galicia é prescindir de 450.000 metros cadrados, cun valor patrimonial duns 12 millóns de euros. Portos de Galicia pretende que o chan que non teña uso portuario poida ser aproveitado polo conxunto dos cidadáns dentro dun procedemento con todas as garantías. Porque, insisto, isto non é un cambio de cromos, isto ten unha profundidade administrativa legal que é importante cumprir. A Xunta investiu tradicionalmente, destinando parte do seu orzamento a me-



llorar paulatinamente zonas de interacción porto-cidade, e segue facéndoo sempre que hai colaboración mutua e propostas razoables dos concellos.

Señora Pérez, insistiu vostede en que os concellos manteñen as zonas portuarias, e non é así. ¡Non é así! Para facer calquera cousa na zona portuaria, un concello ten que ter un permiso. Poderá haber algún caso puntual, pero non é certo. Non é certo. Os portos manteñen as zonas portuarias, Portos de Galicia as zonas de Portos de Galicia e os concellos, as súas propias.

Actualmente, 28 concellos solicitan reversiones de superficies dos 64 que contan con portos autonómicos; isto sería un 43,8 por cento do total. De 3.200.000 metros cadrados de superficie en terra, as peticións que ascenden para reverter son de 450.000 metros cadrados; é dicir, o 15 por cento da superficie en terra. E de 14.400.000 metros cadrados de superficie total, 450.000 metros cadrados —como dixeran— son solicitados para reverter, o que supón un 3 por cento da superficie total. Polo tanto, isto xa está analizado, estase traballando niso, e non hai ningunha pega por parte da Xunta, sempre e cando se cumpran os requisitos que se precisan. Polo tanto, falemos dos criterios para pór esa desafección, porque eu creo que é importante sabelo. E é necesario que os propios alcaldes, os propios deputados e ademais os cidadáns saiban como se fai este procedemento.

Para poder impulsar un expediente de reversión, a Administración portuaria debe realizar un informe de innecesiedade; é dicir, hai que xustificar por que ese terreo non é de utilidade portuaria e ten que reverter ou ten que pasar á titularidade do concello. É dicir, ten que analizarse que esa utilidade, non soamente no momento presente, senón tamén no futuro, atendendo ao posible crecemento do porto, non é necesaria, porque moitas veces despois lamentámonos e logo que se recheos, que se non recheos... Polo tanto, hai que saber exactamente se ese terreo vai ser ou non necesario para o desenvolvemento do porto, porque tamén os portos teñen actividade profesional.

O documento que analiza os usos portuarios é o DEUP, «A delimitación de espazos e usos portuarios», no que, ademais de indicar a distribución de usos, se analizan tamén as posibles necesidades de adquisición ou reversión de zonas portuarias. Para que nos entendamos, é como un plan xeral dun porto. Hai algúns que os teñen obsoletos e hai algúns que aínda non os teñen, pero sería necesario facer ese documento para realmente ter claro e branco sobre negro que zonas son as que se poderían reverter e as que non. É un documento básico, polo tanto, para analizar as zonas que non teñan asignados usos portuarios.

Ese informe técnico debería comprobar aspectos e temas concretos como infraestruturas básicas, usos asignados non portuarios —como dixeran antes—, interacción porto-cidade e a necesidade de que haxa zonas de porto que sexan interactivas cos cidadáns, efectivamente. No caso de que non exista un DEUP, como digo, ou se considere obsoleto, sería necesario redactar un novo documento, analizar as actividades do porto, a previsión de crecemento das vilas, a distribución de usos... Todos seguro que coñecemos casos de cambios nas vilas, de crecementos ou incluso de reducións tamén de habitantes, de zonas que quedaron totalmente inutilizadas e doutras nas que é ao revés, que son máis necesarias e nas que fai falta maior espazo. Tamén a non existencia de títulos administrativos que acrediten o uso do te-





rreo para a actividade portuaria, que, por exemplo, sexan concesións; que a localización da zona a reverter non constituía unha illa no medio do porto e tamén que non quede un espazo que non teña despois un uso para nada; que a zona a reverter rompa a continuidade entre diferentes partes dun porto... É dicir, son moitas análises que hai que ter en conta antes de darlle o visto e praxe a esa reversión.

Con respecto á Fegamp, direi que o 10 de novembro de 2022, señor Torrado, foi convocada, a petición da propia Fegamp, unha reunión para tratar asuntos relacionados cos portos. Á devandita reunión tamén foi convocada a Dirección Xeral de Administracións Públicas para falar deste tema. ¿E que pasou? Na mañá dese mesmo día o secretario da Fegamp escribiu: «Informámolo de que non participaremos nela». Polo tanto, fala vostede de que non cumpre a Xunta. Eu preguntome: ¿quen non cumpriu aquí? Ademais, claramente; é dicir, deixou baleira a cadeira e non lle interesou este tema. Polo tanto, bueno, non sei eu se manteremos o mesmo presidente da Fegamp ou non, pero tamén ten que haber unha implicación da Fegamp clara, porque isto é importantísimo para o futuro dos concellos.

No día de hoxe, deixando pasar sobradamente o prazo para incorporar todas as demandas, finalmente cóntase con 34 solicitudes de reversión para distintas superficies portuarias de 28 concellos; é dicir, hai moitos que teñen máis dunha superficie xa solicitada. Portos seguiu traballando e promovendo a contratación da asistencia técnica —como digo—. Dixeron vostedes que non se fixo nada. Estívose traballando dende que se aprobou neste Parlamento esa iniciativa. E, polo tanto, vostedes aquí incorreron en inexactitudes e, ademais, mentiron e dixeron que mirabamos para outro lado, cando non é certo.

Mire, froito deste traballo, acoutouse a proposta de declaración de innecesiedade de 27 portos —vou dicilos—: A Guarda, O Campo, Bueu, Cangas, Santo Tomé (en Cambados), Tragove (en Cambados), Cariño, Cedeira, Fisterra, Foz, Laxe...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...—xa remato, vou dicir os portos—, Bares, Moaña, O Grove, Santa Cruz, Combarro, Ponteceso, Corme, Pontecesures, Porto do Son, Boa, Rianxo, Ribeira, Goián, Vilaxoán, Vilanova e Viveiro. E non se entenderon como procedentes sete solicitudes por non cumprir o marco establecido, que son: Betanzos, Burela, Corcubión, Domaio, Meira, Mugardos e Mera.

Polo tanto, á falta de finalizar informes, este sería o cómputo. Xa falei das extensións...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora EGERIQUE MOSQUERA:** ...e do valor e, polo tanto, non digan aquí vostedes que non se cumpre, que non se traballa, porque se está traballando.

Aprobaremos a iniciativa se vostedes aceptan modificala coa nosa emenda.

Moitas grazas. (Aplausos.)





**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

*(Aplausos.)*

Para o remate ten novamente a palabra o autor da moción, don Julio Torrado, por cinco minutos.

*(O señor Torrado Quintela entrégalle á presidenta do Parlamento un bolígrafo, que a señora Egerique Mosquera deixou na tribuna de oradores e oradoras.)*

Quedoulle aquí o bolígrafo, señora Egerique. Despois fágolle a entrega.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidenta.

En primeiro lugar, e por intentar ir ás cuestións, quero agradecer o apoio do Bloque Nacionalista Galego. Parécenos correcto incluír as emendas, non lle vemos ningún problema; é máis, parécenos interesante nese sentido concretar despois esta cuestión. Vemos máis complicado o de formular unha PNL sobre que o PP cumpra os seus acordos parlamentarios, basicamente porque o PP votaría a favor e logo non o cumpriría tampouco. Entón, tampouco tería moito sentido.

Sobre o Partido Popular, vou empezar pola emenda —e espero que me entendan— porque vou obviar as mencións que se fan ás reunións coa Fegamp, basicamente por unha cuestión de criterio ético. Primeiro, porque eu si que coñezo por que as reunións non se producen. Non ten nada que ver co que di a conselleira, que sabe por que non se producen, nin co que di a señora Egerique, que supoño quen tamén sabe por que non se producen, pero tampouco o conta. E a posición de Portos é vergoñenta, ¡vergoñenta!

Pero entenderán que non proceda eu a meterme en relacións entre dúas administracións porque non me corresponde, e das que, ademais, me parece que non teño por que contar nin correos internos nin relacións que se teñen, porque creo que todos desmereceríamos bastante, e eu á Xunta de Galicia téñolle máis respecto que o propio PP.

¿Sobre a emenda? Nós podemos aceptar o punto 2 como adición —voulle explicar agora por que o punto 1, non—, a pesar de que o punto 2 implica que desapareza a Fegamp, que haxa unha relación directa entre concellos e Xunta de Galicia. Claro, debe ser que vostedes agora... ¿Sabe quen non vai poñer o presidente da Fegamp? O PP. *(Aplausos.)* Ese é o que non vai poñer o presidente da Fegamp, xa llo digo eu, por se... E seguro que se fose o PP, non ía ser de Vigo, tamén cho digo.

Pero, en todo caso, vostedes concretan. A súa proposta de emenda é substituír todo o que concreta e deixalo en «axilizar». Teño pouco tempo, pero non me resisto a contar unha historia. Mire, «axilizar» é unha cousa moi xenérica, pero nós imos ao concreto. Porque axilizar, cando non se fai nada, é eu creo que dicir que vas facer; iso xa é axilizar. Pero, mire, eu teño un evidente sobrepeso e comprei hai pouco unha bici estática. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Axilicei o meu traballo para baixar de peso, pero é evidente que non o



conseguín. (*Murmurios.*) (*Risos.*) Axilicei o proceso, porque comprei a bici estática, favorecín xente do comercio local, pero non conseguín baixar de peso porque non lle dei unha pedalada. Axilicei o proceso, pero hai que ir ao concreto. E o concreto é: presenten un procedemento estandarizado para que os concellos poidan solicitar os terreos, que é o mesmo que se eu lle dese pedaladas á bicicleta, que sería moito mellor. (*Aplausos.*)

Se é que axilizar, impulsar, continuar facendo... Si, eu tamén continúo tendo a bicicleta estática alí, tamén a continúo tendo, e pódoa vender, se vostede quere. A ver..., non lla vou utilizar moito, teño a sensación de que piquei como un parvo, pero, en fin. Como din os de Marín, «o peixe, enriba do muelle». Hai que concretar, e concretar é dicir que despois de cinco anos sen que vostede diga: seguimos traballando... Non, si, todos eses concellos que vostede leu que presentaron reclamacións sobre ter os terreos... Aí quen traballou foron os concellos. ¿Pero conseguíu a Xunta devolver algún deses terreos? Cero patatero —que diría aquel infausto presidente—, ¡cero patatero!

Por tanto, os que traballaron foron os concellos. ¡Se é que vostede vén aquí presumir do traballo que fan os outros!, como, por certo, case sempre.

Efectivamente, nós si cremos que podemos informar favorablemente, e podemos acordar, vía parlamentaria, señora Egerique, de que se informa favorablemente, porque é un criterio autonómico, da Xunta de Galicia. E neste Parlamento —salvando que vostedes igual se olvidaron, porque non o utilizan moito para iso— decidimos criterios autonómicos. Nós si cremos que podemos acordar que aqueles terreos de uso portuario orixinalmente —que agora non son de uso portuario e son claramente de uso urbano— hai que cedelos.

Tal é así que vostede critica que nós propoñamos isto agora, pero é que vostedes xa votaron a favor disto. ¿Vostede está criticando o seu voto a favor de hai catro anos? Ben, ¡capaces son! Pero vostedes votaron a favor disto e agora vén discutir... É que igual non podemos dicir que haxa que informar favorablemente. Non, o que vostedes non queren é facelo. Vostedes non queren facelo, e como non queren facelo, buscan unha escusa hoxe, outra mañá, outra pasado e son expertos, campións mundiais, en buscar escusas, como fago eu para non subir na bici estática. Pero o carallo é que, ao final, non fan as cousas. E esta é a cuestión, señora Egerique, que vostedes non fan as cousas. ¡Cinco anos!, ¡cinco anos!

Di vostede: falemos dos criterios. Pois iso, que os terreos portuarios que non se usan para ámbito portuario... Porque vostedes xustificaron o ámbito portuario en Burela, cando era un terreo que tiña unha rede alí, posta enriba, que non se sabe nin de quen é. ¡Unha rede, jeh!, unha rede! Iso non é uso portuario.

¿Quere vostede —segundo o que entendemos—, por tanto, que Portos de Galicia decida ceder os terreos en función do que se vai facer alí e da proxección futura? ¿Ten Portos de Galicia que decidir sobre as posicións urbanísticas dos concellos? ¿Vai Portos decidir o uso que se lles ten que dar aos terreos que xa Portos non usa, cando sexan dos concellos? ¿Quere Portos decidir que tipo de instalacións se fan e se se lles concede a un establecemento dun tipo ou doutro?

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Torrado.



**O señor TORRADO QUINTELA:** ¿Quere Portos decidir sobre os concellos? Para iso hai que ter as alcaldías dos concellos; e moitas veces con alcaldes do Partido Popular, que demandan que non é Portos quen ten que decidir.

Por tanto, nós o que lle propoñemos é concreción, facilidades aos concellos e decisión, que é o que nós propoñemos na política: tomar decisións. Vostedes seguen mareando, por tanto, para que pareza que van seguir facendo; é dicir, para que Portos siga aproveitándose.

Nós invitámola a que collamos esa parte da súa emenda para incluíla como engádegas, o punto 2, e ver se así é posible que sigamos demandando que se cumpra.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** ¿Van intentar transaccionar entendo, entón? *(O señor Torrado Quintela pronuncia palabras que non se perciben.)*

Vale. Continuando a orde do día, procede a suspensión.

Que teñan bo proveito. Ata as 16.30.

*Suspéndese a sesión á unha e trinta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e dous minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Reanudamos a sesión.

### **Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de modificación.*

*Engadir no primeiro punto, despois de «expedientes de menores», o seguinte texto: «priorizando aquelas xefaturas territoriais que contén unha maior carga de traballo actualmente.»*

*Emenda de adición.*

*Engadir no punto 3, ao final, o seguinte texto:*

*«Garantir os recursos públicos económicos necesarios ás familias acolledoras para contribuír ao coitado, educación e benestar das e dos menores. Neste senso, as axudas deberán actualizarse anualmente, como mínimo, en función do incremento do IPC e axustarse ao custe de crianza.»*



*Emenda de adición.*

*Engadir un novo punto co seguinte texto:*

*<<7. Garantir o cumprimento e desenvolvemento da lexislación vixente unificando os criterios que rexen o acollemento familiar en Galiza así como as axudas públicas que reciben as familias a través da elaboración dun decreto específico nesta materia. Para tal fin, a Xunta abrirá un proceso de diálogo coas entidades representativas deste sector.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Quero agradecer aos deputados do Bloque Nacionalista Galego e aos socialistas que lle dean a importancia que merece este tema, porque imos falar dunha cuestión que penso que é das máis importantes que neste mesmo momento ten enriba da mesa o Goberno galego, e a bancada do Partido Popular está baleira, lamentablemente. Sinto o papelón, señora Arias, porque é a quen lle toca defender esta moción por parte do Partido Popular, pero a verdade é que é lamentable.

O ano 2023 pasará á historia en Colombia por unha historia que moitos e moitas de nós seguramente escoitamos nos medios: unha avioneta estrélase no medio da selva. Todos os adultos falecen no impacto, e só sobreviven, milagrosamente, os menores, sen practicamente un rasguño. Os menores, todos irmáns, viron morrer a súa nai no accidente. Tiñan 1 ano, 4 anos, 9 anos, e a irmá maior ten 13 anos e chámase Lesly, que, sen sabelo, se convertería nunha heroína a nivel mundial ao manter con vida os seus irmáns, incluído o bebé. Estiveron perdidos na selva nada máis e nada menos que durante corenta días.

En todo o mundo, señorías, existen nenos e nenas que pasan por travesías moi duras nas súas vidas. En Galicia tamén, non por perderse na selva, iso si, pero por circunstancias desfavorables e durísimas para as vidas, sen ter culpa de nada. Señorías, de todos os colectivos dunha sociedade, sen dúbida o máis vulnerable é aquel que non ten a posibilidade nin tan sequera de alzar a voz para denunciar que está recibindo un maltrato, que non ten nin tan sequera a posibilidade de alzar a voz para dicir que están abusando del, para denunciar que nin tan sequera está recibindo unha alimentación como debera ou suficiente para a súa vida, para o seu desenvolvemento. Estes son os menores dos que imos falar, estes son os menores en situación de protección, estes son os nenos e nenas que naceron e nacen con situacións moi duras de afrontar e que dependen de que o resto da sociedade alcemos a voz por eles. Dende hai máis de dous ou tres anos o número de menores tutelados se incrementou significativamente en Galicia, e por iso hoxe estamos aquí, porque queremos saber que está pasando.

Afortunadamente, temos un persoal na Administración, tanto na local como na galega, moi capacitado, un persoal moi válido, técnicos moi válidos, pero, lamentablemente, escasos. Pero temos tamén outros anxos da garda, como son estes técnicos. Mentres, o resto da sociedade moitas veces nin tan sequera temos a información e nin tan sequera nos decatamos no noso día a día da dureza de vidas que lles toca padecer a moitos nenos e nenas, incluso,



ao mellor, veciños nosos. Aí están os activistas polos dereitos da infancia. Hoxe quero amosar publicamente o noso recoñecemento á Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia, que está aquí presente e que está formada por case corenta asociacións, por persoas anónimas sen máis interese que loitar para que nenos e nenas de toda Galicia, aos que lles toca lidar con vidas moi duras, teñan unha segunda oportunidade e cambien o curso do seu destino. ¡Grazas polo voso grandísimo traballo encomiable! (*Aplausos.*)

O pasado pleno interpelabamos a conselleira de Política Social sobre as carencias que existen no ámbito competencial no Goberno galego en canto aos menores en situación de protección. A resposta, lonxe de recoñecer as ditas carencias, denunciadas non só por nós, senón polos propios equipos técnicos de menores dependentes do Goberno galego, foi unha resposta á defensiva que nada ten que ver cun ánimo construtivo ou coa madurez suficiente na dilixencia que se precisa para solventar os problemas dun dos colectivos máis vulnerables da sociedade galega. Hai que estar á altura das circunstancias, e máis en materia de política social, porque o que non é lóxico, señorías, é que outras consellerías comparecesen nesta lexislatura a petición propia seis, sete, oito e ata nove veces e que a Consellería de Política Social, señorías, despois dunha pandemia e no medio dunha crise económica motivada pola inflación derivada da guerra, con competencias en residencias de maiores, familias en risco de exclusión, discapacidade, dependencia e tamén en menores —do que estamos a falar—, só comparecese tres veces nestes anos, máis a de hoxe, para falar dos campamentos de verán, (*Aplausos.*) cando existen cuestións de obrigado debate, como a que hoxe traemos aquí.

¿Como é posible que o Goberno galego evite dilucidar cales son as causas do significativo aumento dos menores tutelados en Galicia nos últimos anos? ¿Como é posible que se evite tomar medidas de calado nos equipos técnicos de menores cando publicamente piden duplicar as plantillas para poder axudar estes nenos e nenas, moitos en situación de risco de desamparo? ¿Como é posible que no centro de menores, por exemplo, de Rábade teñan decenas de persoas traballando para atender cinco nenos e nenas e sucedan continuamente problemas moi graves dos que nos enteramos, na maioría das ocasións, polos medios de comunicación? ¿Visitaría, por fin, a conselleira o centro en primeira persoa, tal e como lle propuxemos en varias ocasións? Ás veces, señorías, a realidade só se atalla se se ve cos propios ollos, para sensibilizarse en serio coa causa a tratar, e a Consellería de Política Social é a consellería nai de todos estes menores. Non é lícito que representantes lexítimos da cidadanía, como somos, fagamos propostas a prol de mellorar a vida destes menores e dos técnicos que traballan día a día con esta realidade, e a resposta da máxima responsable da Consellería de Política Social sexa atacar ou poñerse á defensiva, cando a súa obriga é dar conta e resposta do que se está facendo na súa consellería. Pero, lamentablemente, apenas comparece nesta Cámara para contarnos que traballo está a facerse, que é o que se está a facer.

Hoxe traemos unha proposta aberta, dado que o tema a tratar é altamente sensible. Escoitaremos todas as ideas, co fin de mellorar a vida dos nosos nenos e nenas en situación de protección ou en risco, e adianto que aceptaremos a única emenda ou aportación presentada por parte do BNG porque consideramos que enriquece substancialmente a nosa proposta.



Primeiro, consideramos que unha das cuestións urxentes é incrementar polo menos o dobre os técnicos dos equipos técnicos de menores de toda Galicia para abordar o incremento de expedientes de menores, regular as ratios de expedientes para cada técnico, de xeito que sexa asumible, acompañado da formación específica na materia. Se non o facemos, señorías, arriscámonos a que moitos casos de menores en situacións límites queden sen solucionar a tempo, e isto pode ter consecuencias dramáticas, porque un só expediente solucionado xustificaría que nos poñamos mans á obra, a traballar; un só expediente solucionado significa que melloramos a vida dese neno ou nena, e por un só neno e nena merece a pena que poñamos sobre a mesa propostas e que o Goberno galego se poña a traballar canto antes e acepte esta proposta.

Segundo, queremos establecer mecanismos que garantan a estabilidade dos técnicos, das persoas que traballan no ámbito da administración da protección de menores, non só no ámbito autonómico, senón tamén no ámbito local, con aqueles menores que están en risco ou en caso de detección de casuísticas que fagan que se abra un expediente a un menor. Repito, non só no ámbito autonómico, senón tamén no local, porque non pode ser que os especialistas que traballan con material tan sensible, con situacións familiares de exclusión, de malos tratos ou outras moi diversas, cambien e non haxa unha estabilidade a longo prazo; primeiro, porque así afianzan a súa especialización no ámbito de menores e melloran o seu traballo e, segundo, porque incrementan as expectativas pola propia confianza do vínculo entre o técnico e as familias, e sobre todo polo vínculo do técnico cos propios menores, aos cales, como saben, xa lles custa moito abrirse e contarlles as cousas que, lamentablemente, en moitas ocasións, teñen que vivir nas súas casas a profesionais cos que, ao mellor, non teñen a confianza suficiente, e iso porque estamos variando ou cambiando un persoal que ten que ser estable a longo prazo.

Terceiro, queremos elaborar un plan de sensibilización sobre o acollemento familiar para que chegue á maior parte da cidadanía galega. ¿E por que? Porque o que se fai na actualidade realmente non é suficiente. Agora está demostrado que é un dos recursos máis importantes. Os tímidos avances foron grazas ás asociacións aquí presentes, moitas delas activistas dos dereitos da infancia, e, lamentablemente, foi moito o camiño andado, pero non é suficiente, temos que avanzar máis. Agora sabemos que o acollemento familiar é un dos recursos máis beneficiosos e que máis temos que fomentar, pero iso hai que facelo de verdade e investir moitos recursos e tempo.

Cuarto, queremos axilizar os procesos de declaración de adoptabilidade dentro das propias competencias da Administración autonómica, para poder modificar os procesos e acadar a idoneidade, aumentando así a formación para garantir a continuidade das persoas referentes na vida destes nenos e nenas e o dereito moi importante ás súas orixes. ¿Como? Promovendo tamén adopcións abertas e formando —¿como non?— as familias en proceso de adopción para adaptar os seus ofrecementos á realidade dos perfís destes nenos e nenas adoptables e prevalecendo, sempre, iso si, o interese superior do menor para que nunca cuestións como, por exemplo, a idade condicionen o futuro dos nenos ou das nenas.

Quinto, axilizar o necesario Proxecto de desinstitucionalización dos menores tutelados, dirixido por especialistas na materia e supervisado no ámbito xurídico dentro do marco establecido a nivel nacional.





E, por último, iniciar un proceso de recuperación da xestión directa dos centros de menores de Galicia para facilitar e priorizar convenios ou programas que fomenten e garantan as alternativas ou o acollemento residencial a longo prazo, cumprindo coa normativa, para que ningún menor de 6 anos chegue a ingresar en ningún centro, tal e como traballan nesta cuestión comunidades autónomas como Cantabria ou Navarra, por exemplo. É importante ter unha xestión directa para poder supervisar ao máximo todo este tipo de traballo con estes menores que están tutelados pola propia Administración, que somos todos e todas.

Son principios do mínimo, señorías e, por suposto, estamos dispostos a debater e a falar sobre cuestións altamente sensibles —repito— e que nos importan, e moito. E, sobre todo, hoxe propoño este debate aquí para que se fale dunha vez por todas dos nenos e das nenas que están vivindo este tipo de situacións e para que deixen de ser dunha vez por todas invisibles.

Falaba ao principio de Lesly, a nena colombiana que salvou a vida dos seus irmáns perdidos na selva durante corenta días. En Galicia hai moitas nenas e nenos como Lesly, que teñen que encarar dificultades que non lles corresponden, sendo un neno e coa súa idade.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ORTEGA OTERO:** Remato, presidente.

Temos que investir, dilucidar as causas e buscar solucións para eliminar as mochilas que levan estes nenos e nenas nas costas ao longo das súas vidas, que condenan a moitos deles e delas a etapas adultas traumáticas ou de exclusión. Os nenos son o futuro, pero máis que nunca son o presente, por iso hai que actuar xa. Canto máis invistamos na nosa infancia, a nosa sociedade cada vez será máis avanzada.

Moitas grazas, señoría. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Ortega.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde ás persoas que nos acompañan desde a tribuna de convidadas e ás representantes das entidades sociais en defensa dos dereitos das nenas e dos nenos e tamén das familias acolledoras.

Benvidas tamén, deputadas e deputados do Partido Popular, á sesión de tarde.

Nós, efectivamente, imos apoiar —iso que vaia por diante— a moción que presenta hoxe o Grupo Socialista. Formulamos algunhas achegas para enriquecer o texto, para complementalo, e agradecemos tamén que xa a señora Ortega anunciase que as toman en consideración e as incorporan á parte resolutiva.



Hoxe falamos dos dereitos fundamentais dunha parte importantísima da sociedade galega, que son as nenas e os nenos menores que están tutelados pola Administración, que se atopan en acollida, en procesos de adopción ou que se atopan nalgún dos tipos de garda que existen por parte da Administración actualmente. É dicir, falamos, polo tanto, de nenas e de nenos que son unha parte fundamental —como dicía— da nosa sociedade e cuxa responsabilidade a ostenta a Xunta de Galiza.

Os datos que hai son do Ministerio e non están excesivamente actualizados. Eu creo que tampouco debiera ser tan difícil que puidésemos acceder a datos con algo máis de actualidade. Pero, bueno, cos que hai hoxe, en Galiza podemos falar de 1.980 menores nalgún dos tipos de garda que actualmente se recoñecen por parte da Administración: 931 en centros residenciais e 1.049 en réxime de acollemento familiar. A maioría están acollidos en familias, pero aínda hai situacións que, desde o punto de vista do Bloque Nacionalista Galego, non son admisibles, como o feito de ter persoas menores de 6 anos e menores de 10 anos en centros residenciais. Concretamente hai en Galiza, con datos —insisto— que manexa o Ministerio, 38 bebés de entre 0 e 3 anos en centros de menores; 72 de entre 4 e 6 anos; e 156 de entre 7 e 10. É dicir, hoxe temos en centros de menores 558 menores de 15 anos; 558 menores de 15 anos en centros de menores, en contra do que di a normativa. A norma é clara, e é que a opción prioritaria debe ser sempre o acollemento familiar. En caso de que non exista este recurso —e só no caso de que non exista ese recurso—, deben acudir a centros de menores. Hai, de feito, un acordo unánime do conxunto das administracións, tanto do Estado como das comunidades autónomas, para que de maneira progresiva eses menores de 6 anos vaian saíndo dos centros e pasen a un réxime de acollemento familiar en familia extensa ou en familia de acollida que non teña unha relación, digamos, directamente ou un vínculo biolóxico con esa ou con ese menor.

Pero, claro, para que poida haber familias acolledoras, tamén ten que haber recursos para poder garantir unha responsabilidade, que non depende única e exclusivamente da solidariedade, da vontade de persoas particulares, senón que é unha responsabilidade que nos atinxe a todas e a todos, porque o benestar e o interese superior deses menores nalgúns dos réximes de garda que existen hoxe na Administración pública é unha responsabilidade do conxunto da sociedade, de todas as galegas e galegos, expresada, a través, por suposto, da súa Administración.

Cando se acolle ou se adopta —e isto queríamos subliñalo moito desde o BNG— unha menor de idade, tamén se falamos da tutela de persoas adultas —e algún día falaremos en extenso da situación da Funga, que é a Fundación Pública para a Tutela de Persoas Adultas—, o que estamos é garantindo o dereito fundamental desa nena e dese neno a ter as condicións de vida que calquera ser humano merece e necesita. Non estamos falando de cumprir a vontade de ninguén.

Por iso os procedementos son moitas veces longos, excesivamente burocráticos, farragosos, pero tendo sempre presente que o que hai que garantir é a idoneidade das familias que acollen e, sobre todo, daquelas que adoptan. Nós concordamos cun dos elementos que introduce o Partido Socialista na moción, que é coa necesidade de incrementar o persoal técnico, precisamente para acelerar eses procedementos tanto de acollida, de adopción, como calquera



proceso de tramitación dos expedientes, coa máxima dilixencia, pero tamén coas máximas garantías, porque falamos, ao fin e ao cabo —insisto nisto—, dos dereitos das nenas e dos nenos que están en risco de, bueno, desamparo ou en risco de exclusión polas razóns que sexan.

Por iso, concordamos en que se incremente, se duplique ese persoal técnico, ademais facendo fincapé naquelas xefaturas territoriais que teñan hoxe unha maior carga de traballo. Hai un ano, nós, desde o BNG, formulábase unha pregunta á Xunta de Galiza sobre a saturación, precisamente, da xefatura territorial de Vigo, da que se falou na interpelación hai quince días, e naquela altura, en 2022, a finais —insisto—, a Xunta xa recoñecía que en Vigo —e tamén na Coruña— a media de expedientes por funcionario era de 70 —¡70 expedientes por funcionario!—. E dis: ¿é moito?, ¿é pouco? Son nenos, ¡eh!, as cousas son relativas e adquiren un cariz diferente se pensamos en que falamos de persoas, e ademais de persoas menores de idade, e dos seus dereitos.

Desde o BNG presentamos, ademais desa engádega de priorizar as áreas ou xefaturas territoriais que teñan unha maior carga de traballo, tamén algunhas cuestións —e é onde imos centrar máis a nosa intervención hoxe— que nos parecen importantes e que teñen a ver co acollemento familiar, tanto en familia extensa —insisto— como allea. Para nós iso é fundamental porque —diciáo ao comezo— non pode recaer única e exclusivamente na solidariedade e na vontade individual e particular de persoas absolutamente xenerosas, senón que é unha responsabilidade social que compartimos o conxunto da sociedade deste país, o conxunto das galegas e dos galegos. E o esforzo debe ser, polo tanto, colectivo, a través da rede de recursos públicos.

Todas e todos nos gabamos das redes de acollemento, e sacamos peito e, ademais, sempre que temos a posibilidade, poñemos moito en valor as familias de acollida que hai en Galiza, as familias acolledoras que temos no noso país, pero non podemos deixalas soas. As redes hai que coidalas e, sobre todo, hai que sostelas, porque todas —insisto— queremos moito as familias, pero criar custa cartos, e para gastalos hai que telos. Non podemos garantir os dereitos sociais sosténdooos na precariedade e no esforzo individual de persoas xenerosas, absolutamente xenerosas, pero que non poden quedar soas. Toda a sociedade somos responsables do benestar desas menores e deses menores tutelados. O que hai son familias que se encargan de efectivizar esa responsabilidade colectiva.

Así e aí é onde queremos centrar as emendas do BNG. Dunha banda, na regulación. Galiza é a única comunidade autónoma, xunto con La Rioja, con Ceuta e con Melilla, que non conta cunha normativa específica sobre acollemento familiar. Todo o que se regula na lexislación galega é un artigo na Lei de familia do ano 2011, que é unha mención sucinta ao que é unha modalidade —é unha modalidade preferente, xa está—, e despois na carteira de servizos do decreto de 2015, referidos en xeral á infancia e á familia.

Nós cremos que debe haber un decreto específico que regule, que clarifique, sobre todo, e que unifique criterios no caso do acollemento familiar, tanto por familia extensa como por familia allea, que delimite cales son os dereitos e tamén as obrigas, porque todo dereito exige unha responsabilidade; cales son os dereitos e as obrigas tamén desas familias. Hoxe existe



unha discriminación a respecto das familias acolledoras e das familias biolóxicas —por dicilo dunha maneira—, por exemplo, no acceso a servizos de conciliación públicos da Xunta ou de carácter municipal, e iso non prexudica as familias acolledoras, prexudica as nenas e os nenos que se atopan nesta situación.

E despois —e por último— regular as axudas que reciben as familias acolledoras dunha maneira moito máis clara, máis pormenorizada é unha mellor maneira. Galiza, ao igual que Cataluña, regula as axudas en función da idade das nenas e dos nenos de acollida. Pero, ao contrario do que fan os cataláns, aquí o que se fai é que cada vez que vai cumprindo anos o neno, vaise reducindo a contía. Eu traio os datos actualizados, xa co 20 por cento, que aprobou a Xunta de Galiza no último exercicio orzamentario. No último ano, esas axudas para as familias acolledoras de bebés de menos de 1 ano, para a corresponsabilidade no custo da crianza, son de 720 euros —o 20 por cento, insisto, xa incorporado dese incremento do ano 2023—; de 1 a 3 anos, de 480 euros; e de 3 a 18 —como se o custo de crianza dunha persoa de 3, de 5 ou de 16 anos fose idéntica—, de 336 euros. Non custa o mesmo criar un bebé que criar un adolescente. O custo increméntase a medida que se van facendo maiores, porque tamén as necesidades de crianza son superiores.

Nós cremos —de verdade, dixémolo no seu momento— que nos parecía ben, que era necesario incrementar ese 20 por cento, pero que era absolutamente insuficiente. Estabamos nun contexto de inflación, ademais, brutal. Pero é que, ademais, levaban esas axudas estancadas durante moitísimos anos, e necesitamos adaptalas non só ao custo real da crianza. Insisto, non se pode dar o mesmo para un neno de 4 anos que para un neno ou unha nena de 17. E despois hai que ter en conta tamén o modelo de familia acolledora. Se eu son unha nai nunha familia monoparental, acolledora, non me representa o mesmo na miña renda e no meu patrimonio o custo de crianza que se somos unha parella, unha familia biparental, que se somos unha familia numerosa, se xa temos tres fillas e se incorpora outra nena ou neno en réxime de acollemento; ou, por exemplo, tampouco é o mesmo que se acolles a dúas irmáns ou a dous irmáns, precisamente para garantir a unidade familiar, que é un dereito fundamental deses nenos. Insisto en que tamén deben recoñecerse elementos engadidos. Se é unha nena ou neno con necesidades específicas, con discapacidade ou con necesidades de atención temperá, hai un custo engadido que non ten quen non ten esa realidade específica.

Nós cremos, de verdade, que se pode e que se debe traballar moito máis para que esa responsabilidade que o conxunto da sociedade, das galegas e dos galegos, temos para garantir os dereitos das nenas e dos nenos, especialmente das e dos tutelados pola Administración, sexa moito maior do que é, e nese sentido van as nosas achegas hoxe, pero xa digo que imos apoiála tamén no texto orixinal que presentou o Partido Socialista.

Máis nada e moitas grazas. E alégrome de vervos. *(A señora Rodil Fernández fai un saúdo coa man.) (Aplausos.) (Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Arias Rodríguez.



**A señora ARIAS RODRÍGUEZ:** Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías. Benvidos a todos os que nos acompañan.

Gustárame saudar tamén a señora Pontón, nun debate no que aquí todos coincidimos en que é tan importante para a sociedade. (*Murmurios.*) E, ademais, sinto moito ter que recorrer a isto, pero creo que teríamos que lembrar que a única vez —que eu me lembre— que se paralizou aquí un pleno foi porque se estaba esperando por unha deputada do Bloque Nacionalista Galego. ¡Non nos poñamos a nivel de patio de colexio, por favor, que o tema é demasiado importante! (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) (*Protestas.*)

En fin... (*Murmurios.*) En fin, a infancia e a adolescencia (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Gustárame poder falar do tema que nos trouxo aquí, que é tan importante que dende o Partido Popular queremos dedicarlle o tempo que nos corresponde. (*Murmurios.*)

Decía que a infancia e a adolescencia que a cada un lle tocou vivir marca en gran medida o noso futuro. En principio, podemos elixir, ou polo menos temos certa capacidade para elixir onde vivir, os nosos amigos ou con quen formar unha familia propia, pero en ningún caso eliximos onde nacemos. Os nenos, e tamén os adolescentes, son persoas absolutamente desprotexidas. Por iso, a Convención sobre os dereitos do neno, da Asemblea Xeral das Nacións Unidas, establece os seus dereitos. E cada un de nós, como persoa individual, pero tamén como sociedade no seu conxunto, ten a obriga de poñer en coñecemento das autoridades pertinentes calquera situación de risco. E ás administracións correspóndelles, primeiro, previr estas situacións; segundo, detectalas; e terceiro, protexer o menor, incluso, se é preciso, facéndose cargo da propia titoría do neno ou adolescente. Tal como a conselleira especificou aquí a semana pasada, a Xunta de Galicia sitúa a protección da infancia e a adolescencia como unha das súas prioridades. ¿É a súa obriga? Si. ¿Hai que seguir avanzando? Si. Pero é inxusto, como mínimo, non recoñecer o que se está a facer nestes momentos.

Dende o Grupo Popular consideramos que este tema é tan importante que hai que sacalo do debate político. Por iso hoxe xa lles adiantamos que imos pedir a votación por puntos para, en todos aqueles en que sexa posible —aínda cando xa se estea facendo—, votar a favor en aras dese maior consenso posible. E votariamos só en contra daqueles que non se poden facer, ben porque son irrealizables, porque non se axustan á lei nestes momentos ou porque non son da nosa competencia.

Creo que todos coincidiremos en que xestionar o sistema de protección á infancia é especialmente complexo, pero nos orzamentos do ano 2023 a Xunta incrementou ata 60 millóns de euros os fondos destinados a esta materia, o que supón un 40 por cento máis que no Bipartito. E os grupos do Bloque e do PSOE votaron en contra destes orzamentos; uns orzamentos que permiten, por exemplo, mellorar algo que hoxe se pide, que son os procesos de desinstitucionalización, que xa se está facendo, pero que vostedes piden. Nós xa lles dicimos que, a pesar de que se está facendo, se nos permiten a votación por puntos, votariamos a favor.

Estase duplicando, por exemplo, con eses orzamentos do ano 2023, a contía do Programa Mentor respecto do 2009; un programa de referencia en España, axudándolles a formarse e





a insertarse, e laboralmente a dar ese tránsito á vida adulta, aos adolescentes do sistema de protección; un programa que, ademais, se incrementou co Programa Mentor rural. Incrementáronse nun 20 por cento as axudas destinadas a familias acolledoras para que os nenos que se atopan dentro do sistema de protección autonómica poidan contar cun fogar; un eido que para a Xunta de Galicia é prioritario e ao que nos orzamentos deste ano 2023 se adican 4,7 millóns de euros; como dicía, un incremento do 20 por cento respecto do ano anterior.

Creouse este ano o primeiro Programa de acollemento familiar especializado, para que os nenos con máis dificultades poidan atopar unha familia acollidora. Reforzouse tamén duplicando, respecto a cando vostedes gobernaban, no Bipartito, o Programa de integración familiar, para intervir en casos de posible deterioración familiar e fomentar que os nenos tutelados poidan volver aos seus fogares. Reforzáronse os centros de atención diúrna, ampliouse tamén a rede de puntos de encontro familiar, chegando ata 11, e abriuse o ano pasado un recurso residencial para adolescentes que padecen problemas de saúde mental, que ademais é único en España.

Pero somos conscientes de que todos os orzamentos, todas as ferramentas e todos os servizos non serían útiles sen a presenza e a intervención dos profesionais; uns profesionais e un labor que todos os grupos que estamos aquí representados recoñecemos e valoramos. A Xunta de Galicia tamén e, de feito, véñense dando pasos para mellorar as súas condicións. Por unha parte, a Xunta completou neste 2023 o concurso de traslados do seu persoal, o que permitiu aumentar a estabilidade destes equipos. E nós imos apoiar —se nos permiten votar por puntos— que se poida seguir aumentando esa estabilidade dos equipos. Por outro lado, nos orzamentos para o 2023 introduciuse un cambio para axilizar a cobertura de baixas nestes equipos, dándolles carácter prioritario, e estase a traballar tamén na ampliación do plantel dos equipos técnicos de menores.

Pero, miren, se vostedes están en contacto coa realidade, co que se pode facer, saberán que non poden pedir que se dupliquen de repente os equipos; iso é absolutamente irrealizable. Nós queremos chegar a un consenso tamén neste eido, por iso lles plantexamos una posible transacción na que se inclúa tanto a proposta do Bloque como a proposta súa, simplemente con algunha matización, porque, como dicimos, duplicar os equipos é absolutamente irrealizable e non queremos enganar os equipos aprobando algo que logo non se poida levar a cabo.

Falabamos tamén de axilizar os procesos de casos susceptibles de adopción dentro das competencias da Administración autonómica. A derivación dos nenos á adopción require dun traballo previo coa familia —como vostede sabe e dixo aquí—, e debe ser garantida en todo caso de acordo coa normativa, co interese do menor. Este traballo previo é imprescindible, e é imprescindible tamén que se cumpran os prazos. A avaliación de idoneidade é un conxunto de actuacións técnicas pautadas e contrastadas, e os procesos de adopción están deseñados poñendo no centro —como non pode ser doutra maneira— os menores, sen que en ningún caso se condicionen as preferencias dos futuros adoptantes.

Por último, é importante sinalar tamén que en Galicia xa se está protexendo de forma construtiva o exercicio do dereito á procura de orixes, xa que existe un protocolo para garantir a





correcta atención de todos os casos que se expoñan nesta materia. Este protocolo, como o resto das normativas e procedementos do sistema de protección, está á disposición de todo aquel que o queira ver.

En canto á xestión de centros, en Galicia cúmprese a Lei de servizos sociais —que se aprobou non polo Partido Popular, que se aprobou no 2008 polo Bipartito —, que permite a prestación deste servizo por parte das entidades sociais. E en Galicia, señorías, non hai nin un só centro de protección de nenos e adolescentes que estea xestionado por unha empresa con ánimo de lucro; nin sequera un, cero centros. O que si hai, igual que en todas as comunidades — tamén as gobernadas polo PSOE—, son pequenos centros xestionados por entidades sociais, con moitos anos de experiencia, que fan un traballo excepcional en beneficio dos menores e que nós consideramos e apoiamos que o deben seguir facendo.

En canto a elaborar un plan de sensibilización sobre o acollemento familiar que chegue á maior parte da cidadanía galega, estamos de acordo con vostedes; e estamos tan de acordo que xa anunciou o presidente da Xunta que se está elaborando e que se vai poñer en marcha. A pesar diso, apoiaremos tamén esta solicitude que vostedes fan.

E xa para rematar, porque non me queda tempo, quero dicirlle á señora Rodil que o de «garantir o cumprimento e desenvolvemento da lexislación vixente, unificando criterios que rexen o acollemento familiar en Galicia, así como as axudas públicas que reciben, e que para isto se abrirá un proceso de diálogo coas entidades representativas» xa se está a facer a través de circulares de ámbito autonómico, consensuadas coas entidades representativas do sector e feitas públicas. Non é necesario neste momento un decreto autonómico, xa que as circulares son de obrigado cumprimento e permiten unha flexibilidade para introducir novas melloras de man das entidades e das familias.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Arias Rodríguez.

*(Aplausos.)*

Polo grupo autor da moción, a señora Ortega.

**A señora ORTEGA OTERO:** Grazas, presidente.

Bueno, señora Arias, señora deputada do Partido Popular, ás veces é mellor calar, porque non se pode subir aquí con escusas de mal pagador para xustificar. Unha cousa é que falte un deputado ou unha deputada e outra cousa é que falten 40 deputados, e todos do Grupo Parlamentario Popular. *(Aplausos.)* Ou sexa, é inxustificable. Eu entendo que é un papelón para vostede. Para vostede é unha vergonza, porque é a encargada de defender isto. Pero, tendo en conta a materia sensible da que estamos a falar, ter que iniciar unha intervención con toda a bancada do Partido Popular baleira é lamentable. ¡E logo, encima, que veña aquí xustificar o inxustificable...! É mellor calar. Ás veces é mellor calar; estar calado e xa está. *(Aplausos.) (Murmurios.)*



Mire, vostede acúsanos, señora Arias, de non estar na realidade, de que non estamos en contacto coa realidade. Ao mellor, os que non están en contacto coa realidade son vostedes, porque, mire, ¿leron o comunicado público por parte dos equipos técnicos de menores? ¿Leron o comunicado público? Entendo que si, ¿non? É o comunicado que lles trasladaron ao propio Goberno galego, á propia Consellería de Política Social e á propia Fiscalía, incluso para que estivesen... Porque realmente teñen un traballo moi complicado, teñen un traballo cunha responsabilidade que noutros traballos non se ten. Estamos a falar de que estamos xogando coas vidas dos menores, estamos a falar de que eses técnicos teñen un traballo importante, porque se xoga o futuro dos menores cos que teñen que traballar. E nese comunicado literalmente dicían que non daban abasto, que non daban feito, que tiñan unha pila de expedientes cos cales non daban traballado e que, lamentablemente, comunicaban desesperadamente á Administración —xa hai un ano e medio disto, que metemos esta iniciativa— que non podían chegar a todos os casos e que con todas as casuísticas o que facían á desesperada era encargarse dos expedientes máis urxentes, pero é moi difícil de acreditar cales son os urxentes e cales non, porque os expedientes que chegan aos departamentos, aos equipos técnicos de menores, son todos urxentes, señores do Partido Popular. E é moi duro escoitar e ver como os equipos técnicos de menores están suplicando que haxa máis persoal porque non dan feito o seu traballo, que logo levan para a casa, porque é moi duro non dar feito o teu traballo, un traballo tan duro, tan importante e con tanta responsabilidade, e logo ir durmir á casa, e é moi duro que vostedes veñan aquí e digan que iso é inviable, que é inviable duplicar os equipos técnicos de menores. Nós non inventamos o de duplicar os equipos técnicos de menores. Nós facemos esta proposta, falada cos propios profesionais, que son os que nos están indicando que esa é a única solución para que funcione de xeito correcto.

E, lamentablemente, cartos hai, xa o di sempre o presidente da Xunta, Rueda, cando falamos de sanidade: que por cartos non é, que cartos hai; que temos o maior orzamento da historia; que hai máis cartos que veñen por parte da Unión Europea, que hai fondos estatais...; máis cartos que nunca. Son os orzamentos máis grandes que nunca da historia en Galicia. Para outras cousas si que hai, ¿verdade?, porque, por exemplo, eu vexo que se invisten millóns en lexislaturas simplemente en propaganda e comunicación, e aquí estamos falando de que non se poden investir en incrementar e en duplicar os equipos técnicos de menores. ¡Lamentable! ¡É lamentable escoitar iso! Espero, a verdade, que rectifiquen.

Vostede ten un papelón duro porque incluso vostede, a título persoal, penso que, ao mellor, non sente o que di e que vostede a título persoal ao mellor si que apostaría por esta proposta de forma completa, pero ten que dicir, lamentablemente, o que o Goberno lle indica.

E partimos da seguinte situación. Se as situacións de risco dos menores se incrementaron nos últimos anos, se as tutelas dos menores se incrementaron nos últimos anos, se os equipos técnicos de menores son os encargados de solucionar, dentro das posibilidades, as vidas deses menores, se estes mesmos equipos técnicos de menores comunicaron en comunicados oficiais ao propio Goberno da Xunta e á propia Fiscalía que non dan feito, tendo en conta que temos máis fondos estatais propios e europeos que nunca, ¿por que non os incrementamos de xeito significativo —non, como dixo a conselleira o outro día, en 2, 3 ou 4 técnicos—? ¿Pero isto que é? ¿Consideramos que así se vai solucionar algo? Non.



Dicía a señora Rodil que medio milleiro de nenos e nenas menores de 15 anos estaba en acollemento residencial. Efectivamente, por iso consideramos que é unha cuestión urxente, e que moita xente que nos estea vendo e que non teña que ver co ámbito de menores tanto profesional como persoalmente ao mellor non sabe do que estamos falando, porque é unha realidade realmente invisibilizada. Pero hai moitos nenos e nenas, moitos menores —e non temos que ir a África nin a Colombia, a situacións que nos chegan polos medios de comunicación—, aquí mesmo, en Galicia, que están sufrindo situacións moi duras e dos que temos a responsabilidade porque son os fillos da Administración. A nai, conselleira de Política Social, ten a responsabilidade de poñer todos os investimentos posibles para que se solucione esta situación. E, ¡home!, non sei, non entendo por que di que é inviable a proposta que estamos facendo, que parte realmente dos propios equipos técnicos, que parte realmente dos profesionais que están día a día batallando por loitar polos dereitos da infancia. Saben que é factible e que é viable, porque saben o que se inviste noutros departamentos e noutras áreas que non teñen, ao mellor, a relevancia que ten a área de menores.

Sempre o digo, os menores son sagrados, teñen que ser sagrados, e máis os que non teñen unha familia detrás para que vele polos seus intereses; máis eses. Repito, temos que apostar sempre polo acollemento familiar, tanto en familia extensa como en familia allea, tendo en conta que hoxe sabemos que o máis importante é alonxar os menores do acollemento residencial polos estigmas que a propia sociedade ten. ¿Cantas persoas que están fóra deste ámbito cren que os nenos e nenas que están nun centro de menores están aí por condutas delituosas? ¿Canta xente non cre iso?

E agora máis, porque agora temos a Vox, que encima alimenta estes bulos e fai campañas a base de meterse con menores, a base de meterse con nenos e nenas menores non acompañados, que son os Mena (Menores Estranxeiros non Acompañados); como fomos tamén os españois cando tivemos que ir a Rusia, despois da guerra, e todo iso. Tamén eramos Mena.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora ORTEGA OTERO:** E agora, grazas ao Partido Popular, Vox está nas institucións, e temos que lidar con este tipo de estigmas que pensamos que xa eran pasados... Rin os representantes do Partido Popular. ¡É de coña, ¿non?! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora ORTEGA OTERO:** Non veñen a tempo para escoitar unha das cuestións máis relevantes en materia deste pleno, para facer propostas, para dilucidar causas e solucións, para escoitar isto, para poder remendar os problemas dos menores, e encima veñen aquí e rin, como se fora...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora ORTEGA OTERO:** Agardamos que poidan votar a favor todos...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



**A señora ORTEGA OTERO:** ...independentemente da ideoloxía, polo ben dos menores.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotacións agrarias**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de modificación.*

Na parte resolutiva da iniciativa o parágrafo que comeza por: «-Trasladar o compromiso das tres forzas políticas que compoñen o arco parlamentario deste Parlamento de Galiza ...» débese substituír polo seguinte texto:

«-Establecer os mecanismos legais necesarios para o cumprimento da Lei da cadea alimentaria e asegurar así as mínimas ganancias que permitan o desenvolvemento económico-social e a pervivencia dos diferentes sectores produtivos do rural e esixir o mesmo do Goberno do Estado, cada un nas súas competencias.»)

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado José Antonio Armada Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

*Emenda de substitución.*

Debe substituírse o texto da parte resolutiva polo que segue:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que adopte as seguintes medidas a prol do sector primario galego, a recuperación demográfica e pola mellora da calidade de vida da poboación no rural:

1º.-Trasladar o compromiso das tres forzas políticas que compoñen o Parlamento de Galicia para promover no Congreso dos Deputados a reforma da Lei da Cadea Alimentaria no sentido de establecer os mecanismos necesarios para o cálculo dos custos de produción dos produtos agrogandeiros, para establecer prezos de referencia, e asegurar así as mínimas ganancias que permitan o desenvolvemento económicosocial e a pervivencia dos diferentes sectores produtivos do rural.

E, de xeito particular, que o Ministerio recolla na citada Lei, como medio de proba dos custes de produción, os que se deriven de aplicacións de contabilidade validadas polas Comunidades Autónomas coma poden ser a contalactea ou a contacarne.



2º.-Planificar accións coordinadas e debidamente orzamentadas destinadas a activar zonas depri- midas, abandonadas e despoboadas que permitan o reinicio das actividades agrogandeiras que fixen poboación, reactiven a economía e xestionen territorio coa meta posta na necesaria capacidade de autoabastecemento alimentario, utilizando para tal fin os instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. No marco de esta lexislación impulsárase:

a) A consecución dunha porcentaxe de superficie agraria útil que permita camiñar cara a unha maior capacidade das nosas explotacións para producir os seus insumos.

b) Priorizar a localización dos instrumentos da Lei de recuperación nas zonas onde o abandono agro- gandeiro e o despoboamento sexan mais acusados.

c) Priorizar que a terra que se mobilice a través dos instrumentos da Lei de recuperación da terra agraria de Galicia teñan como destinatarios principais ás explotacións agropecuarias galegas que demanden máis base territorial.

d) Activar de forma inmediata a figura do Banco de Explotacións como axuda na remuda das explo- tacións agrogandeiras galegas.

3º.-Avanzar na tramitación da normativa galega en materia de calidade alimentaria para facilitar o comercio de proximidade e a venda directa, favorecendo o desenvolvemento do selo de Artesanía Alimentaria como o mecanismo que permita a pequenas e medianas explotacións familiares de pro- ducións, tanto ecolóxicas como integradas, dar unha saída rendible aos seus produtos. Nesta liña, a finalidade de dita lexislación debe ser a consecución de produtos de calidade, o respecto a sustenta- bilidade e o equilibrio medio ambiental así como o peche, na medida do posible, dos ciclos de produ- ción (consecución de insumos para a produción agropecuaria, transformación dos produtos primarios...>>).

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, na interpelación feita na pasada sesión plenaria, o conselleiro de Medio Rural ten- tou matizar e disfrazar os datos estatísticos que lle dabamos desde o BNG. Mal asunto cando, utilizando a estatística, se pretende modificar o que a realidade diaria nos vai contando. Pero, aínda así, falemos un anaquiño de datos extraídos de informes oficiais e de relevan- cia.

¿É ou non é certo que no ano 2009 Galicia contaba con 47.394 explotacións gandeiras e trece anos despois a apatía e o desleixo dos gobernos do PP reducían o seu número a 27.663? Nós malevolamente deducimos que o paso de Feixóo polo Goberno da Xunta deixa un balance de 20.000 explotacións menos.

¿É ou non é certo que, segundo o Informe do Centro Común de Investigación da Comisión Europea, publicado en 2020, Galicia perderá un 35 por cento da superficie agraria útil nesta década?



¿É ou non é certo que, segundo datos do *Informe sobre estruturas y sistemas de la alimentación de las explotaciones lecheras*, feito no decurso dun proxecto conxunto de investigación entre os centros públicos de Galicia, Asturias, Cantabria, Euskadi e Navarra, Galicia contaba nese 2014 con arredor de 11.700 explotacións de leite e, segundo os datos do pasado ano 2022, esa cifra baixaba a 6.400? ¡Nada menos que a un 54 por cento en oito anos!

¿É ou non é certo que entre as explotacións de leite un 40 por cento dos titulares teñen máis de 55 anos e deles unha de cada dúas granxas non ten a sucesión asegurada?

¿É ou non é certo que o Partido Popular pretende convencer os sectores de leite e carne de vacún de que o moderno e a salvación do rural está nunha concentración de recursos tanto en superficie agraria útil como en volume de produción? ¡Canto tempo oíndo esta melodía e nunca é verdade!

¿É ou non é certo que estas políticas están promocionando un abandono progresivo da actividade agraria e gandeira?

¿É ou non é certo que en moitas zonas do noso rural a gandaría de carne e a agricultura supoñen un complemento nos ingresos familiares de xente que aínda resiste na aldea?

¿Certo ou non que o Partido Popular votou en contra da Lei do Banco de Terras e das unidades de xestión forestal e que utilizou propaganda clandestina, alertando de que a mobilización de terras que propoñía o BNG era unha medida comunista, bolchevique, separatista e xu-deumasónica?

¿Certo ou non que tanto o Partido Socialista como o Partido Popular non quixeron incluír nas xa varias reformas da Lei da cadea alimentaria un apartado que articule un mecanismo que permita calcular os custos de produción de xeito obxectivo, podendo así condicionar os prezos que reciben os produtores e as produtoras?

¿Certo ou non que temos un problema coa biomasa que, debido ao abandono e, polo tanto, á falta de xestión do territorio, cada pouco tempo nos dá un aviso en forma do lume devastador?

¿Certo ou non que o señor conselleiro, acurrado pola realidade que pon en evidencia a inutilidade da súa propaganda, agora busca culpables unha vez máis no esoterismo?: «Cando empecei de conselleiro podía ser un pouco máis proclive ao tema medioambiental». Pero, vamos ver, o peor que nos vai pasar é que quede todo abandonado —que estaba agora vendo unhas fotos— e cheo de xabarís, de corzos e de lobos. E non estou dando unha mensaxe catastrofista, non. Que nos deixen aos agricultores e gandeiros desenvolver a nosa actividade, que hoxe temos maquinaria abondo para poder xestionar o territorio. Negar as evidencias con propaganda e fume tóxico é o *modus operandi* do PP, para enmascarar a realidade, acalmar as queixas da poboación e facilitar o control da sociedade; populismo en estado puro, facilmente identificable sempre. Con Franco e a barbarie mantiñan a toda costa o *status quo* dunha sociedade labrega pechada en si mesma: foros e amos, atraso económico e emigración. Coa democracia posfranquista, outro tanto do mesmo. (*Murmurios.*)





O despegue económico dos setenta propiciou en moitas comarcas a propiedade das terras comunais e familiares por caseiros e caseteiras. ¡Mágoa que corenta anos despois de goberno do PP, promocionando este abandono suicida, nos estea ofrecendo unha suposta modernización en cómodos prazos de concentración de recursos! Cando estes recursos volvan outra vez a poucas mans, teremos de novo unhas novas elites que dificulten ou impidan as políticas transformadoras, a repartición do benestar e a ocupación do territorio de xeito amable e de acordo cos tempos que virán; liberalismo económico e social en estado puro, puro e duro.

Porque os tempos marcan —parézalles ben ou non— boas prácticas agrícolas, sostibilidade, respecto polo medio ambiente e a biodiversidade; vida, señorías, ¡vida! Pero non haberá vida onde non hai xente, e pode haber toda a produción que queiran, que, se non hai poboación a pé de leira, non lles é nada.

Miren como son: en apenas dous anos mudaron de escusas e onde antes non era posible a intermediación da Consellería, dicían que non era legal, que o mercado non o permitía, que era intervencionismo de dubidosa efectividade, pois agora aparecen observatorios lácteos, protocolos da carne, unha AICA galega para completar a cerimonia de confusión e unha Lei de recuperación da terra agraria, tras doce anos de somnolenta quietude, para facer que se fai e facer o que non di a lei.

¡Ah!, é necesario, chegados a este punto, lembrarlles outra vez que no seu momento vostedes, o Partido Popular, repartiron octavillas sen firma, cen por cento clandestinas, difamando a Lei do Banco de Terras, que tampouco votaran no Parlamento, ¡je tan panchos!

Polo que parece, e a pesar do argumentario da Lei de recuperación da terra agraria, seguen sen entender que este país conta cun modelo de explotacións con terra na gandería tanto de leite coma de carne que é preciso apuntalar e fortalecer e que temos terra para liderar cantidade e calidades. Temos toda a potencialidade do mundo para reconducir un modelo baseado na terra, na base territorial, con pouca dependencia dos insumos e nos alimentos, e vostedes non queren. Soamente cómpre ordenar o territorio, mobilizar terra infrautilizada ou abandonada, planificar mosaicos e potenciar pequenas e medianas explotacións sostibles en investimentos, en terras e en respecto ás boas prácticas agrícolas e ao equilibrio medioambiental.

Somos conscientes, señorías, de que se trata dun labor difícil o proxecto de frear o abandono e de cambiar a tendencia. Imos precisar o impulso político que nace do amor polo noso, da crenza en nós, da afirmación deste país de nós.

Han ser imprescindibles anos de firmeza e máis amplos consensos sobre políticas de territorio, de reactivación económica produtiva e de recuperación poboacional. A meta ben paga a pena. Para isto sempre encontrarán ao BNG coa man tendida.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.



Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Martín Seco.

**O señor SECO GARCÍA:** Grazas, presidente.

Hoxe debatemos unha moción, derivada da interpelación, onde se preguntaba polas iniciativas que desenvolve o Goberno galego para tratar de frear o abandono das explotacións agrarias no noso país.

Escoitei atentamente o outro días as contestacións que daba o conselleiro do Medio Rural aos preocupantes datos que ten o noso país; uns datos que non se poden ocultar con propaganda e publicidade, e menos se pode escoitar os membros do Partido Popular que poñelos encima da mesa é ter unha visión catastrofista do noso rural e danar os intereses dos nosos produtores.

Señorías do Partido Popular, a realidade estatística dinos que seis de cada dez persoas que se dedican á produción de alimentos en Galicia estarán xubilados no ano 2030. A estatística dinos tamén que dende a chegada do Partido Popular ao Goberno da Xunta no ano 2009 ata o ano 2022 se perderon en Galicia nada máis e nada menos que 20.000 explotacións. E tamén nos di que esta situación non mudou o ano pasado, que se perderon máis de 1.500 explotacións.

A realidade científica dinos nun estudo que as provincias de Lugo, A Coruña e Ourense sufrirán nesta década o maior abandono absoluto e relativo de terras agrícolas, sendo as tres únicas provincias de España ameazadas polo abandono do máis do 30 por cento da área agrícola utilizada, nun estudo no que se di que Lugo será a provincia máis afectada de toda España, con case 80.000 hectáreas de terra abandonada, seguida das provincias da Coruña e de Ourense.

Estes son datos, señores e señoras do Partido Popular. ¿Queren dicirme que analizalos para pedirlle ao Goberno galego que tome medidas de discriminación positiva para o noso rural é facerlles dano os nosos produtores?

Señorías, o Partido Popular gobernou nada máis e nada menos que trinta e catro dos corenta e un anos da autonomía, os derradeiros catorce con maioría absoluta, e continuos. Pero escoitándoos sempre semella que nada teñen que ver coa situación que estamos a vivir, e tampouco vemos que tomen solucións urxentes para frear o abandono; máis ben as decisións que toman van en sentido contrario.

Con relación á problemática que estamos a vivir coa falla de cumprimento da Lei da cadea alimentaria por parte dalgunhas industrias, que non pagan aos nosos produtores por encima dos custos da produción, no Partido Popular semella que non gobernasen dende o ano 2011 ao 2018 e que nese mandato non fose cando se redactase a anterior lei da cadea, que vostedes saben que non valeu absolutamente para nada.

E a pregunta é: ¿que fixo o Partido Popular de Galicia ante esta situación?, ¿pedir unha modificación da lei talvez? Porque vostedes din que responden aos intereses dos galegos e ga-



legas. Pero non, non fixeron tal cousa, estiveron caladiños e non lle reclamaron nada ao Goberno de Mariano Rajoy, nun Partido Popular que di defender a Galicia en España cando está na oposición, pero que realmente o único que defende son os seus propios intereses.

¿Que fixo o Goberno progresista cando chegou ao Goberno? Pois modificou a lei ata en dúas ocasións, a primeira no ano 2020, por real decreto, e despois a reforma legislativa que se aprobou a finais do ano 2021; unha reforma que introduciu a prohibición da venda a perdas, e que as propias organizacións agrarias —non eu, senón elas— cualifican como positiva.

Pero a lei non ten efectos máxicos, e vostedes —e tamén o BNG— saben que non todo cabe no marco da lexislación europea. A lei establece claramente que está prohibido vender a perdas, e nesa prohibición o que hai que facer é poñer en marcha os mecanismos necesarios para facer que se cumpra o establecido na lei; uns mecanismos para o control que están establecidos e son competencia da Axencia de Información e Control Alimentario a nivel estatal, e tamén das comunidades autónomas competentes no seu ámbito. Dende o Ministerio cóstanos que se reforzou o funcionamento da AICA, incrementando, ademais, significativamente o orzamento tanto do ano 2021, como do 2022, como do 2023. Segundo o informe da actividade da propia axencia do ano pasado, esta entidade a nivel estatal realizou 929 controis, revisou 1.500 relacións comerciais, recibiu 78 denuncias e, como resultado das investigacións, puxéronse en marcha 272 expedientes sancionadores. Eses son os datos da Axencia do Estado.

E, mentres, ¿que fixo o Goberno galego neste 2022? Pois neste primeiro ano de funcionamento dunha suposta AICA galega, o conxunto das comunidades autónomas —todas— realizaron 550 inspeccións de oficio e controlaron 2.000 relacións comerciais.

As comunidades que teñen máis actividade son Andalucía, Castilla y León e Cataluña, pero en Galicia só se fixeron 15 inspeccións de oficio, 5 no sector lácteo e 10 no cárnico, e controláronse outras 232 relacións comerciais. Pero mentres Cataluña ou Navarra foron as que máis sancións impuxeron, ¿saben vostedes que fixeron en Galicia? Pois que o Goberno galego impuxo cero sancións, señorías; un goberno que despois di que está moi preocupado por que se permita a venda a perdas, pero fai cero sancións en todo o ano 2022. *(Aplausos.)*

E non vou falar —mañá hai moito tempo para falar diso— da baixada de pantalóns do Goberno galego ante a industria láctea, cambiando a orde de axudas ás industrias para a transformación dos seus produtos, que en xaneiro deste ano excluía as empresas multadas polo incumprimento da Lei da cadea, e que se modificaron en abril para volver incluílas, e todo porque unha industria láctea lle dixo ao presidente Rueda o que tiña que facer. ¿Son vostedes cribles, señorías do Partido Popular? ¿Como van convencernos de que queren modificar a Lei da cadea cando non teñen nin o menor interese en facer cumprir a actual? A «Conta Láctea» ou a «Conta Carne» son aplicacións informáticas positivas para axudar os produtores a calcular os seus custos de produción individuais, pero vostedes saben que non teñen cabida no marco legislativo e saben tamén que nada teñen que ver os custos de produción que hai en Estremadura cos que hai en Galicia. Polo que, se realmente están preocupados, o que deberan de facer é poñerse a traballar para que en Galicia se cumpra a lei e por non ser



unha simple canle de transmisión das industrias incumpridoras cos gandeiros, que resulta que, ao final, son os que realmente redactan as liñas de axudas do Goberno galego que pagamos todos e todas neste país.

E unha última pregunta para todos: se tan mala é a lei actual da cadea alimentaria ¿por que a patronal non presenta un recurso no Supremo para botala abaixo? (*Aplausos.*) Tan mala non será se tanto lles molesta a eses amigos do Goberno galego que lles din como teñen que modificar as liñas de axudas públicas para non penalizados por vender a perdas.

Vou comentar un par de cuestións a maiores para observar o compromiso da Consellería do Medio Rural co noso campo, e tamén o vou facer con datos. A Consellería do Medio Rural deixou sen executar o ano pasado 165 millóns de euros dun total de 630 millóns de euros que tiñan á disposición; é dicir, a Consellería do Medio Rural deixa sen utilizar un de cada catro euros que ten á súa disposición. Mentres isto sucedía, todos nos preguntamos que fixo o Goberno galego ante a crise do sector cárnico polo incremento de prezos. Pese a ter sen gastar en fondos propios 165 millóns de euros no 2022, o que si sabemos é que se negou sistemáticamente a complementar os 68 millóns de euros que o Goberno español destinou ás axudas directas aos produtores de leite e de carne de Galicia. O Goberno do Estado pon 68 millóns de euros e a Xunta de Galicia pon cero euros nun sector que é esencial para loitar contra o abandono do rural e os lumes forestais, iso si, con 165 millóns de euros sen executar.

Outra cuestión. ¿Que fixo a Consellería do Medio Rural cos produtores en ecolóxico que en Galicia no ano 2022 quedaron sen axudas, cando había 165 millóns de euros sen executar? Deixou tirados a 300 produtores que deberan de ser o futuro do noso país por non orzar pouco máis de dous millóns e medio de euros para os ditos produtores. ¡Outra gran decisión da Consellería do Medio Rural para evitar o noso abandono!

Outro tema máis: ¿que fixo a Consellería do Medio Rural coas axudas para a incorporación de xoves do ano 2022, mentres deixaba 165 millóns de euros sen executar? Deixou 43 solicitantes menores de 40 anos sen axudas por insuficiencia de fondos —algo que non corrixiron—, pese ao grave problema de abandono que temos en Galicia. ¡Outra gran decisión da Consellería do Medio Rural!

Pero hai máis, ¿que fai a Consellería do Medio Rural ante o problema de sequía que temos no noso país? Mentres o Goberno estatal destina uns insuficientes —xa digo, insuficientes— 11 millóns de euros para axudar cos seus efectos, vemos como a Consellería, a pesar de deixar sen executar 165 millóns de euros no ano 2022, destina cero euros para axudar os nosos produtores.

E para rematar, deixen de falar tanto da Lei de recuperación e do que pretenden facer con ela, porque xa levamos dous anos dende a entrada en vigor desta lei. Deberían saber que esta por si mesma non soluciona os graves problemas que temos de superficie agraria útil no noso país. Se utilizasen, talvez, eses 165 millóns de euros que deixaron de executar no ano 2022 e non falasen tanto de aldeas modelos, de tanta publicidade e de que van mobilizar dez mil hectáreas no futuro, seguro que o noso campo llelo agradecería.



O noso grupo emendou esta iniciativa no seu primeiro punto porque, para o noso entender, o problema non está na Lei da cadea, o problema está en establecer os mecanismos que a fagan cumprir. No resto da iniciativa estamos completamente de acordo e, polo tanto, se hai unha votación por puntos, xa lle dicimos ao Bloque Nacionalista Galego que votaremos a favor.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Martín Seco.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Armada.

**O señor ARMADA PÉREZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Hoxe o que nos trae aquí é unha cuestión que non é menor, dende logo, e que afecta dunha forma clara e directa todos os agricultores e gandeiros da nosa terra. Hoxe eu penso que temos que lanzarlles dende aquí unha mensaxe que sexa clara, directa e entendible e, sobre todo, facer empatía con eles, porque esta xente estivo atravesando e atravesando en moitas ocasións circunstancias ben complicadas e difíciles. Non se trata de estar buscando continuamente culpables, non se trata de estar sinalando absolutamente a todo o mundo. Nós coñecemos perfectamente cales son os problemas do noso rural porque tamén vivimos no noso rural e compartimos as súas preocupacións. Aquí do que se trata é de buscar solucións, e esas solucións veñen dadas polo mecanismos xurídicos que traemos aquí, nos que tendemos a man a todos os grupos políticos e, por suposto, tamén aos interesados, para poder desenrolar leis; leis como é a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia. Dende logo, nós entendemos que esa é a forma de traballar e de axudar o noso rural.

Direille ao señor Seco que, loxicamente, o Partido Popular na última lei que aprobaron relativa á Lei de cadea alimentaria, no ano 2021, efectivamente, votou en contra, pero, volveu indicar —porque seguro que vai ser moi ilustrativo— os motivos polos que votou en contra. O motivo era non incorporar unha condición fundamental que seguía sendo reiterada, e era a prohibición —¡como non!— da venda a perdas, e iso tiñase que facer efectivo xunto cunha garantía de beneficio mínimo. Porque, loxicamente, unha actividade ten que ter un beneficio, e iso había que contemplalo. E, por suposto, tamén había un segundo motivo, que era que, para facer efectivo ese control —que, por certo, se lles daba ese control ás comunidades autónomas—, iso non podía quedar en verbas, senón que tamén había que facelo de facto. Entón, demandabamos un requirimento que tampouco foi escoitado e resultou totalmente desatendido. E con ese requirimento tratábase de incluír na normativa ferramentas dixitais, aplicacións web de carácter oficial, deseñadas conforme a normativa contable española, para que, como é o caso, por exemplo, da Conta Láctea —que se puxo en marcha— ou da Conta Carne, puidésemos acreditar o custo efectivo da produción; é dicir, para facilitarlles a vida aos nosos gandeiros.

Así mesmo, está claro que nós creamos e cremos que a solución debe producirse, sen dúbida, polo incremento no prezo final que se paga ao sector gandeiro e non pola vía das axudas directas. E isto non o dicimos nós, dío o sector. O sector non quere axudas, quede persistir e





subsistir por el mesmo, e simplemente quere que as axudas veñan dadas para momentos e situacións excepcionais.

Está claro que nós temos tamén a nosa visión sobre as últimas axudas que deu o Estado. Alégranos recoñecer e que recoñeza aquí o Partido Socialista que son unhas axudas a todas luces insuficientes e que, evidentemente, esta comunidade saíu maltratada. Esperemos que no futuro o novo goberno que teñamos en Madrid teña esa sensibilidade, que eu estou seguro de que vai ser así, e de que o seu presidente, seguramente o señor Alberto Núñez Feijóo, terá esa sensibilidade con esta nosa terra.

Desde logo que tamén me gustaría dicir que, falando desa rendibilidade e dese valor, a Xunta de Galicia no seu conxunto, e concretamente a Consellería do Medio Rural, buscan o mellor, dende o punto de vista social, ambiental e económico. Son moitas as demandas do sector gandeiro á hora de falar de reducir, na medida do posible, os custos de desprazamento, por exemplo, nun dos aspectos que nós indicamos na nosa emenda, que son os matadoiros. Niso nós falamos de que, á parte desa rede de matadoiros —que tamén—, esteamos a falar do matadoiro móbil. E iso porque diversos estudos sinalan que a redución dos tempos de transporte dos animais diminúe dun xeito significativo o seu estrés e redonda na mellora considerable do seu benestar. Para iso, precisamos achegar os diferentes servizos ás zonas máis afastadas.

Está claro que a Xunta impulsa diferentes mecanismos normativos —xa o apuntei—, e por suposto a futura Lei de calidade alimentaria de Galicia debe ser a que poña en valor e salvgarde a excelencia e o prestixio dos produtos agroalimentarios na nosa comunidade; debe buscar recoñecer todos eses produtos que pasaron rigorosos controis de calidade e que estiveron sometidos a un especial coidado no proceso de produción e comercialización. E, por suposto, non podemos quedar de costas ao futuro. Nós tivemos unha pandemia, da cal tivemos que sacar e extraer varias leccións, e está claro que todo mudou dun xeito xeneralizado, e o comercio electrónico converteuse nun referente, nunha venda viable, potenciado pola pandemia que vivimos, como ben dicía.

Con todo, o perfil da maioría dos nosos produtores e das empresas de pequeno ou mediano tamaño é a carencia dos medios e coñecementos necesarios para activar esta nova vía de venda directa dos seus produtos. Como consecuencia disto, creouse esa nova oportunidade para mellorar a competitividade das empresas galegas. E a Consellería do Medio Rural, a través da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, impulsou diferentes actividades, entre elas terei que destacar a cooperación entre os produtores galegos para implementar una plataforma *online* de venda de produtos galegos con indicativo de calidade. Esa é unha das liñas a seguir de cara ao futuro; unha liña que, como ben digo, xa se está a implementar.

E si, por suposto que imos ir tamén a outro dos puntos claves desta iniciativa, que é, precisamente, á demanda que hai por parte do sector de masa territorial, porque, evidentemente, sen masa territorial, nós non podemos ir a ningures. Sabemos perfectamente como se atopa o noso rural, e para iso temos a Lei de recuperación da terra agraria de Galicia, os seus mecanismos, e para iso tamén estamos a mobilizar terra a través das diferentes concentracións parcelarias, tanto as que se foron rematando como as que agora mesmo temos





decretadas. Debo destacar que dende o ano 2020 a Xunta rematou un total de 27 concentracións parcelarias, o que supuxo unha superficie de 18.700 hectáreas. E, por suposto, tamén se decretaron, dende o ano 2021, 29 novas actuacións.

Dende a entrada en vigor da Lei de recuperación, estanse a mobilizar cerca de 10.000 hectáreas en toda a comunidade autónoma, que conta con 21 polígonos agroforestais en distintas fases. Tampouco lle gustan as aldeas modelo, que xa demostraron de por si a súa efectividade. Un dos principais instrumentos de mobilización contemplados son, como ben digo, as aldeas modelo e os polígonos agroforestais. E gustaríame incidir un pouquiño máis niso e, sobre todo, dicir onde é que se están aplicando: precisamente están a facerse agora mesmo nos sitios que quizais o máis o necesiten, como pode ser na miña provincia, en Ourense, xa que podo falar de que, deses 21 polígonos, agora mesmo 15 están alí. Tamén lle podo dicir que, das 21 aldeas modelo, 14 tamén están na provincia de Ourense. E destacaría o Plan estratéxico de actuación integral tamén para a recuperación, dinamización e valoración do territorio da área suboriental da provincia de Ourense.

Mire, falabamos tamén noutro dos puntos do Banco de Explotacións, contemplado na Lei de recuperación de terra agraria de Galicia. Como ben sabe, nós levamos unha proposición non de lei á Comisión 6ª, e a instancias do noso grupo aprobouse o acordo no cal se instaba a Xunta de Galicia a proceder á difusión e ao coñecemento do Banco de Explotacións agrarias entre os seus beneficiarios. Esa iniciativa foi aprobada o 5 de novembro do ano 2021 por unanimidade, como ben digo, e no marco dun protocolo de colaboración entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Modernización Tecnolóxica de Galicia, entre os anos 2021 e 2022, desenvolvéronse unhas aplicacións informáticas para a incorporación de explotacións ao Banco de Explotacións. Neste ano teña vostede a seguridade —e nós imos estar vixiantes— de que se vai pór en marcha esta ferramenta coa incorporación das primeiras explotacións e o acceso a este sistema informático para a súa xestión e a consulta de información polos posibles interesados.

A inclusión, como ben sabe, no Banco de Explotacións dunha granxa non implica necesariamente o seu arrendamento ou venda, e a inclusión nel iníciase por solicitude de calquera persoa interesada cuxa explotación estea incluída no Banco de Explotacións. A finalidade fundamental —xa o sabe vostede— é aportar a información e dar máis transparencia a este mercado, co fin de facilitar os intercambios e asesorar nos casos necesarios; unha ferramenta que cumpre dous grandes obxectivos, que son garantir o futuro do noso agro. Trátase non só de fomentar a remuda xeracional —é un instrumento, un instrumento máis—, senón que tamén se trata de aproveitar terras que non teñan recambio para pasar a ser terras abandonadas. Todo isto, evidentemente, acompañado polos correspondentes incentivos fiscais, por suposto, no que nos atinxa á propia comunidade autónoma, e tamén os que nós lle propoñamos ao Estado para que realice esas melloras tributarias.

E, todo isto ¿para que? Pois, loxicamente, para fixar poboación, activando o territorio sobre o que se asenta, para promover a xestión do territorio e a actividade nos tres usos, agrario, gandeiro e forestal, para recuperar a demografía co asentamento poboacional, para mellorar a calidade de vida das xentes que viven no e do rural e tamén para anticiparnos aos lumes forestais mediante a prevención e a implantación da actividade agraria.



A nosa emenda é bastante clara, foi bastante clara. Nós entendemos perfectamente o que vostedes aquí plantexan. Como habitantes dese rural que somos, tanto os desta bancada como os desa bancada, (*O señor Armada Pérez sinala coa man un e outro lado do hemiciclo.*) pódolles asegurar que podemos chegar a un entendemento. Temos moi claro cal é a diagnose; agora hai que pór os medios, hai que pórse a traballar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Armada.

Polo grupo autor da moción, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, oíndo o señor deputado popular, case semella que a moción é obra do PP, que está na oposición, e que o BNG está no Goberno. Teñan calma, que ten «cada cousa o seu tempo e cada tempo a súa cousa, e cada persoa, unha meta e cada morto, unha lousa», dicía Xesús Rábade, poeta chairego.

Celebramos, de verdade, que esteamos de acordo na necesidade de prezos xustos para a produción no sector primario, por iso pretendemos un acordo parlamentario que condicione os 23 deputados de Galicia que sairán nas próximas eleccións a unha futura revisión da Lei da cadea alimentaria. Ese é o primeiro punto do noso acordo, e esperamos que se cumpra, e, se non, estaremos aquí e mais alí —alí abundantamente, e aquí, tamén— para recordárllelo.

Vaime desculpar, señor Seco, se non tomamos en consideración a súa emenda. Parécenos que rebaixa as exixencias mínimas do punto principal do acordo que propoñemos. Cremos de verdade que cunha lei da cadea alimentaria que contemple mecanismos de fixación obxectiva dos custos de produción unha boa parte dos problemas do sector primario, mesmo da pesca, estarían resoltos, e non hai condicionantes de ningún tipo diante da vontade popular nun parlamento ou en dous parlamentos —¡síntoo moito!—, poñan as leis europeas o que queiran; esas tamén se poden transformar e tamén se poden cambiar. Vostedes teñen grupo parlamentario alá, suficiente como para cambiar a lei, e se é en beneficio dos produtores e dun país como o noso —Galicia—, santas pascuas.

Se vostedes reparan na emenda de substitución que propoñía o Partido Popular, verán que hai dúas ausencias notables, dous conceptos esenciais cando do noso rural falamos: por un lado, o concepto de soberanía alimentaria, que vostedes non queren nin oír falar del. É ambicioso en si mesmo, e vén significando producir o suficiente para alimentar a propia sociedade. Claro, vostedes, señorías do PP, substitúeno por autoabastecemento alimentario. Aparentemente vén sendo o mesmo, pero non, soberanía alimentaria é un concepto que sobrepasa o autoabastecemento, engloba o quilómetro cero, a proximidade, o sentidiño, a sostibilidade, o aforro de combustible e o recoñecemento de Galicia como unha entidade nacional con presenza e identidade propia. Claro, a vostedes esa palabra, «soberanía», prodúcelles unha comechón, un sarabullo cercano ao *shock* anafiláctico. Non remoan tanto,



tranquilícense, que, neste caso, non ten nada a ver coa independencia política, ¡nada!, ¡nada!, é outro concepto; complementario, pero é outro concepto.

A segunda ausencia intencionada ten a ver con algo esencial para o BNG, e cremos que para o país: a orientación e priorización das políticas cara a un modelo de pequenas e medianas explotacións afincadas no territorio e que manteñan e incrementen a poboación rural. ¿Ven vostedes por que desconfiamos das súas políticas de recuperación da terra agraria? Porque, se non, vostedes admitirían este punto como esencial, como prioridade, e vano ter que admitir.

Na súa emenda pretenden dar protagonismo a unha lei, a de recuperación da terra agraria, sobre a que queren facer pivotar todas as políticas—ficción de reactivación do campo. E nós recoñecémola como instrumento válido para ese labor, sempre que se oriente con valentía a dúas prioridades, que son: dotar de base territorial as explotacións agrícolas e gandeiras xa existentes e a recolonización de espazos baleiros infrautilizados ou abandonados —¿estamos de acordo?—, usando un modelo de xestión do territorio, de explotacións medias e pequenas, de corte familiar, de ocupación e xestión, xeradoras de transformación alimentaria e de vida —terceira vez que pronuncio a palabra—. Porque esa palabra —repito— é o veo —o veo é aquela pedra ou aquela peza de metal sobre a que xiraban os muíños no inferno, os rodicios— sobre o que xira esta moción. É esa vida, o vigor que lle debemos á aldea, ao territorio biodiverso deste «ben-dito» país, que nos posúe, aínda que o maltratemos, e do que cando se nos pincha, todos sacamos peito, todos somos da aldea. Esa é a traxedia. Se todas levamos a aldea dentro, ¿por que a ignoramos?, ¿por que a maltratamos?, ¿por que deixamos que perda o zume da vida? ¿Por que non produce carraxe social que diante do abandono e o baleirado rural a Consellería deixe sen executar 165 millóns? ¿Por que non nos produce un cabreo inxente e demoníaco que nos faga saltar do sitio? Cando desde a Consellería —repito, cando desde a Consellería— propiciemos nós un acordo de país debidamente orzado que perdure no tempo, ese será o momento, para o ano que vén.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Ao final, non me quedou claro se acepta a emenda do Grupo Parlamentario Popular. ¿Acepta a emenda do Grupo Parlamentario... (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Teñen unha transacción? Perfecto. Vale, moi ben, despois falamos diso.

Agora imos coas votacións das mocións.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Noelia Otero.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noelia Otero Lago, sobre a convocatoria de bolsas para o estudantado.*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de don Julio Torrado.

¿Había unha proposta de transacción? ¿Si? Déanlle voz ao escano do señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Si, a pesar da boa intención dos grupos, non chegamos a ningún acordo. É aceptada a emenda do BNG e non a do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Entón, votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre a reversión da titularidade de terreos portuarios de uso urbano aos concellos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Marina Ortega.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, e foi solicitada a votación por puntos do Grupo Parlamentario Popular.

¿Acepta a votación por puntos? (*Negación.*) Non acepta a votación por puntos. Entón, votamos a moción coa aceptación da emenda do Bloque Nacionalista Galego.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Marina Ortega Otero, sobre a política da Xunta de Galicia en materia de protección de menores en situación de risco e desamparo.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada a moción.*



**O señor PRESIDENTE:** Por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz.

Hai unha proposta de transacción. Non sei se a coñecen todos os grupos. ¿Vostede solicitara a votación por puntos? (Asentimento.) Correcto. Entón, ¿vostede acéptalle a votación..., ou a transacción? Non sei se... ¿Como é a transacción?, ¿coñécena todos os grupos?

**O señor RIVAS CRUZ:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Vostede está de acordo coa transacción? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Non?, ¿quere votar por puntos? Señor Rivas, ¿acéptalle a votación?

**O señor RIVAS CRUZ:** Si, aceptamos, si.

**O señor PRESIDENTE:** Vale.

Entón, sobre a transacción, ¿que puntos quere separar, señor Seco? (*O señor Seco García pronuncia palabras que non se perciben.*) ¿Dous?, ¿dous puntos? (*Asentimento.*) Entón, comezamos votando o punto número 1.

*Votación do punto número 1 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotación agrarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 58; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 1 desta moción.*

*Votación do punto número 2 da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Rivas Cruz, sobre o abandono de explotación agrarias.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 2 da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron aquí as votacións das mocións.

Continuamos co punto 4º, proposición non de lei.

Corresponde agora debater unha do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo.



**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Matilde Be-goña Rodríguez Rumbo e D. Gonzalo Caballero Miguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para facer constar como se materializaron os fondos do Mecanismo de recuperación e resiliencia recibidos do Estado**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.)*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir o seguinte texto na parte resolutiva:*

*<<Así mesmo, o Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:*

*- remitir de forma periódica ao Parlamento os informes de seguimento presentados ao Consello da Xunta respecto dos fondos europeos de recuperación*

*- poñer en marcha as recomendacións do Informe de fiscalización sobre as medidas adoptadas no ámbito autonómico para a implementación do Plan de*

*Recuperación, Transformación e Resiliencia. Exercicio 2021-2022. Para tal efecto, remitirá ao Parlamento Galego un cronograma coa planificación prevista para o seu debate e a elaboración de conclusións.*

*- instar ao goberno central para que axilice a entrega a Galiza das contías pendentes que lle corresponden dos fondos europeos de recuperación así como a tomar as medidas necesarias para deixar de invadir ámbitos competenciais propios da comunidade e favorecer a xestión directa dos recursos pendentes>>.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señores e señoras deputadas.

No transcurso desta lexislatura do Goberno do Estado, vivimos os acontecementos máis preocupantes dende a fin da Guerra Civil; acontecementos sen precedentes: en 2020 a pandemia provocada pola covid-19 e a principios de 2022 a guerra en Ucraína, provocada por Putin. Son sucesos que desencadearon nunha crise sanitaria, social e económica e que nos puxeron a todos e a todas no peor das situacións posibles, con moitas incertidumes sobre a nosa saúde e a nosa vida, sobre os nosos postos de traballo, sobre o futuro das nosas empresas, sobre a situación dos fogares e sobre a situación das persoas máis vulnerables.





Ante estas incertidumes, tivemos un goberno no Estado, encabezado polo noso presidente do Goberno, señor Pedro Sánchez, que traballou dende o primeiro momento para conseguir recursos e despregar medidas para saír todos e todas xuntas o máis axiña posible e sen deixar a ninguén atrás.

Co liderado do noso presidente do Goberno, Pedro Sánchez, acordouse na Unión Europea, en xullo de 2020, un instrumento excepcional de recuperación temporal, os fondos Next Generation, para facer fronte a esas consecuencias sanitarias, económicas e sociais da pandemia; uns fondos que contan con dous instrumentos básicos e que son os de maior volume: o Mecanismo de recuperación e resiliencia, que se artella a través dos plans nacionais, é dicir, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, e que contén a axenda de investimentos e reformas estruturais, que para España supuxo acadar máis de 160.000 millóns de euros en transferencias non reembolsables e en créditos no período 2021 a 2026, o que supón máis dun doce por cento do PIB. E o fondo REACT-EU, cuxa asignación para o noso país —España— é duns 12.436 millóns de euros, dez mil millóns de euros repartidos entre as comunidades autónomas para axudarlles a fortalecer o Estado de benestar, blindar os servizos públicos e reactivar a economía.

É dicir, o 11 de marzo de 2020 a Organización Mundial da Saúde elevou a situación de emerxencia de saúde pública ocasionada pola covid-19 á categoría de pandemia internacional e só tres meses despois no Consello Europeo, co liderado de Pedro Sánchez, acordaron o maior instrumento financeiro, mutualizando a débeda e garantindo unha resposta europea coordinada para facer fronte ás consecuencias sanitarias, económicas e sociais da pandemia.

Este acordo europeo —un acordo socialdemócrata— é unha emenda á totalidade á resposta neoliberal dada polos populares durante a crise financeira. Esta resposta supuxera a estigmatización dos países do sur de Europa, entre os que se atopa España, con políticas neoliberais de recortes que deprimiron a economía e con políticas de desmantelamento do Estado de benestar en sanidade, en educación, en servizos sociais e vivenda e que aínda hoxe estamos a sufrir as súas consecuencias. Un fracaso que nos levou a sufrir esa etapa de gran recesión, que cos recortes do Partido Popular no Estado e tamén en Galicia provocou moita dor social, deixando persoas e empresas na cuneta que no ano 2018 aínda non se recuperaran.

Políticas neoliberais que incrementaron o desemprego e recortaron a protección aos desempregados. Políticas que non implementaron nin unha soa medida para que as empresas, as pemes e as persoas autónomas tivesen recursos para non ter que abandonar a súa actividade, abocando moitas delas ao peche da súa actividade e dos seus negocios. Políticas de recortes que non axudaron os fogares máis vulnerables para evitar esa situación de pobreza ou de exclusión social, sabendo que a infancia era a que máis estaba a sufrir esta situación e estes recortes. E políticas que incrementaron a débeda pública.

Pois, señores e señoras do Partido Popular, fronte a ese neoliberalismo dos populares, hoxe en Europa hai máis socialdemocracia e máis socialismo. E as políticas socialdemócratas aplicadas dende o ano 2020 están sendo esa oportunidade histórica para acadar a transición ecolóxica, a transformación dixital, a cohesión social e territorial e a igualdade de xénero.



Esa oportunidade histórica para reindustrializar o noso país, para mudar o noso modelo produtivo cun claro compromiso reformista. Coas reformas medulares que xa están impactando moi positivamente na nosa economía; que xa están impactando moi positivamente na economía dos fogares e que están mantendo e mellorando o noso sistema de benestar.

¿E cal foi o posicionamento do Partido Popular de Casado, de Feijóo ou de Rueda ante esta oportunidade histórica? Acudir a Bruxelas para que estes fondos non chegasen a España; acudir a Bruxelas falar mal do noso país para poñer en dúbida a solvencia do noso país e das nosas institucións públicas. Votar en contra do Plan nacional español para que estes máis de cento sesenta mil millóns de euros nunca chegasen a España e, polo tanto, tampouco chegasen a Galicia. E Rueda, o señor presidente da Xunta de Galicia, tamén intentou acudir a Bruxelas neste mesmo sentido, pero non o recibiron nin sequera os do seu propio partido.

Tamén votaron en contra de cada un dos investimentos e de cada unha das reformas necesarias para cumprir cos fitos contemplados no Plan de recuperación, transformación e resiliencia para que os fondos fosen chegando ao noso país. Recórdolles que España é o país da Unión Europea que mellor e máis rápido está cumprindo: cento vinte e un fitos xa cumpridos, máis de trinta e sete mil millóns de euros xa recibidos en tres pagamentos. E o pasado 6 de xuño o Consello de Ministros aprobou a addenda que vai permitir mobilizar noventa e catro mil millóns de euros, a totalidade das transferencias non reembolsables e préstamos asignados a España, así como os fondos do programa REPowerEU.

Vou facer miñas as palabras que empregou a señora Arias hoxe pola mañá noutra iniciativa. Vostedes, o Partido Popular, sempre que teñen que elixir entre mellorar a vida da cidadanía e o seu partido, elixen Partido Popular. Vostedes cada vez que teñen que elixir implementar medidas para reactivar a economía votan en contra, porque para vostedes canto peor sexa para España mellor para o Partido Popular. Vostedes cada vez que o Goberno do Estado leva medidas para mellorar a situación dos fogares votan en contra, porque vostedes poñen o seu partido por riba dos intereses das persoas.

Vostedes traballan en contra de Galicia cada vez que votan en contra dos fondos Next Generation; cada vez que votan en contra das axudas a pemes, a empresas e a autónomos; cada vez que votan en contra da reforma laboral, que votan en contra do ingreso mínimo vital ou que votan en contra do incremento nun 8,5 por cento das pensións públicas.

Vostedes poñen o Partido Popular por riba dos intereses dos galegos e das galegas, así que para o PSdG, sobre compromiso cos homes e coas mulleres do noso país, leccións por parte do Partido Popular, ningunha. ¡Absolutamente ningunha! (*Aplausos.*) Os socialistas poñemos as persoas no centro das políticas públicas, con políticas que axudan familias e empresas a afrontar as dificultades para non ter que pechar as súas empresas. Os socialistas poñemos as persoas no centro con políticas para evitar a exclusión social. Os socialistas poñemos as persoas no centro das políticas públicas con políticas para reducir os prezos que nos levan a ser un dos países con menor incremento do IPC. Ou con políticas para aprobar medidas que axuden a baixar os prezos dos combustibles, dos produtos de primeira necesidade ou a baixar os prezos da electricidade.



Vostedes, señores e señoras do Partido Popular, serán recordados polo enfrontamento continuo co Goberno de Pedro Sánchez; polo seu voto negativo ao progreso; pola súa oposición á transición ecolóxica, á transformación dixital e á cohesión territorial e social; e pola súa posición en contra da igualdade de xénero.

Galicia é a quinta comunidade que máis fondos recibiu ata marzo de 2023: 2.868 millóns de euros, dos que 1.276 —é dicir, a metade— van ser xestionados directamente pola Comunidade Autónoma. Galicia participa en oito dos doce PERTE postos en marcha, cun total de cento setenta e un proxectos industriais galegos que xa son beneficiados con case douscentos millóns de euros a través deses PERTE.

O Goberno do Estado xa buscou encaixe a máis dun centenar de novos proxectos galegos que poderán optar a financiamento a través da nova addenda. Dos 1.276 millóns de euros de fondos xestionados directamente pola Comunidade Autónoma, o presidente da Xunta de Galicia anunciou o 23 de febreiro, despois da reunión do Consello da Xunta de Galicia, que Galicia mobilizara xa o cen por cento dos fondos europeos recibidos do Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia.

Por iso, hoxe traemos esta proposición non de lei na que pedimos que a Xunta de Galicia, facendo alarde desa transparencia da que sempre fala pero que realmente nunca cumpre, presente un documento no que se faga constar como se materializaron eses millóns de euros recibidos polo Goberno do Estado a través dos fondos de Mecanismo de recuperación, transformación e resiliencia. Que indique nese documento as formas de acceso ás achegas por parte dos beneficiarios, dos criterios de reparto...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...das resolucións e da contía prevista inicialmente e da executada.

Polo tanto, esperamos que todos os grupos desta Cámara voten a favor desta iniciativa, que o único que pide é maior transparencia á Xunta de Galicia e que diga exactamente como se materializaron estes fondos europeos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Onte, varios meses despois de que en marzo o señor Rueda fixera o ridículo co plantón que lle deu a señora von der Leyen, vimos como ía intentar remendalo un pouco a Europa o con-



selleiro de Facenda. Pero parece que foi polo mesmo camiño, porque no día de hoxe tampouco hai constancia pública de que viñese o señor Corgos de Europa conseguindo algo. Basicamente o que se deduce das declaracións públicas e da nota de prensa da Xunta é que botou unha ladaíña na Unión Europea —unha máis que se pode sumar ás que bota o Partido Popular aquí desde Galiza— e que basicamente dixo que ía levar a información.

Estaría ben que, de paso que levan a información fóra deste país, tamén remitan máis información a este Parlamento. Desde logo, despois daquel épico plantón vemos que o Partido Popular segue ocupado no ridículo. O señor Rueda xa ten que estar estes días facendo remendos no seu Goberno, porque unha vez máis decidiron desde fóra como gobernarlo, xa que el mesmo non fai goberno del.

En todo caso, indo á cuestión dos fondos europeos, nós coma sempre insistimos na nosa posición en dúas liñas. Por unha banda, seguimos a demandar máis transparencia á Xunta de Galiza. Nese sentido apoiaremos a demanda do Grupo Parlamentario socialista, á que engadimos mediante unha emenda de adición outras cuestións que esperamos que tamén se recollan. Por outra banda, insistimos en que tampouco o Goberno central está para botar foguetes. Unha vez máis non concordamos co relato autocompracente da voceira socialista e presentamos tamén unha emenda para poñerlle deberes ao Goberno central.

Desde logo, respecto á Xunta de Galiza entendemos que a transparencia segue a ser insuficiente. Polo tanto, desde o BNG, ademais de votar favorablemente a este informe que se pide, insistimos en que sería necesario avanzar en máis liñas.

Nun primeiro punto, o que facemos é pedir que de oficio se remitan a este Parlamento galego eses informes que o conselleiro Corgos explicou nesta Cámara que estaba remitindo de forma periódica ao Consello da Xunta. Polo tanto, para favorecer o traballo de seguimento dos grupos parlamentarios, igual que se nos remite a información orzamentaria de execución ou de modificacións orzamentarias con determinada periodicidade, pedimos que cada vez que se remita ese informe ao Consello da Xunta se envíe tamén a este Parlamento. Só así poderíamos avanzar un pouco en corrixir algo do tremendo escurantismo que o Grupo Parlamentario Popular e o Goberno galego mantiveron desde o minuto cero dos fondos europeos de reactivación económica e dos fondos europeos da covid.

Hai que recordar unha vez máis nesta tribuna os artigos 9 non contestados ou contestados de forma que podemos afirmar que é practicamente fraudulenta. Eu xa en varias ocasións lin algúns deles desde esta tribuna e expliquei como repetidamente copia-pegan varios párrafos nos que nos explican o que é a Unión Europea e para que serven sobre a teoría estes fondos. Despois engaden catro ou cinco liñas que podería inventar calquera desde fóra dunha Administración pública para dicir que se está impulsando algún proxecto nalgún ámbito, sen dar maior concreción e caendo nunha constante abstracción. Insistimos unha vez máis en que se son eses proxectos os que foron presentar vostedes á Moncloa ou á Unión Europea é bastante lóxico que Galiza vaia perdendo posicións, porque son unha absoluta trapallada.

Outro gran antecedente que teñen en canto á transparencia é esa sociedade Impulsa, esa sociedade opaca sobre a cal se negan a contestar as preguntas que os grupos parlamentarios



fan nas correspondentes comisións deste Parlamento. Ademais, hai que recordar unha vez máis que é de maioría privada, liderada por Abanca. Esa entidade escurantista coñece, sabe e —o peor— decide máis sobre os fondos europeos que o Parlamento galego que escolleron todos os galegos e galegas.

E como lles parecía pouco con iso, tamén a vicepresidencia, agora vacante, do señor Conde estivo avanzando na liña do escurantismo; xa non só no ámbito dos fondos europeos, senón agora engadindo todo o sector enerxético, anunciando unha lei que xa no proceso de transparencia pública puidemos ver como é o contrario do que se afirmaba publicamente respecto da participación pública. Pero é que por riba, aínda antes de tramitar a lei neste Parlamento, abren ata o 30 de xuño un prazo para que *las empresas del lobby eléctrico se apunten a la nueva bonanza del Grupo Popular*. Polo tanto, avanzan vostedes en escurantismo e en opacidade.

Como se todos estes antecedentes fosen poucos, tamén habería que recordar que houbo unha comisión de reactivación económica neste Parlamento. Xa non é que os grupos da oposición dixésemos que había escurantismo respecto dos proxectos europeos e cales debían ser as prioridades de Galiza, senón que incluso aquí, a sociedade civil deste país, persoas referenciais como os tres reitores das tres universidades deste país, tamén recordaron como eles non sabían nada nin foran consultados respecto dos fondos europeos. Isto é todo gravísimo e máis grave aínda é o que imos sabendo da xestión dos fondos europeos.

Noutras ocasións temos falado aquí dos informes de fiscalización dos fondos ordinarios. Creo recordar que no anterior debate falamos dos resultados dos de 2020 e das cuestións de falta de eficacia de xestión que apuntaban. Pero é que o pasado 24 de abril coñeciamos o informe do Consello de Contas respecto da primeira fiscalización do Plan de recuperación, transformación e resiliencia para o exercicio 2021-2022. Un plan que se ten que facer xa por mandato do Tribunal de Cuentas de ámbito estatal e que, basicamente, nós dá xa uns indicios de que a forma de tramitar da Xunta non está sendo a adecuada.

Polo tanto, incorporamos na nosa emenda tamén un punto para que esta cuestión sexa impulsada pola Xunta de Galiza e que, por unha vez na súa vida, o Goberno galego faga iso tan absolutamente revolucionario que sería escoitar os seus organismos autónomos e respectar e cumprir o que o Consello de Contas determina.

Eu simplemente quería recoller que este informe sinala como o Goberno galego nin sequera cumpre as súas propias leis. Tampouco é unha sorpresa todo isto. Nin sequera cumpre as lei expés que tramitou en solitario e coa coartada dos fondos europeos de nova incorporación.

Por exemplo, o informe sinala que, aínda que a Lei 9/2021 diseña unha estrutura de gobernanza, esta incúmprese; que, por exemplo, no día de hoxe non hai evidencia do seu desenvolvemento e cumprimento. Di literalmente que «durante a fiscalización non se obtivo evidencia da realización doutras funcións que lle encomenda a lei, como analizar os diferentes proxectos susceptibles de ser financiados ou levar o seguimento da execución dos plans e proxectos aprobados no marco das competencias autonómicas». É dicir, o Consello de Contas está dicindo que vostedes non están facendo o correcto nin canto á planificación nin canto á execución.





Tamén recolle que non existe o comité técnico previsto polo artigo 61, que non foi posible verificar que a planificación, a coordinación e o seguimento das actuacións incluídas acadasen o grao de desenvolvemento exixible etc. Fala tamén da planificación, de como a Xunta xustificou no documento Next Generation todo o organigrama. E sinala que na data da elaboración do presente informe non se puxeron en marcha os sistemas de monitorización e un longo etcétera. Tampouco se introduciron as medidas para corrixilo. Tamén fala de que non se aprobou o plan estratéxico de subvencións nin o plan anual de contratación etc. É, por suposto, preocupante que o Consello sinale todos estes aspectos. Polo tanto, pedimos que se corrixan.

Por outra banda, como dicía, na parte final da nosa emenda apuntamos tamén ao Estado. A nosa posición é crítica tamén co Goberno do Estado, a comezar pola centralización dos fondos. Témolo denunciado unha e outra vez. Nós apostamos pola necesidade de que haxa maior transparencia e control en todos os ámbitos, na Xunta e no Estado, pero tamén nos gustaría outro modelo desde o ámbito do Estado. Denunciamos unha e outra vez a condicionalidade neste Parlamento e tamén insistimos en que virían con estes fondos novos intentos de recentralización baixo ese subterfuxio da cogobernanza.

Polo tanto, na nosa emenda apostamos unha vez máis por iniciar as correccións neste ámbito. A mágoa é que fronte a este Goberno central o que haxa enfrente sexa unha Xunta que basicamente o que fai é ladaíñas de defender o autogoberno simplemente mandando cartas. Agora tamén indo de viaxe a Bruxelas. A ver se nunha destas deciden dende o Partido Popular facer algo con esta cuestión.

En todo caso, como xa digo, con independencia de que se acepten ou non as emendas que propoñemos incorporar, votaremos a favor da proposta que fai o Partido Socialista, porque entendemos que canta máis información se remita á Cámara, maior será a fiscalización que nós podemos facer desta cuestión.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra a señora Sanz.

**A señora SANZ ARIAS:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Trae hoxe ao debate o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia unha iniciativa relativa aos fondos europeos de recuperación. Mediante a súa proposición solicitan que se elabore un documento no que se detalle como se materializaron os 1.122 millóns de euros recibidos por Galicia ata o momento do Mecanismo europeo de recuperación, transformación e resiliencia.

Con todo o respecto para o traballo dos grupos, hoxe presentan unha iniciativa cuxo único punto é moi similar ao primeiro punto dunha moción debatida neste Pleno hai menos de





dous meses. Falamos dun tema xa debatido, dun tema xa votado, pero que vostedes volven presentar parece que simplemente co obxectivo de desviar a atención e, o que aínda é peor, lavar a cara do socialismo galego.

Fago esta afirmación porque esta iniciativa vale moito máis polo que cala que polo que di. O que cala é que a compracencia, a pasividade e a incapacidade manifesta do Partido Socialista de Galicia á hora de defender os intereses dos galegos no reparto dos fondos europeos é clamorosa. Neste sentido permítame, señora Rumbo, que lle faga algunhas matizacións.

En primeiro lugar, nas súas intervencións sempre pretende dar a crer que se trata de fondos do señor Sánchez. E non, señoría. Non estamos a falar de fondos procedentes do Goberno central, senón que estamos falando de fondos procedentes da Unión Europea para a recuperación dos estados tras a pandemia da covid. Fondos que lamentablemente xestiona Sánchez, pero que proceden de Europa. Fondos europeos que lamentablemente bloquea Sánchez pero que, como acontece no resto dos países, deberían estar sendo aproveitados polas nosas empresas, polos nosos cidadáns e polas nosas familias cunha intensidade maior.

En segundo lugar, quería lembrarlles que boa parte destes fondos están asignándose con falta de transparencia e sen respectar a cogobernanza que prometeron e que demandamos tanto as comunidades autónomas, como as entidades locais e a propia Unión Europea. Señorías, é que incluso tiveron que vir a España os homes de negro fiscalizar sobre o terreo a situación ante as dúbidas que estaba xerando a xestión sanchista destes fondos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Literalmente, e en palabras da xefa da delegación, a presidenta da Comisión de Control Orzamentario Mónica Hohlmeier, querían ver cos seus propios ollos o que se estaba facendo con este novo instrumento a nivel nacional para protexer os intereses financeiros da Unión Europea.

O que atoparon é o de sempre con Sánchez: que non tiveron posibilidade de seguir o rastro do diñeiro desde que se adxudica ata que chega ao seu destino final. Atoparon falta de claridade na información. A maiores, os representantes desta comisión pediron un control estrito dos fondos pero, paralelamente, instaron a que España traballe na simplificación da burocracia, que cualificaron como moi farragosa. Unha simplificación administrativa que permitiría que os fondos chegasen dun xeito máis áxil e directo, especialmente ás pemes e autónomos, que teñen moitos problemas de accesibilidade a estes fondos.

Finalmente, fixeron un chamamento para que se mellore a colaboración entre o Goberno e as comunidades autónomas, para que profunden o diálogo e consigan que este instrumento sexa un éxito. En definitiva, a comisión demandou o mesmo que vén demandando o Grupo Popular desde que se aprobou este instrumento: maior transparencia, maior axilidade, simplificación da burocracia e unha cogobernanza real coas comunidades autónomas.

En terceiro lugar, e na mesma liña de falta de diálogo e cogobernanza, lembremos o xeito en que aprobou o Consello de Ministros a semana pasada a addenda aos fondos e as reformas que leva aparelladas. Unha vez máis, o Goberno tramitou esta addenda de costas ás comunidades autónomas, con medidas sen consensuar, á présa e correndo e sobre a que tivemos coñecemento pola prensa.



Pero é que a maiores adoptan estas medidas en plena campaña electoral. Coa addenda, vos-  
tedes impoñen dezaeito reformas adicionais ás xa pactadas con Bruxelas, que non se sabe  
que goberno terá que implantalas. Este proceder deixará en herdanza ao futuro executivo  
un plan xa pactado coa Unión Europea. E á pregunta realizada á ministra sobre a marxe que  
terá o novo executivo para poder cambiar algún compromiso, a señora Calviño non quixo  
dar ningunha resposta.

Señorías do Grupo Socialista, non é un xeito serio de traballar. Simplemente trátase dun  
xeito electoralista, posto que España tiña de prazo ata o 31 de agosto para presentar a ad-  
denda e para presentar as reformas, pero vostedes tiñan présa en facelo canto antes como  
gancho electoral. Como proba disto podo citar, por exemplo, unha noticia que liamos nos  
medios esta semana. Sánchez prometeu nos mitins do 28M catro mil millóns de euros en  
materia de vivenda dun fondo europeo aínda non autorizado. Un fondo incluído agora na  
addenda, que non fora aprobado polo Consello de Ministros —nin, por tanto, remitido e au-  
torizado por Bruxelas—, pero a pesar diso xa estaba comprometido por Sánchez na anterior  
campaña electoral.

En cuarto lugar —como xa temos denunciado en numerosas ocasións e é a nosa obriga seguir  
facéndoo— o Goberno central apropiouse da xestión do cen por cento dos fondos de carácter  
industrial xestionados a través dos PERTE. Non esquezamos que estamos falando de indus-  
tria, que é unha competencia exclusiva que nos atribúe o noso Estatuto de Autonomía.

Ben, señorías, o que poden ter seguro en calquera caso é que Galicia fixo e fará os seus de-  
beres. Galicia cumpriu cando Europa demandou a presentación de proxectos industriais  
transformadores da nosa economía. Sen embargo, dos máis de corenta mil novecentos mi-  
llóns de euros anunciados para os PERTE, neste momento tan só se convocaron 13.668 mi-  
llóns de euros e tan só se resolveron 8.900 millóns de euros; arredor do vinte e dous por  
cento. É dicir, dos fondos dispoñibles só están adxudicados menos da cuarta parte destes.  
Son datos de resolución que no día de hoxe deixan Galicia con menos de 337 millóns de euros  
concedidos. Isto é menos do catro por cento do total resolto de PERTE neste momento. E  
frente a esta situación vostedes, o Grupo Socialista, gardan silencio.

Dicía o vicepresidente primeiro a semana pasada que a pesar das palabras da ministra, a re-  
alidade é que polo momento ningún dos grandes proxectos industriais presentados por Ga-  
licia recibiu axudas. Ningún deles ten o seu apoio.

E na mesma liña o conselleiro de Facenda en Bruxelas —que parece que os molestou a  
viaxe— declaraba antonte que estes proxectos estaban estancados. Dicía o señor Corgos que  
o que o preocupa é que non se trata dun problema de falta de diñeiro; o que o preocupa é  
que non son capaces de asignar aos proxectos da nosa comunidade autónoma ese diñeiro e  
non entende por que. Falamos de Stellantis, de Resonac, de Sentury Tire e de todos aqueles  
proxectos transformadores que seguen sen formar parte da asignación aos fondos Next Ge-  
neration.

Falamos do proxecto de Altri, sobre o que había un compromiso acadado hai máis de dez  
meses entre o presidente do Goberno de España, o señor Sánchez, e o presidente Rueda para



que tivese cabida nalgún PERTE; parece que, polo de agora, este compromiso non se cumpre. Referíndose a este proxecto en concreto, dicía a señora Calviño a semana pasada que non se podía convocar un PERTE específico ou que non se podía dar a asignación directa de fondos a un proxecto.

¿E cal parece ser o problema destes proxectos? Pois que son proxectos en Galicia, señorías. Porque o PSOE non actúa así noutros territorios. ¿Como é posible que se lles dean axudas directas a Valencia, a Cataluña, a Extremadura...? ¿Ou que se comprometan —antes de convocalo— axudas do PERTE de descarbonización a unha empresa asturiana antes de convocalo? Curiosamente, trátase na súa maioría de comunidades gobernadas ata o de agora polos socialistas. O que parece é que se utilizaron estas axudas como gancho electoral, pero tamén parece que o resultado non lles saíu como esperaban.

En calquera caso, a pregunta é: ¿pódese ou non dar axudas directas a proxectos? Eu quero que quede claro que desde este grupo parlamentario non estamos en contra en absoluto de que outras comunidades obteñan fondos, porque hai fondos suficientes para todas. O que pedimos é un trato xusto e igualitario, competir en igualdade de condicións con outros territorios.

Por último —e xa respecto á súa iniciativa, señora Rumbo— o compromiso de transparencia da Xunta de Galicia coa asignación de fondos de recuperación, como non podía ser doutro xeito, é absoluto. Con ese obxectivo de transparencia, o Goberno galego vén informando periodicamente da execución dos fondos europeos. Desde xuño de 2022 o Executivo xa levou ao Consello da Xunta seis informes, tanto de execución como de programación de fondos comunitarios. Informes que pediu o seu grupo polo artigo 9 e xa lle foron remitidos todos excepto o último, o máis recente, que se lle remitirá. Pero, en calquera caso, cun mínimo de esforzo pola súa parte xa o pode consultar na páxina web oficial da Xunta de Galicia ou, se non, pásollo eu, que o teño aquí diante. Así que transparencia e rendición de contas máximas. Xa nos gustaría atopar informes similares por parte do seu Goberno.

Así mesmo, tanto a directora xeral de Planificación e Orzamentos, como o director xeral de Cohesión e Fondos Europeos e como o propio conselleiro de Facenda, compareceron neste Parlamento para responder preguntas ao ser interpelados sobre a execución deste instrumento e voltarán a facelo cantas veces sexa necesario.

A Xunta de Galicia adquiriu o compromiso de elaborar trimestralmente un informe de execución dos fondos Next Generation, o primeiro dos cales foi aprobado polo Consello da Xunta o pasado 13 de abril e xa está dispoñible para a sociedade. Recomendolle que lea o informe se non o fixo, porque lle dará moita información que demanda na súa iniciativa sobre o destino dos fondos executados pola Comunidade Autónoma, número e tipoloxía de beneficiarios, importes, descrición dos contratos e das convocatorias das axudas, así como dos resultados acadados.

Tamén nese informe se recollen unha serie de conclusións sobre as que lle vou trasladar as máis relevantes. Primeiro, na data de peche de informe o tesouro da Comunidade Autónoma recibira 1.138 millóns de euros; o corenta por cento recibido nos últimos meses. A pesar dese



atraso inxustificado na percepción dos fondos e da escasa marxe temporal, Galicia cumpre cun nivel de execución moi notable. O Goberno galego foi quen de mobilizar o cen por cento dos fondos recibidos, de incorporar dúas terceiras partes a convocatorias publicadas e de facer chegar xa aos destinatarios a metade destas convocatorias.

En segundo lugar, na data de peche do informe as comunidades autónomas recibiran o trinta e un por cento dos fondos do plan, moi lonxe da porcentaxe comprometida polo Goberno, que sería do cincuenta e catro por cento para as comunidades autónomas.

En terceiro lugar, Galicia recibiu o 5,9 por cento total dos fondos destinados ás comunidades. Neste sentido, o Goberno central non está a facer unha distribución cohesionadora dos recursos do plan. As comunidades máis beneficiadas son as de PIB per cápita máis alto. Galicia, polo contrario, é unha das seis comunidades autónomas que se atopa por debaixo do que lle correspondería polo seu PIB per cápita. Señorías, ás comunidades que teñen renda per cápita por debaixo da media teñen que chegarlles máis fondos, xa que son as que máis precisan unha transformación da súa economía.

Señorías do Grupo Socialista, non somos quen para dicirlles como teñen que facer o seu traballo, pero o estudo destes informes, así como a análise da BDNS ou do Rexistro de Contratos do Sector Público, daríalles toda a información que requiren nesta iniciativa. Non sei que máis información precisan, pero é paradoxal que demanden en Galicia información que xa está dispoñible e, polo contrario, non lla demanden ao Goberno de España, que non a facilita. Entre ela, os fondos e recursos que compromete para a industria pero que non están chegando á nosa industria. Remato xa.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora SANZ ARIAS:** Xa que esta iniciativa trata sobre os Fondos Europeos de Recuperación en Galicia pregaríalle, señora Rumbo, que na súa quenda de réplica nos confirmasen dunha vez se van apoiar ou van seguir bloqueando a candidatura galega de proxectos tan relevantes como Stellantis en Vigo, Sentury Tire nas Pontes, Resonac na Coruña, Forestal del Atlántico en Mugardos ou Altri en Palas de Rei. ¿Si ou non? ¿Apoiar ou bloquear? Por favor, abandonen dunha vez esa actitude contra Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Grazas, señor presidente.

Señora Arias, os fondos da Unión Europea non son os fondos de Sánchez; en ningún momento o dixeran. Pero o que si é certo, e é constatable, é que se non fose polo noso presidente do Goberno, o señor Sánchez, que acudiu inmediatamente a Bruxelas para poder conseguir estes fondos, non serían acadados. E se non fose, a pesar do voto en contra do Partido Po-



pular, por ese instrumento a través do que chegan os fondos Next Generation, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, non chegarían máis de cento sesenta mil millóns de euros a España e, polo tanto, tampouco a Galicia. E vostedes non estarían aquí reivindicando nada, porque vostedes cando tiveron que xestionar unha crise nada buscaron, nada acadaron e o único que queda no seu haber son recortes e austericidio (*Aplausos.*) Así que clases do Partido Popular ningunha. ¡Absolutamente ningunha!

Señora Arias, vir ao Parlamento dar conta e contestar é a súa obriga; non está facendo nada excepcional. Para iso están no Goberno da Xunta de Galicia.

A que parece que non leu o informe do Consello de Contas, perdoe que llo diga, é vostede. Porque mire, ao señor Corgos o que lle debería de preocupar era executar correctamente eses fondos. E ¿sabe que di o informe do Consello de Contas? ¿Quere que llo diga? Pois que os fondos xestionados pola Xunta de Galicia adolecen de falla de planificación, falla de seguimento, falla de transparencia e de rendición de contas.

Así que tomen vostedes nota, díganllo ao Goberno da Xunta de Galicia, e que execute correctamente, o que non está a facer, en vez de estar confrontando continuamente cun goberno do Estado que si está executando. España é o país da Unión Europea que máis, mellor e máis rápido está cumprindo: trinta e sete mil millóns de euros que xa foron recibidos e cento vinte e un fitos xa cumpridos. Polo tanto, señora Arias, vostedes clases a ninguén.

Como lle comentaba antes, fronte a esas políticas austericidas do Partido Popular, tanto no Estado como na Xunta de Galicia mentres estivo gobernando Feijóo, para xestionar esa gran recesión debida á crise financeira o Goberno encabezado por Pedro Sánchez —gústelle ou non lle guste—, o sanchismo, aprobou a reforma laboral. E, ¿sabe que supuxo esa reforma laboral, señora Arias? Pois tres millóns de contratos indefinidos dende a súa aprobación; que a temporalidade baixase ata o catorce por cento; que un de cada catro empregos creados o sexa en sectores de alto valor engadido; que haxa 2,39 persoas afiliadas por cada pensionista —é dicir, en máximos históricos—; ou que a taxa de desemprego xuvenil está en mínimos históricos.

Por certo, ¿que anuncia o señor Feijóo? Que se chega —que non vai chegar— á presidencia do Goberno vai derrogar esta reforma laboral. Tivo que saír o propio presidente da COE, o señor Garamendi, e os secretarios xerais da UXT e de Comisións Obreiras advertirlle sobre o risco de derrogar esta reforma que tan bos resultados está acadando. (*Aplausos.*)

¿Que pretende o señor Feijóo? ¿Volver á reforma laboral do señor Mariano Rajoy? ¿É dicir, voltar á precariedade laboral? Pois díganllo aos españois, porque esa é a proposta dese que pretende ser presidente de todos e de todas.

Señora Sanz, fronte ao abandono das persoas traballadoras coas políticas austericidas do Partido Popular, Galicia recibiu xa do Goberno de Pedro Sánchez douscentos corenta millóns de euros para políticas activas de emprego, escolas taller, casas de oficio ou talleres de emprego. E, ¿sabe que fai o Goberno da Xunta de Galicia? Non executalos. Galicia recibiu do Goberno de Pedro Sánchez máis de sesenta e cinco millóns de euros para políticas de vi-





venda e para o bono Alugueiro xove e a Xunta de Galicia, ¿sabe que fai? Non é capaz de executalos. Tamén se creou o ingreso mínimo vital, que beneficiou máis de setenta mil galegos e galegas.

E tamén coas políticas, con ese sanchismo, se aprobou a reforma das pensións, que supón un incremento dun 8,5 por cento e a aprobación por lei para que estas teñan un incremento no futuro que vaia vinculado ao incremento do IPC. Unha reforma que foi avaliada pola Comisión Europea e que supón que os case setecentos mil pensionistas galegos e galegas estean recibindo xa unha media de cen euros ao mes máis. ¡Cen euros ao mes máis! Ou dígollo doutra maneira: mil douscentos euros máis ao ano. E ¿que votou o Partido Popular? En contra. E ¿que votou o Bloque Nacionalista Galego? En contra. Pois deberán vostedes mirarles á cara a cada un destes pensionistas e explicarlles por que votaron en contra. Fronte a este voto en contra, o que aprobou Mariano Rajoy cando era presidente do Estado era un 0,25 por cento; é dicir catro euros de incremento fronte aos cen dese sanchismo que vostedes queren derrogar.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** Por último, señora Sanz, as medidas implementadas polo Goberno de Pedro Sánchez colocaron o noso país como un dos países con menor incremento nos prezos. Miren os datos de hoxe de Ineco, ademais datos oficiais: a taxa de variación anual do IPC no mes de maio sitúanos no 3,2 por cento, nove décimas por baixo da rexistrada en abril, case a metade que para o conxunto da zona euro...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas, señora Rodríguez Rumbo.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** ...e a taxa anual de inflación subxacente diminuíu en cinco décimas, o que nos sitúa na terceira economía da zona euro co IPC máis baixo.

Os últimos datos publicados pola OCDE elevan as previsións de crecemento do noso país para 2023 do 1,7 ao 2,1, é dicir, catro décimas máis; e para 2024 de 1,7 a 1,9, é dicir, dúas décimas por riba, o que avalía as proxeccións feitas polo Goberno do Estado e sitúa o avance económico de España á cabeza da zona euro.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Moitas grazas.

**A señora RODRÍGUEZ RUMBO:** É dicir, España crecerá máis do dobre que o conxunto da zona euro para este ano.

E permítame soamente unha cousa, señora presidenta. Conclúe que, fronte ao informe desafiante no contexto de agresión de Rusia contra Ucraína, a economía española resistiu...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Rematou o seu tempo, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas.

*(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*





(Aplausos.)

Señora Rodríguez Rumbo, ¿acepta a emenda? (A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)

Continuamos, nese caso, coa proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para promover a dignificación do servizo de asistencia xurídica gratuíta**

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** A esta proposición de lei non se presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra don Iago Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señora presidenta.

Señorías, boa tarde.

Esta proposición non de lei non só recolle as xustas demandas de colectivos e colexios profesionais de avogacía de Galiza, senón que modestamente pretende ser una reflexión sobre a importancia do dereito da cidadanía...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Un momentíño, por favor, que non funciona o cronómetro e non lle puxen o tempo. (Pausa.)

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Igual o estragou antes a señora Rodríguez Rumbo.

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Pode ser. (Risos.)

Agora, empece de novo. Grazas.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Reitero as boas tardes e o agradecemento á Presidencia.

Dicía que esta proposición non de lei non só recolle as xustas demandas de colectivos e colexios profesionais da avogacía, senón que tamén pretende ser una reflexión sobre o dereito á tutela xudicial efectiva. Tutela xudicial efectiva, que non é outra cousa que un instrumento para defender o Estado de dereito e a protección dos dereitos das persoas; de todas as persoas.

Así, a Declaración universal de dereitos humanos ou a Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea reconece expresamente o dereito de todas as persoas, en condicións de igualdade, á defensa dos seus dereitos ante un xuíz imparcial.



A Carta europea, para garantir a efectividade deste dereito en condicións de igualdade a todas as persoas impón expresamente a obriga de establecer un sistema de asistencia xurídica gratuíta para as persoas que non dispoñan de recursos dabondo. Este dereito está protexido a través de numerosas normas —tamén de carácter procesual—. Existen sistemas, como a quenda de oficio, para garantir que todas as persoas dispoñan de asesoramento técnico nos procedementos que afecten os seus dereitos e intereses.

Así, toda persoa, á marxe da súa capacidade económica, que teña que declarar como presuntamente responsable dun delito, —por exemplo, un delito contra a seguridade viaria ao circular a douscentos quince quilómetros por hora— debe comparecer asistido de avogado ou de avogada e, se non o fai voluntariamente ou se contrata un avogado ou avogada que ese día teña outro compromiso previamente asumido, asignaríaselle un de oficio. É dicir, nestes casos se existe obrigación legal de actuar asistido de avogado, e se non o fai por un designado voluntariamente, entón é cando intervén o que denominamos quenda de oficio. Esa quenda de oficio se ten recursos económicos será á custa do beneficiario e se non ten recursos económicos será á custa da xustiza gratuíta.

Esta introdución é simplemente para precisar, por unha banda, a diferenza entre quenda de oficio e xustiza gratuíta. E, despois, para deixar claro que falamos de instrumentos necesarios, que falamos de instrumentos obrigatorios; que non é unha vontade nin sequera do Estado español e nin sequera da Xunta de Galicia, senón que é unha obriga en función de declaracións e de instrumentos internacionais que obrigan a establecer este sistema.

O mantemento deste servizo en Galiza é competencia da Xunta de Galiza. A Xunta de Galiza, existindo diferentes posibilidades —somos plenamente conscientes— organízao a través de colexios profesionais. Colexios profesionais aos que se adscriben libre e voluntariamente diversos avogados e avogadas para prestar este servizo de quenda de oficio, este servizo de asistencia xurídica gratuíta.

¿Cal é a realidade na Galiza actual? A realidade é que a Xunta de Galiza é das comunidades do Estado que menos inviste en xustiza gratuíta por habitante. Un trinta por cento menos que a media do Estado, segundo os últimos datos contidos no informe do Observatorio da xustiza gratuíta: 400,09 euros por habitante, fronte aos 6 euros de media do resto do Estado. É a terceira comunidade con competencias transferidas de menor investimento e xustiza gratuíta por habitante.

Esta insuficiencia orzamentaria atinxe tanto o financiamento dos custos de infraestrutura como as denominadas indemnizacións pola actuación dos e das profesionais. Como xa indiquei, o servizo da quenda de oficio préstase por medio da estrutura organizativa dos colexios de avogacía e de procuradoría, que se fan cargo tanto do asesoramento á cidadanía para a tramitación das solicitudes de xustiza gratuíta como da xestión das propias solicitudes.

Tamén, dende os colexios é dende onde se organizan as designacións provisionais e as organizacións definitivas dos e das profesionais para os asuntos concretos; onde se mantén actualizada a relación dos profesionais e a súa capacitación específica para realizar determinadas prestacións; e, particularmente, tamén se ocupan da provisión de letrado e letrada



para a asistencia ao detido. Para isto debe existir unha dispoñibilidade permanente de persoal administrativo e de profesionais da avogacía.

As forzas e corpos de seguridade, como saben as súas señorías — polo menos algunhas das súas señorías — chaman aos xulgados e os xulgados son os que chaman ao colexio. O colexio é quen se encarga da provisión da profesional que debe asistir esa persoa temporalmente privada da liberdade.

Actualmente, o orzamento da Xunta non permite cubrir nin a metade dos custos do mantemento desta infraestrutura necesaria para a quenda de oficio e de xustiza gratuíta. Polo tanto, debe valorarse o cambio do sistema dese oito por cento sobre tanto alzado por unha cantidade en relación co expediente tramitado.

Este servizo de quenda de oficio, como dicíamos esencial, obrigatorio e competencia da Xunta de Galiza, préstase a través dos colexios profesionais de avogacía e procuradoría e execútano avogados e avogadas voluntariamente adscritos ao servizo. Un servizo de adscrición individual, que ten un compoñente evidente de responsabilidade e compromiso social, co exercicio do dereito á defensa en condicións de igualdade de todas as persoas.

Hoxe, aproximadamente un cincuenta por cento dos sete mil avogados e avogadas colexiadas como exercentes na Galiza están adscritos á quenda de oficio nas diferentes modalidades que existen. Mais este compromiso e responsabilidade non é beneficencia. Non pode servir de escusa para deixar de constatar a necesidade de actualizar os baremos e as cantidades que retribúen os servizos prestados.

As actuacións e intervencións profesionais deben ser retribuídas, aínda que non se pretenda nesta iniciativa nin actualizalas conforme ao valor de mercado, nin conforme aos baremos orientativos — hoxe, simplemente con función orientativa — aprobados polos colexios profesionais de Galiza en 2007. Nin sequera esa é a pretensión nin deste grupo parlamentar nin tampouco da avogacía. Pero si dunha maneira digna e que supoña un recoñecemento e valorización do traballo realizado.

Por iso, primeiro resulta curiosa a cualificación desa achega económica como indemnización, cando non é tal. É unha retribución a unha prestación. Semella que esa consideración de indemnización, esa consideración de compensación, realmente o que está a agochar é unha concepción paternalista e decimonónica da avogacía. Algo totalmente afastado do perfil profesional actual do avogado ou da avogada, que é un autoempregado autónomo por conta propia na súa meirande parte nos nosos días. Por tanto, falamos de retribucións e non falamos desas indemnizacións e moito menos de beneficencias.

En todo caso, si procede a revisión dos conceptos contidos nos baremos e tamén a actualización desas denominadas compensacións ou indemnizacións. O baremo actual, aprobado en 2021, non contempla numerosas e importantes actuacións, o que imaxino que implica que o eventual beneficiario desa quenda de oficio ou desa xustiza gratuíta terá que realizalas por si propio. Son tan importantes como as conciliacións nun despedimento. Son tan importantes como as reclamacións administrativas ou as reclamacións extraxudiciais, necesarias dende



2015 e imprescindibles para poder demandar unha aseguradora. Se non está orientado xurídicamente neses temas, moi probablemente poida ver prexudicada a súa acción xudicial.

Non está retribuída a intervención en pezas separadas á do preito principal, tanto de responsabilidade civil como de prisión provisional, algo que no Partido Popular imaxino que coñecen de preto.

En suma, a realidade acredita que existen numerosas omisións no baremo que deben ser corrixidas. Igualmente, e reiterando a nosa valoración e o recoñecemento que fixemos público sobre esa actualización que se experimentou en 2021, certo, a evolución do IPC fixo que ese recoñecemento implicase en 2021 unha actualización dun dezanove por cento en catro anos das contías, o que dalgunha maneira é implicitamente dicir que «as contías eran moi escasas, por iso ímolas actualizar nun dezanove por cento en catro anos.

¿Que ocorre? Que, como consecuencia da aplicación do IPC, agora esas cuantías en procedementos comúns (como pode ser un procedemento abreviado, un xuízo rápido con conformidade ou sen conformidade, un procedemento por delito leve, procedemento civil tanto ordinario como verbal, un procedemento matrimonial contencioso... é dicir, nos máis comúns) as contías que se están pagando no día de hoxe son inferiores ás contías de 2017. Por tanto, procede unha actualización tanto dos baremos e dos conceptos incluídos neles como das contías, hoxe inferiores ás que se retribuían en 2017.

A Xunta de Galiza non compensa os traballos realizados en virtude de designacións da quenda de oficio cando posteriormente se denega o beneficio de xustiza gratuíta, obrigando o profesional a iniciar máis procedementos, acotío infrutuosos, para a reclamación da compensación polos traballos realizados; traballos que foron realizados por encargo da propia Xunta de Galiza.

E, para rematar, quería insistir na necesidade da creación dun servizo de asesoramento e orientación xurídica que permita ás persoas informarse dos seus dereitos e das accións dispoñíbeis para poder defendelos ou reivindicalos. Nomeadamente, un servizo de asesoramento de orientación xurídica que ten que estar dirixido...

**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Ten que ir rematando, señor Tabarés.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...—remato xa, señora presidenta— a aquelas persoas con recursos económicos escasos ou mesmo para aquelas persoas privadas de liberdade. Estamos a falar de asesoramento en materia de divorcios; estamos a falar de asesoramento en materia de familia; estamos a falar de asesoramento en materia de despedimento; ou de accidentes de circulación e de accidentes laborais; ou incluso de permisos ou de progresións de grados a persoas privadas de liberdade.

En definitiva, o que pedimos é o recoñecemento aos profesionais que traballan para facer realidade un dereito fundamental, como é o dereito fundamental á defensa dos dereitos e liberdades das persoas. De todas as persoas.

Nada máis e grazas. (Aplausos.)



**A señora PRESIDENTA (Candía López):** Grazas.

Quenda para o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Ten a palabra dona Paloma Castro Rey.

**A señora CASTRO REY:** Grazas, presidenta.

Boa tarde a todas e a todos.

A verdade é que esta iniciativa que debatemos hoxe a min e seguro que tamén a algúns dos compañeiros e compañeiras deste hemiciclo tócanos de cerca, porque somos varios os que antes de esta andadura política nos dedicabamos ao exercicio da avogacía, ademais estando concretamente no meu caso inscrita tamén na quenda de oficio.

A pesar de que xa apuntou o voceiro do Bloque Nacionalista Galego a importancia deste dereito á xustiza gratuíta, creo que é necesario volver insistir no mesmo na miña exposición. É un dereito constitucional que constitúe un nervio central do noso sistema: o dereito a non sufrir indefensión. É inescindible a este dereito tamén o dereito á gratuidade da xustiza nos casos que estableza a lei e en todo caso para quen acredite insuficiencia de recursos para litigar.

Pois ben, o éxito desta protección propia do Estado do benestar, do Estado de dereito no que vivimos, depende unicamente de dous factores: o primeiro é a Administración competente, que no noso caso é a Xunta de Galicia, por ter esas competencias asumidas en materia de xustiza e sen prexuízo tamén desa responsabilidade superior do Estado en establecer ese marco lexislativo; e, por outra parte, tamén dos profesionais que desenvolven esta tarefa de asesoramento, xa que é esencial que estes actúen de forma dilixente e contén cunha formación axeitada.

Estes dous requisitos están relacionados e, ademais, son case un unha consecuencia do outro. En primeiro lugar, é necesario que apuntemos á competencia da Xunta. A Xunta de Galicia sempre veu este servizo como unha carga e un custo a asumir máis que como o que é realmente: unha cobertura necesaria para garantir un dereito e unha obriga que ten por lei a Administración. Iso fai que os orzamentos dedicados a este fin sexan ínfimos.

Aquí, señorías do Partido Popular, vou adiantarme e poñer o carro diante dos bois, porque xa sei que van argumentar que en Galicia se incrementou recentemente a cantidade que se dedica e que se dedica máis que noutras comunidades autónomas... E xa lles adianto que non comparto este argumento. Non o comparto, porque os datos contradín esta afirmación.

Sen poñerme a desgranar aquí polo miúdo os datos do último Observatorio da xustiza gratuíta en España —que, como sabedes (ou se non explícovolo neste momento), é o informe que analiza a situación xeral e que fai unha comparativa por comunidades autónomas—, si que é necesario facer mención a algúns datos clarificadores que desmontan o probable e posible argumento do Partido Popular.

O investimento medio en xustiza gratuíta por cidadá en España é de seis euros, sendo en Galicia de 4,9. Isto sitúanos á cola do Estado, moi por detrás de comunidades autónomas como Navarra, Asturias, País Vasco, Cataluña, Murcia, Valencia, Andalucía etc.



Dende o ano 2016, que é o ano do primeiro Observatorio, o incremento nesta partida gratuíta foi moi inferior á media nacional e moi inferior á subida do IPC. Polo tanto, esa suba do ano 2021 do 12,3 por cento —que, como dicía o voceiro do BNG, no futuro vai ser do dezanove por cento—, ao final é moi inferior comparativamente ao que se subiu progresivamente no resto das comunidades autónomas. Iso fai que Galicia sexa unha das comunidades autónomas que maior porcentaxe ten de solicitudes desestimadas. Polo tanto, menos diñeiro e máis restritivos con este dereito.

Por outra banda, é tamén a comunidade na que máis diminuíu nos últimos anos o número de avogados que prestan este servizo, pola precariedade das condicións existentes. Ademais, por outra banda isto tamén inflúe no incremento notable e progresivo —o último ano dun nove por cento— das queixas da cidadanía sobre o funcionamento deste servizo.

Falaba ao inicio da competencia do Estado na elaboración do marco lexislativo. Pois non podiamos tampouco esquecer a necesidade de actualización desta lei de xustiza gratuíta. Unha lei cos seus acertos e as súas bondades —é do ano 1996— que hai que adaptar, a pesar desa modificación de regulamento que se produciu no ano 2021 e que si que arranxou parte dos problemas. É necesario adaptala a algunhas das novas reformas lexislativas, como pode ser por exemplo a Lei orgánica 8/2021, de protección integral da infancia e da adolescencia, que establece novos dereitos para a cidadanía, como esa garda urxente de carácter xurídico ás vítimas; ou tamén a esa nova regulación de apoio a persoas con discapacidade no exercicio da súa capacidade xurídica, que debe ser complementada con ese sistema de xustiza gratuíta.

Pero a pesar desa posibilidade de mellora no marco legal, como dicía ao inicio a responsabilidade directa do funcionamento deste servizo é da Xunta de Galicia. É necesario que o Goberno galego asuma a responsabilidade de solucionar os numerosos e importantes desaxustes que existen na aplicación deste dereito, comezando polo incremento orzamentario. Este incremento orzamentario ten que permitir aboar aos profesionais da quenda de oficio unhas indemnizacións dignas, o que non sucede na actualidade.

Creo que ninguén cuestiona que un dos acertos do sistema español, a diferenza doutros dereitos comparados, é que os avogados da quenda de oficio proceden e están no mercado libre de servizos. Con acerto, non se optou por esa sorte de corpo único de adicación exclusiva que minoraría moito a calidade na prestación profesional. Sen embargo, a precariedade das retribucións da quenda de oficio segue a ser una gran asignatura pendente, o que supón unha falla total de consideración cara aos profesionais, á súa entrega e á súa dedicación.

É por iso polo que dende o Grupo Socialista entendemos como xustas as reivindicacións que se están a facer dende ese colectivo de avogados adscritos á quenda de oficio e respaldámolas. Algunhas delas están contidas nesta iniciativa que imos apoiar e outras son obxecto dunha iniciativa propia do PSdeG, que debateremos noutras ocasións.

Centrándome nas reclamacións económicas contidas nesta iniciativa, entendemos tamén necesarias a actualización e a ampliación dos módulos e das bases das compensacións pola prestación do servizo, xa que a media, segundo os datos do Observatorio, é de cento corenta euros por asunto tramitado. Isto é totalmente insuficiente, tendo en conta que se busca un





servizo de calidade e tendo en conta tamén todas as horas que eses profesionais dedican ao asesoramento, estudo do caso, reunións co cliente, asistencias ás vistas, tramitación de recurso, entre outras.

Pero é que esa non é a única eiva á que se enfrontan estes profesionais, senón que despois, se esa pretensión resulta arquivada —por exemplo no eido penal—, eses trámites previos, esas asistencias ao detido, non son aboados. Nin tampouco no caso de despois de iniciar unha tramitación dun procedemento, poñamos como exemplo unha demanda civil, que require un asesoramento previo, un estudo do caso, unha xuntanza coas testemuñas, cos clientes e o acto do xuízo. Pois se despois de todos estes trámites resulta que a solicitude é denegada porque o usuario non reúne os requisitos, a Administración non aboa todo ese traballo ao letrado, senón que ten que ser o letrado quen lle reclame este traballo ao solicitante da xustiza gratuíta ao que lle foi denegada.

O resultado diso xa o sabemos todos os que traballamos nisto; na maioría dos casos é a imposibilidade de cobrar ou, con moita sorte, cobrar despois de moitos, moitos anos. Nós entendemos que debe ser a Administración a que aboe estes honorarios ao letrado e os remita despois ao usuario que veu desestimada esa pretensión. E ¿por que? Porque ao final o que se está a desenvolver aquí é un servizo público.

Despois, en relación ao apartado da iniciativa onde se reivindica ese establecemento dun servizo de asesoramento e orientación xurídica, nós entendemos que este xa existe, porque este é o servizo de orientación xurídica que existe en todos os colexios profesionais. Pero si que é verdade que compartimos que ten que ser mellorado e que require dun maior financiamento por parte da Administración.

Para concluír, esa reivindicación da que falaban tamén na iniciativa de posta en marcha de campañas de divulgación e de coñecemento para a cidadanía dese servizo da quenda de oficio de asistencia xurídica gratuíta entendemos que é moi necesaria. É moi necesaria para que a cidadanía coñeza a existencia deste recurso no momento de crise no que nos atopamos. Tamén é necesaria porque non é raro escoitar na rúa iso de «saíulle mal porque levaba un avogado de oficio». É necesario que a cidadanía saiba que os profesionais que desempeñan este labor de servizo público son profesionais libres, están perfectamente capacitados e cumpren o seu labor de forma dilixente. Polo tanto, a cidadanía vai ter adecuadamente defendidos os seus dereitos e intereses lexítimos.

En definitiva —e xa conclúo—, dende o Grupo Socialista apoiamos a xusta reivindicación que está a facer o colectivo de avogados de oficio, porque entendemos que se atopan dentro dese mínimo exixible a uns profesionais. Ao final o que piden son unhas indemnizacións dignas, dereitos laborais básicos e un recoñecemento e visibilización das súas funcións. E esas reivindicacións xustas son un mínimo exixible para un colectivo que está a proporcionar á cidadanía un dereito básico como é o acceso á xustiza e a garantía da efectiva defensa dos dereitos de todos os sectores da poboación.

Quizais aquí o que fai falla é algo máis de sensibilidade por parte dos poderes públicos para responder de forma axeitada a quen fai accesible e efectivo este dereito.



E, sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Candia López):** Moitas grazas.

Quenda do Grupo Parlamentario Popular. Ten a palabra don Alberto Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, presidenta.

Señorías.

A verdade é que trouxeron vostedes hoxe aquí un debate que por suposto interesa ao conxunto da Cámara e a min persoalmente. Porque quen lles fala tamén foi, ou mellor dito tamén é, un letrado agora non exercente. Ademais, teño que dicir que durante toda a miña carreira profesional, dende que se me permitiu ata que deixei de exercer temporalmente, estiven adscrito á quenda de oficio. Polo tanto, como todos os que me antecederon, coñezo perfectamente cales son os problemas.

Vanme permitir que comece amosando o respecto do meu grupo parlamentario e de todo o Partido Popular de Galicia polo labor que desempeñan os letrados e os procuradores en xeral e, de maneira moi particular, por aqueles que por vocación de servizo optan por participar no turno de oficio. Sen dúbida, o seu concurso resulta esencial á hora de garantir un dos piares fundamentais de calquera estado democrático, como é o dereito á tutela xudicial efectiva.

Eu creo que a ninguén se lle escapa que a avogacía está atravesando momentos difíciles que están dando lugar a unha serie de demandas de moi distinta índole por parte dos profesionais que a ela se dedican. E debo dicir tamén que a iniciativa que hoxe se somete a debate — eu creo que de maneira evidente e, sen dúbida, casual— elude unha parte esencial desas demandas que, curiosamente, son de competencia estatal. De feito, unha parte importante desas demandas foron recollidas —hai que dicilo, despois de moitas presións por parte do colectivo profesional— no proxecto de lei orgánica do dereito á defensa. Hoxe está decaído trala precipitada convocatoria de eleccións do señor Sánchez e supoño que se deberá retomar unha vez se constitúan as novas Cortes e se recupere a actividade lexislativa.

Polo tanto, o máximo respecto para as reivindicacións deste colectivo, pero sen tampouco asumir determinados plantexamentos que se fixeron aquí —ao meu parecer de maneira un tanto alegre— solicitando, por exemplo, o recoñecemento de dereitos laborais, cando todos sabemos que estamos falando dunha profesión de carácter liberal. Unha cousa é defender os dereitos dos profesionais —que por suposto que os teñen e deben ser reivindicados— e outra é falar de dereitos laborais cando non hai evidentemente unha relación laboral que sustente os pretendidos e supostos dereitos, ¿verdade? Non parece razoable.

Centrándome nas pretensións da proposición non de lei que hoxe se nos trae eu debo dicir que xa están sendo atendidas pola Xunta de Galicia. En primeiro lugar, no que se refire ás indemnizacións polo servizo de xustiza gratuíta, están sendo atendidas a través da aplicación dos acordos alcanzados co Consello da Avogacía Galega e co Consello Galego de Procuradores no ano 2021. Vostede mesmo o recoñecía, señor Tabarés. As outras cuestións que vostede



plantexa nesta iniciativa tamén están sendo atendidas a través de distintos convenios e instrumentos que intentarei detallar a continuación.

En canto ao tema do baremo, eu creo que cómpre recordar que o acordo entre a Administración autonómica e os lexítimos representantes de avogados e procuradores se está a cumprir de xeito escrupuloso. Quero aclarar este punto, porque nós sentimos un enorme respecto por todo o colectivo que reivindica, pero os lexítimos representantes da profesión son os colexios profesionais. De feito, é o sustento esencial deses colexios e desas organizacións.

Ese acordo, que foi alcanzado no ano 2021 e que ten vixencia ata o 30 de setembro de 2025, estase cumprindo escrupulosamente, como dicía. Era un acordo, ademais, que establecía una subida das contías certamente importante: un quince por cento nos asuntos de maior volume de traballo e un cinco por cento nos de menor volume de traballo. Teño que dicir que ese acordo contempla o incremento desas cantidades conforme o IPF. O acordo si o contempla, señor Tabarés. Polo tanto, non entendo de que fala vostede cando di que hai unha perda adquisitiva por cuestión do IPF, cando está contemplada a actualización conforme ese baremo. Como resultado dese acordo, Galicia está entre as comunidades autónomas que mellor remuneran o turno de oficio. Isto é unha realidade obxectiva.

Respecto de asunción do pagamento das actuacións profesionais realizadas con posterior denegación de xustiza gratuíta, se chegado o caso, teño que dicir que tamén está contemplado no convenio subscrito con estes mesmos colectivos no ano 2022. Iso si, coa condición previa de que se produza unha tentativa de reclamación de honorarios por parte do profesional, tanto para os casos de asistencia a persoas físicas como os casos de asistencia a persoas xurídicas. Contempla dous supostos: un, cando hai, no caso das persoas físicas, unha falla de interese e non se complete a documentación, non se fagan as solicitudes ou non se aporte documentación; e, no caso das persoas xurídicas, tamén cando se acredite que hai unha falta de posibilidades económicas para asumir os custos desa defensa letrada. Polo tanto, xa está contemplado nalgúns servizos; iso si, coa previa condición de que os letrados reclamen os honorarios.

Segundo, respecto ao servizo de asesoramento e orientación ás persoas en situación de vulnerabilidade —creo que o dixo a señora Castro—, xa está sendo financiado. Podemos discutir se correctamente ou non, pero estase financiando a través de distintas ordes da Vicepresidencia Segunda polas que se facilita aos colexios ese oito por cento do custo anual das actuacións profesionais de asistencia xurídica gratuíta no ámbito colexial correspondente. Polo tanto, hai unha financiación directa para ese servizo de asesoramento e orientación a persoas en situación de vulnerabilidade.

Tamén existen outros convenios que xa contemplan campañas de divulgación, de publicidade e difusión das actividades adscritas á quenda de oficio. Falo de convenios como o que financia, por exemplo, a atención específica a vítimas de violencia de xénero ou a atención letrada para menores que sofren violencia e vulneración dos dereitos asociados á infancia. Polo tanto, vostede fala de cuestións que xa se están facendo.

A Xunta de Galicia é consciente de que a avogacía, e nomeadamente o turno de oficio, non poden permanecer alleos aos constantes cambios que se están a experimentar na sociedade



civil á que debe prestar servizo. Por iso mantén un diálogo constante —e debo dicir, fluído e frutífero— cos colexios de avogados.

Ese diálogo permitiunos, en primeiro lugar, estar entre as comunidades autónomas que mellor financian este servizo en termos comparativos reais. Porque, claro, a señora Castro xa poñía a venda antes da ferida e dicíame —tamén mencionou o señor Tabarés—: «non, é que, claro, per cápita, os termos per cápita, a comparación per cápita...» Claro, é unha comparación absolutamente inxusta; non ten en conta a litixiosidade nas distintas comunidades autónomas, nin a súa capacidade orzamentaria nin a realidade xurídica de cada unha delas. A cuestión é moi sinxela: con igualdade de procedementos, ¿estamos entre as comunidades que máis ou que menos pagamos? Con igualdade de procedementos, Galicia está entre as comunidades que mellor están financiando a quenda de oficio e a xustiza gratuíta.

En segundo lugar, ese diálogo tamén nos levou a establecer un sistema de pago trimestral do turno aos colexios; non por imposición do Goberno, senón precisamente por solicitude dos propios colexios para unha mellor organización. Sen dúbida, terían serias dificultades para atender a carga burocrática que lles suporía ter que atender este pago se fose de carácter mensual. Tamén hai que chegar aos acordos atendendo a capacidade de cada un dos organismos con que se subscriben, porque iso é o que permite saber se van ser acordos efectivos ou se se van converter en papel mollado. Polo tanto, creo que se está facendo un traballo razoable nese sentido.

Este grupo vai defender sempre a representatividade dos colexios profesionais sen que iso supoña, por suposto, renunciar a escoitar e estudar as reivindicacións dos profesionais que nos trasladan problemas reais. Somos conscientes de que hai problemas reais que necesitan unha abordaxe seria, rigorosa e afastada de tentacións electoralistas. Problemas —que escoitabamos na xuntanza que creo que mantivemos todos os grupos a semana pasada— relacionados coa conciliación da vida persoal e profesional; problemas relacionados coa dignidade da profesión e o problema de agresividade que se está dando en determinados ámbitos —non só da avogacía, pero que tamén sofren os avogados—; e tamén, os máis graves deles, problemas relacionados coas mutualidades, as aportacións dos profesionais e como iso está derivando en pensións insuficientes para garantir unha xubilación digna despois de anos de exercicio profesional.

Non son problemas de competencia autonómica pero, dende logo, creo que tamén dende aquí podemos contribuír a trasladar estas reivindicacións aos foros axeitados e estudar a viabilidade para intentar dar solucións realistas efectivas a estes problemas que —volvo dicir— todos somos conscientes de que existen no ámbito da avogacía.

Mentres, o que non imos facer é simplemente revisións de acordos sen ter en conta a opinión daquelas entidades coas que se alcanzaron eses acordos, porque —volvo repetir— son as que ostentan a representatividade da profesión. Polo tanto, parece razoable que, se hai un colexio de avogados que é o encargado precisamente de facer eses trámites, distribuír o turno de oficio e os pagamentos a cada un dos profesionais que o atenden, os acordos con eses colexios se respecten e se actualicen a través do diálogo cos propios colexios. Iso parécenos razoable.



A partir de aí, dende logo, que teñan a completa tranquilidade os meus compañeiros de que imos estudar polo miúdo e moi seriamente os problemas que nos trasladaron. Efectivamente, cremos que son os que preocupan maioritariamente e de maneira principal o conxunto da profesión. Imos intentar darlles unha solución viable a longo prazo, que é o que están demandando, se queremos ser serios na atención ás súas xustas reivindicacións.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo autor da proposición non de lei. Ten a palabra o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Grazas, señor presidente.

Señor Pazos, co mesmo ton inusual pero co mesmo ton calmado que utilizou vostede. Imos ver, momentos difíciles estaos pasando a avogacía, pero momentos difíciles tamén os están pasando os pensionistas e as pensionistas; momentos difíciles estanos pasando os doentes; todo o mundo está pasando momentos complicados. Polo tanto, iso non pode servir de excusa nin de argumento para nada. Son momentos difíciles, pero as pretensións que aquí se formulan... Incluso vostede rechamantemente nos chamou a atención por non reclamar o que reclaman outros colectivos noutras instancias. Nós presentamos a proposición non de lei sobre catro puntos e sobre eses catro puntos agradezo que se pronuncie. ¡Pero non nos rife por non reclamar máis deses catro puntos! A laboralidade da quenda de oficio parece ser que era o que sorprendentemente lle pareceu mal que non reclamásemos, ¿non? Nós reclamamos o que está nos catro puntos da nosa proposición non de lei.

O que si me parece moi interesante, e no mesmo ton que empregou vostede, é que realmente estuden, porque realmente isto non o teñen ben estudado, señor Pazos. E polo menos algunha das cousas —e dígollo con tranquilidade— que dicía non se sostén.

Vostede fala do incremento do IPC. O incremento del IPC non se aplica en 2021, non se aplica en 2022, non se aplica en 2023. No convenio ese IPC está de 2024 para 2025. Pero na avogacía da quenda de oficio e de xustiza gratuíta —como toda a cidadanía ou boa parte da cidadanía— vaise tragar o IPC dos anos anteriores, que é do que se deriva que o que se está a pagar no día de hoxe sexa inferior a 2017. O IPC non é para todas as anualidades, senón que é para 2024-2025. Mire o convenio; téñoos aquí por se o quere revisar.

De todas maneiras a min, que tamén son e serei letrado da quenda de oficio, paréceme moi rechamante que vostede —e non me quero pór petardo—, nos diga que, como hai un acordo firmado, pois non se pode mover. Home, si, hai que respectar o acordo de 2021, pero hai circunstancias excepcionais, como é o IPC derivado da guerra de Ucraína e moitas máis cousas, que fan que eses acordos de 2021 non se poidan cumprir; que sexan inxustos e debeñan ineficaces. Porque a suba nos procedementos máis ordinarios non era do quince por cento; nalgún caso chega a ser incluso do dezanove por cento. Pero esta situación do IPC xa fixo que iso resulte ineficaz. Se en 2021 se consideraba que iso era insuficiente e agora resulta que se está retribuindo diñeiro e unha débeda de valor que é inferior, haberá que revisalo e haberá



que actualízalo. De todas as maneiras —e nada dixó—, hai conceptos que non están incluídos nese baremo. Hai conceptos que son moi importantes e que non se están retribuindo.

E respecto da comparativa con outras localidades e noutros procedementos, se falamos de procedementos penais... (*Murmurios.*) Si, ¿está ben?

**O señor PRESIDENTE:** ¿Que pasou?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Que ten un problema no pé.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Que ten?

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Un tirón?

Hai un fisioterapeuta aí arriba. Temos fisioterapeuta arriba, que vaia alí un momento, se está con dor.

Perdón.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** Que non sexa nada e que se recupere.

En todo caso, e para o resto das señorías, quería dicirlles que non é certo que en todos os procedementos Galiza retribúa mellor que outras comunidades autónomas. Porque nos procedementos civís en ningún caso é así. É dicir, Cataluña, a Rioxa, Madrid, Nafarroa, Euskadi ou a Comunidade Valenciana en moitos casos retribúen os procedementos civís por riba do que se fai en Galiza.

En todo caso, reiteramos: non todas as cantidades, non todos os conceptos e non todos os traballos están retribuídos. Como dicía a señora Castro, e é certo, aquí na Galiza non só nos procedementos penais, senón tamén nos procedementos civís pasa habitualmente —habitualmente quere dicir aproximadamente en tres mil casos ao ano— que se realiza o traballo e despois ese profesional non ten dereito a cobrar.

Ese convenio que asinou a Xunta de Galiza, en primeiro lugar, non valería para o exemplo que puxo a señora Castro, que era un procedemento civil. A Xunta só se fai cargo de procedementos penais; só se fai cargo se falta sinatura, por falta de acceso á información económica ou por non achegar a documentación requirida. É dicir, non en todos os casos; só neses. E só se fai cargo despois de que o profesional designado intente previamente o cobro dos seus honorarios. É dicir, traballan nun procedemento, non se cobra, teñen que continuar perseguindo compensacións de custas ou reclamacións extraxudiciais e despois necesitarán que consten evidencias obxectivas da insuficiencia de recursos da persoa asistida.





Non é xusto para profesionais nun momento complicado —como ten boa parte da sociedade, é certo—, que están sostendo un servizo necesario e imprescindible por imposicións de tratados internacionais, que non se lles retribúa ese traballo e aínda encima que se obrigue a perseguir eses intentos de cobro.

E despois, por último e para rematar. Cando fala o señor Pazos do oito por cento, o oito por cento que se retribúe non é para asistencia e orientación; é para infraestrutura. Detéñome en explicar cal é a infraestrutura dos colexios para prestar esa quenda de oficio: a asistencia e orientación en materia de xustiza gratuíta —non xurídica en xeral; só en materia de asistencia gratuíta—, manter as listas de profesionais e manter o servizo administrativo de garda para localizar todos eses profesionais. Iso é o que se retribúe co oito por cento do tanto alzado. En ningún caso é un servizo de orientación xurídica; que non existe. Non existe ningún sufragado pola Xunta de Galiza. Algún colexio ocasionalmente manteno pagándoo os seus propios profesionais, pagándoo o propio colexio.

En materia xurídico-penitenciaria, da que eu tamén formei parte, iso págano directamente os profesionais, os desprazamentos, e o resto non se cobra. Non existe ese servizo de asistencia xurídico-técnica, xurídico-penitenciaria que reclamamos na nosa iniciativa. ¡Non existe!

Por último, eu non nego, senón que recoñezo, a lexitimidade dos profesionais —neste caso, dos profesionais da quenda de oficio— para reclamar os seus intereses. Non son dado a ensinar fotos, pero esta (*O señor Tabarés Pérez-Piñeiro amósalles unha foto aos membros da Cámara.*) é do colexio de Ourense —dígoo porque formo parte e eu estaba alí, aínda que non saio na foto—, onde por unanimidade de todos os presentes —non cabían máis, ademais dos que estabamos de pé e non saíamos— se reclamaron estas cousas e algunhas outras. Pero todo iso que está aí exposto. Aos colexios profesionais, o de Ourense e os doutras localidades, imaxino que si lles recoñecen dende este estrado lexitimidade para reclamar esas melloras na materia de quenda de oficio de xustiza gratuíta. Melloras que son aspectos tan básicos como un seguro de accidentes. Os profesionais da quenda de oficio, traballando na quenda de oficio non temos seguro de accidentes...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO:** ...e nin sequera se nos pagan os desprazamentos.

É dicir, respecto e dignidade para este colectivo que realiza un traballo que é necesario e imprescindible para a efectividade doutros dereitos e porque incluso o poñen os tratados internacionais.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, iniciativa de D<sup>a</sup> María Encarnación Amigo Díaz e seis deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para mellorar a prevención da fragilidade osteomuscular e a asistencia ás persoas que a padecen**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.



*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei os seguintes parágrafos:*

*«Promover as condutas relacionadas con hábitos saudables que reforcen as labores de prevención de patoloxías relacionadas coa fragilidade osteomuscular.*

*Ampliar o número de unidades de coordinación de fracturas para afrontar problemas derivados da fragilidade osteomuscular.*

*Comprometer, nas vindeiras dúas convocatorias, a oferta en Galicia do total das prazas habilitadas polo Goberno do Estado para Formación Sanitaria Especializada nas categorías MIR de rehabilitación, traumatoloxía e reumatoloxía, e outras especialidades que participen no proceso asistencial de pacientes con problemas de fragilidade osteomuscular.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Boas tardes.

Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Nos últimos anos España converteuse nun dos países onde máis aumentou a lonxevidade da poboación. De feito, entre as dezasete comunidades autónomas Galicia atópase nos primeiros postos deste ámbito. A nosa comunidade autónoma é a segunda por detrás de Asturias coa maior taxa de xubilados. Un de cada catro habitantes xa supera os sesenta e cinco anos e na metade das comarcas galegas a poboación de idade avanzada representa máis do trinta por cento do padrón.

É por todos coñecido que a poboación maior presenta, precisamente pola idade, máis pluri-patoloxía. Entre elas están a patoloxía musculoesquelética, que depende nunha gran parte deste factor, da idade.

Aínda que existen moitos tipos de patoloxía óseas, a osteoporose destaca por ser a máis común entre as patoloxías metabólicas óseas. Trátase dunha enfermidade crónica e progresiva que provoca que os ósos sexan máis porosos, máis fráxiles, débiles e cunha maior propensión a fracturarse ante un traumatismo mínimo. Un traumatismo de baixo impacto que un óso san podería soportar, pero que un óso osteoporótico non o soporta.

Fálase da osteoporose como unha epidemia silente, xa que non é inhabitual que a diagnose se produza coa primeira fractura. Estamos a falar dunha enfermidade asintomática na maior



parte dos casos, ata que se produce esa primeira fractura. Aínda así, en moitos casos esa fractura por fragilidade, por exemplo unha fractura vertebral, hai algúns pacientes que non teñen sintomatoloxía e entón pode pasar inadvertida.

Por iso é polo que nos atopamos ante un importante problema de saúde pública, no que a diagnose precoz é de gran importancia. Estamos falando dunha patoloxía que afecta máis de trescentos millóns de persoas en todo o mundo. En concreto, no noso país case tres millóns de persoas sofren osteoporose.

Segundo o informe Scorecard para a osteoporose en Europa, o Scope-2021, a prevalencia da osteoporose na poboación española ascendía no ano 2019 a un 5,4 por cento. Falamos de que o 22,5 por cento das mulleres e o 6,8 por cento dos homes maiores de cincuenta anos teñen osteoporose no noso país.

Isto evidencia o envellecemento e o xénero como dous factores esenciais no estudo desta patoloxía. De feito, estamos a falar dunha das enfermidades que afecta máis persoas a medida que envellecen, e tamén que ten unha prevalencia maior no xénero feminino.

No noso país, as fracturas por fragilidade son a cuarta enfermidade crónica de maior impacto. O Informe Scope-2021 que mencionaba anteriormente destaca que en España espérase un aumento ao redor ao trinta por cento no número de fracturas por fragilidade para o ano 2034, alcanzando os trescentos setenta mil casos. Outros estudos revelan cifras máis alarmantes, sostendo que este incremento do trinta por cento no número de fracturas por fragilidade poderíase adiantar ao ano 2030.

A maior parte destas fracturas por fragilidade son dolorosas e soen vir acompañadas dunha redución da mobilidade das persoas que as sofren e, con frecuencia, dun maior grao de dependencia, marcando un antes e un despois na vida e na autonomía destes pacientes. De feito, as fracturas osteoporóticas son máis discapacitantes que enfermidades como o Parkinson ou algúns tipos de cancro.

A osteoporose non provoca síntomas ata que non se produce esa primeira fractura por fragilidade e é importante remarcar que nese momento a enfermidade xa pode estar moi avanzada e derivar en graves consecuencias, incluída unha maior mortalidade. Esta primeira fractura osteoporótica diagnosticada é só a punta do iceberg dunha enfermidade crónica que require un seguimento permanente durante o resto da vida de cada paciente que a padece.

Unha das principais preocupacións dos profesionais sanitarios é a falta de información existente ao redor dos riscos de fractura entre a poboación xeral. O escaso coñecemento da osteoporose como factor de risco de fracturas leva consigo que catro de cada cinco pacientes non relacionen a súa fractura coa enfermidade osteoporótica.

As fracturas por fragilidade máis comúns son as de cadeira, as de columna vertebral e de úmero. Delas, as fracturas de cadeira son as máis graves e as que supoñen unha carga clínica, social e económica maior. Son dolorosas e requiren hospitalización e intervención cirúrxica, presentando unha alta morbimortalidade. De feito, ata o vinte por cento dos pacientes mo-



rren no primeiro ano despois desa fractura de cadeira e, ademais, un ano despois dunha fractura de cadeira a maioría dos pacientes non son capaces de levar a cabo actividades cotiás e non volven recuperar a autonomía plena. Só un de cada catro pacientes pode camiñar sen axuda un ano despois desa fractura de cadeira.

Estamos falando de que a osteoporose é unha das enfermidades máis infradiagnosticadas. O oitenta por cento das persoas que tiveron polo menos unha fractura por fragilidade carece de diagnóstico. Estes pacientes non son correctamente identificados e, polo tanto, non reciben ese diagnóstico nin ese manexo posterior que deberían recibir.

Máis da metade das mulleres con alto risco de fractura non son tratadas, a pesar das consecuencias persoais que pode supor para a súa saúde, o impacto adicional familiar en coi-dadores e o custo na abordaxe destas fracturas.

Señorías, estamos falando de que no noso país tres de cada catro pacientes que sufriron unha fractura por fragilidade, non reciben un tratamento de prevención para evitar posteriores fracturas.

Non podemos esquecer tampouco a escoita activa aos pacientes con osteoporose, que é esencial para garantir unha asistencia sanitaria adecuada en función das súas necesidades e expectativas. Hai un estudo, o informe Roteiro asistencial do paciente con osteoporose, que analiza o roteiro asistencial destes pacientes no noso país e avalía o impacto da pandemia. Todo isto desde a perspectiva do propio paciente. Os pacientes destacan que a osteoporose afectou de forma negativa a súa calidade de vida, non só limitando a súa actividade física e mobilidade (pois algúns requiren apoio físico ou a axuda de familiares ou de persoal externo no seu día a día), senón que tamén influíu e condicionou o seu estado emocional.

Outro aspecto importante para ter en conta é que a osteoporose asociouse en ocasións ao simple proceso do envellecemento, sen considerar ese aspecto que ten de patoloxía crónica, que pode en moitas ocasións nas fases máis avanzadas da enfermidade supor graves problemas de saúde e de dependencia que afectan de forma diferencial as mulleres.

Afortunadamente, nos últimos anos púidose evidenciar certa sensibilidade política ao redor da osteoporose no noso país. Mostra diso é abordaxe desta patoloxía que fixeron algunhas estratexias nacionais de saúde. Falo, por exemplo, da Estratexia en enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas do Sistema Nacional de Saúde do ano 2013, como tamén da Estratexia de promoción da saúde e prevención no Sistema Nacional de Saúde de 2014, que afondan na importancia de reducir o risco de sufrir osteoporose. No marco da segunda, elaborouse en 2014 un documento de consenso sobre a prevención de fragilidade e caídas na persoa maior. Unha proposta co obxectivo claro de promover a detección e a intervención sobre a fragilidade e o risco de caídas na poboación maior, como ferramenta para atrasar ou evitar a deterioración funcional, así como para impulsar a saúde nas persoas maiores de setenta anos.

A comunicación entre a atención primaria e a atención especializada para o seguimento e tratamento das fracturas por fragilidade e da súa enfermidade subxacente, a osteoporose grave, resulta esencial para axilizar e contribuír á mellora da calidade asistencial do paciente.



Os profesionais da atención primaria desenvolven un papel clave para a atención temperá de potenciais pacientes con alto risco de sufrir fracturas por fragilidade ou novos episodios tras esa primeira fractura.

A abordaxe do paciente que sufriu esa primeira fractura require dun equipo multidisciplinario que estea integrado polas distintas especialidades que forman parte directa ou indirectamente e que interveñen no proceso asistencial deste tipo de pacientes. Deben estar representados tanto médicos da primaria como reumatólogos, traumatólogos, xeriatras, internistas, endocrinólogos, rehabilitadores, así como enfermería e fisioterapeutas.

É por isto polo que unha patoloxía crónica infradiagnosticada como da que estamos a falar precisa, tanto para mellorar o seu diagnóstico precoz como o seu tratamento unha vez diagnosticada, unha atención especial cun proceso asistencial integrado, que é unha ferramenta cuxo propósito é aumentar a efectividade das actuacións clínicas a través dunha maior coordinación e garantía de continuidade asistencial. Os procesos asistenciais integrados sitúan o paciente como eixo central da organización asistencial.

Como conclusión de todo o que acabo de expoñer, desde o Grupo Parlamentario Popular presentamos esta proposición non de lei en pleno: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a realizar un proceso asistencial integrado da abordaxe da fragilidade osteomuscular que homoxenice a asistencia e prevención deste proceso integrando accións en atención primaria e atención hospitalaria, rehabilitación, reuma, trauma, entre outras especialidades para estandarizar os cuidados destas persoas, tendo en conta as necesidades específicas que ten cada unha delas para a súa prevención e o seu tratamento.» Eu espero ter un acordo unánime de toda a Cámara, tendo en conta a importancia no enfoque que busca esta iniciativa para a mellora na prevención, a diagnose precoz e o tratamento desta patoloxía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista. Ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e todos.

Señora Amigo, presenta vostede unha cuestión dende o punto evidentemente máis clínico; é a súa perspectiva máis habitual. Ademais, é un tema que vostede dende o punto de vista clínico coñece perfectamente e que ten que ver cunha cuestión que é de interese dentro do sistema de saúde. Podemos debater se é a cuestión máis urxente ou non, todo depende sempre do punto de vista, pero ten o seu interese.

É unha cuestión de relevancia pola súa afectación. Eu non vou entrar xa máis nos criterios clínicos que vostede expuxo aquí e que evidentemente amosan a importancia que ten.



Si quero destacar novamente, vostede tamén o fixo, a importancia de ser unha enfermidade moi feminizada no termo da súa afectación. Isto debería levarnos a pensar que necesitamos poñer un foco máis, especialmente na saúde que afecta especialmente as mulleres.

En todo caso, creo que é unha cuestión que ten a súa relevancia e citou vostede dalgunhas estratexias nacionais de hai uns anos. Supoño que non foi con mala intención que se esquecese da do ano 2021, que é a máis nova que existe e que é a validada por todos os profesionais e as comunidades autónomas. Non vou entender que citou a do Goberno anterior, que estaba ben, pero sempre imos ir ás mellores e incluso á Guía de práctica clínica sobre osteoporose que se editou en 2019 tamén a partir do traballo do Sistema Nacional de Saúde, conxuntamente o Ministerio e as comunidades autónomas.

Polo tanto, cremos que hai un traballo feito e que está ben que se desenvolva. Esta iniciativa non é máis ca un recoñecemento de que non estaba Galicia á altura ou ao nivel que se demanda.

Eu non vou ler a iniciativa novamente, pero se vostedes a quixeren ler verán que é unha iniciativa que —permítanme a estas alturas do día— cita «un sistema integral para unha atención integrada que permita integrar o sistema para as afectacións máis específicas e que planifique en xeral para tratar con particularidade». Ou algunha cousa parecida. Lembroume a Serrat cando dicía aquilo de: «establecer un marco preventivo para ter as consideracións comúns que elaboren un protocolo sistémico...» E citaba así durante un minuto nunha preciosa canción. Ao final é pouco concreto. Está ben. Nós incluso lle fixemos unha emenda, pero non para tocar o seu texto, que está ben. Nós vémolos pouco concreto, porque fala moito de integrar que está ben, tendo en conta que vostedes son máis de derivar —á privada, sobre todo—. Pero fala ben, está ben; nós non lle tocamos o texto, respectamos o seu texto. Dígoos coa indirecta de que moitas veces as emendas do Partido Popular substitúen os textos dos outros grupos. Nós respectamos o seu texto, aínda que o consideramos pouco concreto.

Para solventar isto e para reforzar a iniciativa, dada a importancia que ten, presentamos unha emenda. Tecnicamente é unha emenda, pero pódena entender como tres puntos a maiores. E ten que ver basicamente con tres cuestións, máis alá dos xogos florais lingüísticos que fai a súa iniciativa, que son esenciais no tratamento desta patoloxía e de calquera outra sobre a que teñamos que traballar. Son: traballar sobre a prevención, traballar sobre a asistencia unha vez que se presenta e, como terceiro elemento, apuntalar os recursos, porque isto é importante. O demais, para nós son xogos florais.

É certo que hoxe é un día particularmente especial nos xogos florais lingüísticos sobre sanidade. Sabe vostede que o Partido Popular acaba de asinar un acordo de goberno en Valencia no que o eixo estratéxico número tres di —cito literalmente—: «sanidade e servizos sociais para mellorar a sanidade e os servizos sociais». É un eixo de goberno fantástico como programa electoral. Pero, en fin, ten o mesmo percorrido basicamente que a iniciativa que vostede presenta.

Nós imos ás cousas do concreto: prevención, asistencia e recursos. E disto vai a nosa emenda. Sobre prevención, nós cremos que necesitamos apuntar nunha dirección sobre a que se fala





moito e se fai moi pouco, que é o traballo en hábitos de vida saudables. Fálase moitísimo da prescrición de atención física, pero aínda non estamos nese punto e deberíamos estar. Como todos os estudos clínicos apuntan, a actividade física ben controlada, regular e estandarizada para cada persoa si que facilita e mellora moitísimo a capacidade de prevención ante patoloxías como esta. Por tanto, necesitamos profundizar niso, algo do que este Goberno fala moito pero desenvolve moi poucas accións concretas. Por iso nós imos a iso.

Basicamente iso é saúde comunitaria. Mire vostede como teñen a primaria, como para pedir que fagamos saúde comunitaria. Por tanto, imos necesitar máis recursos para que a prevención sexa a nosa primeira arma. Como todo o que necesitamos afrontar en saúde, a prevención debe ser a primeira arma. Miren vostedes como teñen a atención primaria, como para pedir aos profesionais que fagan saúde comunitaria, que é o que deberían facer e é o que necesitamos que fagan para poder ter mellor capacidade preventiva fronte á osteoporose. Tamén fronte a outras patoloxías, pero neste caso sobre esta que traballa.

En segundo lugar, sobre a asistencia. Vostede citou aquí o valor impecable dos profesionais, pero necesitamos ter as estruturas para que os profesionais poidan desenvolver. Existen plataformas de pacientes asociados especificamente á osteoporose e ás patoloxías relacionadas.

A plataforma para a prevención de fracturas por osteoporose noméase especificamente, que está presentada en toda España e que ten unha análise detallada sobre algunhas estruturas sanitarias que teñen ou non teñen os hospitais públicos de España para poder afrontar esta realidade. Analizan todas as comunidades autónomas. Galicia está no podio das que peor está para isto na estrutura que o sistema define. ¿Por que? Porque demandan —insisto, os pacientes asesorados por profesionais— a necesidade de establecer unidades de coordinación de fracturas —é o nome técnico que utilizan—. Unidades que teñen outras comunidades en moito número e que Galicia ten apenas en dous dos seus hospitais. Por tanto, demandan eles —e parécenos razoable— que teñamos maior número de unidades. ¿Por que? Porque está evidenciado —traballo científico mediante, análise clínica mediante e profesionais asinando todos os estudos— que consegue reducir un bo número de fracturas pola capacidade de intervir rápido, pola capacidade de previr ou pola capacidade de diagnosticar máis rápido. Tamén é certo que ao final é máis eficiente para o sistema; todo o que se consiga previr é moito máis eficiente que o que haxa que tratar.

Polo tanto, dende todo o punto de vista asistencial e tamén de eficiencia na xestión, necesitaríamos estar mellor. Estamos no podio das tres peores comunidades autónomas de España neste sentido, como nos din os profesionais e asociacións de pacientes. Cremos, e por iso presentamos tamén esta emenda, que debemos plantexamos un obxectivo, que é mellorar ese número, dotar de máis unidades de coordinación de fracturas os hospitais públicos de Galicia. É outra cuestión concreta e nós cremos que hai que ir a cuestións concretas e non, como dicíamos, a xogos florais.

En terceiro lugar, os recursos. Aquí vou ser un pouco máis insistente. Verá, cita vostede na súa iniciativa o papel, entre outros, de profesionais, de médicos de rehabilitación, traumatoloxía ou reumatoloxía. Permítanme que lle faga unha pequena lembranza. Cabe asumir que se vostedes demandan unha mellora no sistema é porque os profesionais que temos,



sendo moi bos e traballando moi ben, necesitan máis recursos. Non quererán dicir que os profesionais son malos e teñen que mellorar eles. Eu entendo que non quere dicir iso. Nós tampouco. Por tanto, asumamos que os profesionais que existen no sistema fan todo o posible por facelo ben e fano moi ben.

Pero se queremos mellorar necesitaremos ter máis profesionais e aí poderíamos seguir coincidindo. ¿Que fai falta para ter máis profesionais? Formalos e contratalos. E aquí chega a cuestión que nós plantexamos como concreta.

Se vostede apunta rehabilitación, traumatoloxía e reumatoloxía como as tres áreas fundamentais para traballar sobre a osteoporose, eu téñolle que recordar que en rehabilitación, traumatoloxía e reumatoloxía Galicia nin sequera convocou este ano todas as prazas formativas que podía. ¡Nin sequera! Vostede vén aquí explicar que esta é unha área importantísima para o sistema e que necesitamos mellorar. Pero o seu Goberno, o Goberno que vostede apoia —vostedes, que son unha entidade única para a maior parte das cousas— non convoca todas as prazas necesarias para isto.

¿Como pode vostede demandar ter máis profesionais para ter mellor traballo e logo que o Goberno renuncie a formar as prazas? Porque non é que nunha delas non se convoquen todas; é que en ningunha desas categorías se convocan todas as prazas. ¡En ningunha! E, por certo, é algo repetido durante anos. Por tanto, ¿como pode vostede argumentar que queremos mellorar o sistema se os profesionais que están xa traballan moi ben?

Para melloralo necesitamos dotalo de máis profesionais. Isto parécenos unha cuestión lóxica, é dicir, creo que sería natural que estivésemos de acordo nisto. Pero vostedes están renunciando voluntariamente a formar profesionais. Non temos máis profesionais porque vostedes renuncian a eles. Poderíamos telos, pero vostedes renuncian a eles. Máis de cen MIR este ano renunciados nestas tres especialidades; renuncian a todas elas. Non convocan todas as prazas e nós o que lles plantexamos é que se queremos mellorar neste sentido e estamos de acordo niso, ademais dos xogos florais de palabras, vaíamos ao concreto. Poñamos máis profesionais.

Isto é o que nós defendemos. Se ningunha está convocada, que se convoquen, porque non podemos asumir que vaíamos ter unha mellor capacidade se temos os mesmos recursos. Non é posible facer máis co mesmo. E, por tanto, xa que os que están o están facendo ben, deámoslles máis recursos.

Plantexámoslle cuestións concretas a partir dunha cuestión que vostede trae, que ten o seu interese e que nós cremos que, respectando a súa iniciativa, podemos complementar e concretar, porque diso se trata: de pasar dos xogos florais ás cousas do concreto; de pasar do falar ao facer. E aquí é —como dicía a miña avoa— onde se xoga a vida o artista.

Agora vostede ten que elixir: se quere só falar, ou quere facer aceptando a nosa emenda. Súa é a vontade de demostralo.

Grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Iria Carreira.

**A señora CARREIRA PAZOS:** Moi boa e longa tarde a todos e a todas.

Lamento, señora Amigo, o eclipse mediático que vai sufrir esta iniciativa despois do anuncio do presidente Rueda, pero a verdade é que eu quixera manifestar que me resulta sorprendente a iniciativa que trasladou hoxe o Partido Popular ao Pleno do Parlamento de Galiza; unha iniciativa que se resume en instar o Goberno galego a realizar un proceso asistencial integrado para homoxeneizar a asistencia e prevención da fragilidade osteomuscular, actuando desde a atención primaria e desde a atención hospitalaria. Está ben, pero sen ningún compromiso orzamentario, sen ningún compromiso de persoal, sen ningunha medida concreta a desenvolver e sen ningún compromiso real, máis aló de que esta patoloxía sexa enfocada multidisciplinarmente e de xeito homoxéneo en todo o territorio.

E a min permítanme manifestar que me queda curiosidade se non debería ser esta maneira de traballar a maneira de enfocar calquera patoloxía sempre e en todo lugar, porque, entón, ¿o resto das patoloxías imos ter que agardar a que sexan obxecto dunha iniciativa parlamentaria para que teñan este enfoque multidisciplinar, esta coordinación entre a atención primaria e a atención hospitalaria, a que existan para que existan os estándares na atención sanitaria? Porque está ben que hoxe falemos de osteoporose, de fracturas, e non quero en ningún momento restarlle gravidade a unha patoloxía tan prevalente que afecta tanto as mulleres —sobre todo as mulleres de máis idade—, e unha patoloxía que, ademais, ten unhas consecuencias moi graves. Salientaba a señora Amigo que o 50 por cento —é dicir, a metade— das persoas que van sufrir una fractura de cadeira van estar en menos dun ano nunha situación de dependencia para as actividades máis básicas da vida diaria; esas persoas van ser dependentes para poderéanse asear por si mesmas, para poderéanse vestir por si mesmas ou para poder comer da súa man.

Temos unha poboación profundamente envellecida, coa propia fragilidade que se lle supón á idade, á que se lle suman patoloxías como a osteoporose. Hai que lembrar que unha de cada catro galegas supera xa no día de hoxe os 65 anos, e que esta porcentaxe vai seguir aumentando. E comentaba tamén a señora Amigo que a osteoporose é unha enfermidade silenciosa que moitas veces só se diagnostica cando aparecen as consecuencias, iso no caso de que se chegue a diagnosticar, e por iso se fai tan imprescindible e tan importante actuar na prevención e no diagnóstico precoz.

¿E que di a literatura científica?, ¿que din as guías de práctica clínica sobre a prevención da osteoporose? Permítanme un pequeno receso para explicar cales son os tres niveis que temos de prevención. Temos a prevención primaria; é dicir, intentar evitar que novas persoas presenten a patoloxía, que teñamos novos pacientes con osteoporose. Para iso temos que identificar poboación de risco, actuar sobre os factores modificables, como son o fomento de hábitos saudables, a supresión destes hábitos nocivos e a detección e o control das patoloxías e fármacos que facilitan o desenvolvemento da osteoporose. Temos tamén a prevención secundaria; é dicir, controlar a enfermidade, controlar a evolución que van ter eses pacientes



que xa teñen a osteoporose. E temos a prevención terciaria, que se trata de evitar as complicacións da enfermidade; neste caso, evitar as fracturas mediante, sobre todo, a prevención das caídas, e, no caso de que estas caídas e estas facturas sucedan, atender a súa rehabilitación posterior.

É dicir, se falamos de prevención, falamos de actuar sobre factores de risco, sabendo que non imos modificar a idade nin os condicionantes xenéticos; falamos de evitar tabaco e alcohol; falamos de ter unha dieta variable, variada e saudable; falamos de realizar exercicio físico regular; falamos dunha exposición solar moderada; e falamos de evitar as caídas.

¿E que é o que está a facer a Xunta de Galiza para evitar o consumo de tabaco e alcohol, para promover unha dieta variada e saudable, para fomentar o exercicio físico regular e para evitar as caídas nas persoas máis maiores?

Comezo por isto último, para a prevención das caídas é preciso un envellecemento activo. Precisamos unha estratexia de envellecemento activo para a poboación máis maior. ¿E que temos no día de hoxe?, ¿que sucede nas residencias de maiores, por exemplo? ¿Que sucede, sobre todo, nas residencias privadas ou de xestión privatizada? ¿Realízase a actividade física nestes centros? ¿Que sucede coas persoas maiores que levan un ano ou dous anos agardando por unha praza nunha residencia pública porque non teñen cartos suficientes para ingresar nunha privada? ¿Que actividade poden realizar estas persoas nas súas casas mentres agardan? ¿Que sucede coas persoas maiores que viven nas súas casas? ¿Teñen unha oportunidade de acceder a esa actividade física? ¿Contan cuns servizos, por exemplo, como son os centros de día, que resultan fundamentais en moitas ocasións para lograr esa actividade física diaria? ¿Cantos centros de día hai no noso país? ¿Ten garantido calquera persoa que o precise que vai poder acudir a un centro de día? Porque o que temos no día de hoxe é que son moitos os concellos que non contan con ningún centro de día e son moitos nos que non hai prazas suficientes para atender a demanda, e xa non falemos de centros de día públicos.

¿Que pasa co resto das persoas maiores? ¿Existe algunha medida para atender ou para mellorar a súa actividade física diaria? A Xunta de Galiza elaborou no 2016 a Estratexia galega de envellecemento activo desde a innovación 2016-2020, marco de actuación para unha vida activa, saudable independente e segura. A verdade é que o nome queda ben, pero co que nos atopamos é cunha estratexia que nunca foi avaliada e que nunca foi actualizada. E, pola contra, desde o BNG temos traído multitude de iniciativas neste sentido de procurar un envellecemento activo da poboación, de sumarlles vida aos anos, que é no que se resume todo isto, pero topando sempre co muro do Partido Popular.

E xa non falamos só de persoas maiores. ¿Que medidas existen para incentivar, para promover o exercicio físico na poboación xeral? ¿Cales son as medidas para incentivar unha dieta saudable? Hai case un ano debatemos neste Parlamento o Plan «Obesidade zero», e daquela desde o BNG trouxemos a esta Cámara unha serie de propostas de resolución que eran ambiciosas, pero que eran realistas e axustadas ao problema que se quería tratar; propostas que son importantes tamén para este caso, por exemplo: actuar sobre as inequidades socioeconómicas, porque sabemos que o nivel da renda repercute directamente sobre a cantidade e a calidade da dieta, e tamén sobre o exercicio físico que poden realizar



as persoas; atender os menús das residencias e centros de día, a súa composición nutricional, a calidade da dieta e tamén os espazos para realizar a actividade física; ver cales eran os programas en marcha para o envellecemento activo e a prevención da fragilidade; e cales son, ademais, estas actuacións que habería que desenvolver tanto de centros públicos como privados; e atender a situación da atención primaria como punto básico e de promoción da saúde, tanto pola situación de infradotación de médicas e enfermeiras, como tamén doutras profesionais que resultan indispensables como fisioterapeutas e psicólogas. Todas estas medidas serían importantes, xa non para mellorar a prevalencia da obesidade na poboación, senón tamén doutras patoloxías, como precisamente esta da que estamos falando hoxe aquí, a osteoporose. Pero todas estas medidas recibiron o voto en contra do Partido Popular.

Pero podemos seguir: ¿que está a facer no día de hoxe a Xunta de Galiza no que se refire a adicións?, ¿que programas concretos existen para desincentivar o consumo de alcohol e tabaco?, ¿que recursos se lle poden ofrecer a calquera persoa que queira deixar de fumar, que queira deixar de beber, máis aló de fármacos con máis ou menos evidencia científica, con máis ou menos eficacia demostrada? En resumidas contas: ¿cales son as medidas concretas que hai detrás desta declaración de intencións?

Porque desde o BNG o que cremos é que esta iniciativa o que vén demostrar, o que vén ser, ao final de contas, é un fogo de artifício: que pareza que fan, pero sen ningunha realidade de transporte. Reitero: non hai ningún tipo de compromiso, ningún tipo de medida real para atallar o problema da osteoporose, nin ningún dos outros problemas graves —¡gravísimos!— que ten no día de hoxe a sanidade galega e que repercuten tamén sobre estas pacientes.

Poderíamos rir, pero o conto é ben triste. Agardamos que nesta quenda que lle resta ao Partido Popular poida desenvolver se realmente contemplan algo máis que unha declaración de intencións.

Nada máis. Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Carreira.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Amigo

**A señora AMIGO DÍAZ:** Moitas grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

Señorías, estamos falando de saúde, estamos falando de osteoporose, estamos falando de melloras no sistema galego de saúde, estamos falando dunha enfermidade infradiagnosticada que ten como consecuencia a fractura, e na que unha vez que se produce esa primeira, o risco dunha segunda ou unha terceira aumenta considerablemente se non hai un tratamento de por medio. Estamos falando dunha enfermidade na que as súas consecuencias de incapacidade, dependencia e comorbilidade, teñen un peso moi importante na poboación





que a sofre, que fundamentalmente son mulleres. Diso vimos falar aquí: de mellorar a saúde nunha patoloxía que está presente fundamentalmente nas mulleres, nunha comunidade autónoma coa poboación moi envellecida, e de que isto tamén é un factor de risco.

Máis de vinte e cinco organizacións, entre sociedades científicas de xestión sanitaria, profesionais, sindicais e asociacións de pacientes, subscribiron un manifesto pola prevención das fracturas óseas. E, entre as reivindicacións, destacan a necesidade de incluír e priorizar a prevención das fracturas por fragilidade nos plans de saúde de ámbito nacional e autonómico e da importancia de implementar esas guías de práctica clínica para realizar un seguimento adecuado dos pacientes tras unha primeira fractura.

Estamos falando de coordinación, de guías de práctica clínica, para o cal o único que hai que facer é poñer de acordo os profesionais de atención primaria e de atención hospitalaria para que fagan o seguimento deste tipo de pacientes.

As previsións levadas a cabo pola Organización de Nacións Unidas sitúan a España no 2050 como o país máis envellecido do mundo, cunha porcentaxe de poboación maior de 60 anos por encima do 40 por cento. Das aproximadamente 1,8 millóns mulleres susceptibles de tratamento para osteoporose no noso país, só 556.000 delas reciben un tratamento. Se isto non lles parece importante, xa me contarán que é. Iso representa —o que lles acabo de contar— unha brecha de tratamento do 64 por cento en mulleres maiores de 50 anos.

O que nós solicitamos hoxe, señorías, con esta iniciativa, é que se aborde esta patoloxía na nosa comunidade autónoma segundo a importancia que ten, cun proceso asistencial integrado entre a primaria e a especializada, para estandarizar en todos e cada un dos centros sanitarios galegos os coidados que precisan as persoas que a sofren, mellorando —como se está afeito a facer sempre desde o Servizo Galego de Saúde— a saúde —valla a redundancia— dos nosos galegos.

Con todos os respectos, señor Torrado, en canto á súa emenda, voulle dicir por que non a podemos aceptar.

En primeiro lugar, vostede sabe —e, se non o sabe, ten a obriga e a responsabilidade de informarse— que o Goberno galego convocou todas as prazas que o Goberno central lle permite, ¡todas! É máis, eu réto a comprobar como a última oferta de formación sanitaria especializada que fixeron vostedes no Bipartito está por debaixo, é inferior, á que hoxe oferta a Xunta de Galiza. E hoxe, o Goberno galego está a formar ao mesmo nivel que formaban vostedes, porque, afortunadamente, nas especialidades que eu mencionei —tanto traumatoloxía como reumatoloxía como rehabilitación—, non hai déficit, señor Torrado.

E alí onde é necesario facer un esforzo maior a Xunta de Galicia estao a facer, incluso sen a súa axuda, señor Torrado. Tanto o PSOE como o BNG votaron nesta mesma Cámara en contra da lei que permitiu convocar por concurso de méritos nada máis e nada menos que 14 prazas de traumatoloxía nos hospitais comarcais. Ou, dito doutro modo, se fose por vostedes, estas prazas estarían vacantes.





Porque unha e outra vez cando se trata de defender a sanidade pública e de poñer en marcha medidas innovadoras para intentar paliar o principal problema do sistema público de saúde en España e en Galicia, que é a falta de médicos especialistas, vostedes votan en contra. Iso é un feito. Son os partidos do non. Ogallá que rectificquen nesta ocasión e non dean as costas a mellorar a atención das persoas que sofren enfermidades osteomusculares.

E, mire, en contra do seu voto, o que si lles podo asegurar é que o Partido Popular de Galicia desde a acción do Goberno da Xunta de Galicia vai asumir este compromiso de mellorar a saúde das persoas que sofren osteoporose. E, mire, para quen lles fala —na súa condición de médica especialista en reumatoloxía— é un orgullo e é unha convicción persoal poder defender a prevención, a diagnose precoz e a mellora do tratamento das persoas que sofren esta patoloxía tan invisible e cuns efectos secundarios tan demoledores como os que hoxe escoitamos aquí. ¡Ogallá sexa posible facelo por unanimidade!

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.



*Suspéndese a sesión ás oito e tres minutos da tarde.*



## RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

